**Orde do ___ de xuño de 2015, do conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta**

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 31, dispón que é competencia plena da Comunidade Autónoma galega o regulamento e a administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, sen prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución e nas leis orgánicas que, conforme o punto primeiro do seu artigo 81, o desenvolvan, e das facultades que lle atribúe ao Estado o artigo 149.1º.30 da Constitución.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, na redacción dada pola Lei 8/2013 do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, establece no seu artigo 6 bis 2, tanto para a etapa de primaria como para as de educación secundaria e bacharelato unha distribución de materias en tres bloques: troncais, específicas e de libre configuración autonómica. E respecto de cada un dos bloques regula competencias e funcións distintas para cada unha das administracións, a estatal e a autonómica, e para os centros docentes.

Así mesmo, na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, tanto no desenvolvemento normativo relativo á organización da educación secundaria obrigatoria como no do bacharelato, disponse que, en función da regulación e da programación da oferta educativa que estableza a Administración educativa autonómica, os alumnos e as alumnas poderán cursar materias do bloque de disciplinas de libre configuración autonómica que serán obxecto da correspondente determinación normativa.

No Real decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato, recóllese así mesmo a competencia da Administración educativa autonómica para regular a oferta de materias de libre configuración autonómica, así como para o establecemento dos contidos, os criterios e os estándares, e para a fixación do horario correspondente.

O Decreto ----/2015, do vinte e cinco de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, tanto no artigo 13.3 e 13.4 como nos artigos 30.5 e 30.6, e 31.5 e

31.6, establece a posibilidade de que a consellería con competencias en materia de educación poida ofrecer materias de libre configuración autonómica elixibles polos centros docentes no horario establecido de libre configuración.

En consecuencia, de conformidade co exposto e no uso da habilitación normativa que figura na disposición derradeira segunda do Decreto ----/2015, do vinte e cinco de xuño, como conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

ACORDO:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación*

1. Esta orde ten por obxecto establecer a relación de materias de libre configuración autonómica propostas pola consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e elixibles polo centros docentes dentro do horario de libre configuración, tanto en educación secundaria obrigatoria como en bacharelato, así como regular o seu currículo e a súa oferta.

2. Esta orde será de aplicación en todos os centros docentes dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que impartan as ensinanzas mencionadas.

Artigo 2. *Materias de libre configuración autonómica elixibles*

1. Na etapa de educación secundaria obrigatoria, as materias de libre configuración autonómica elixibles que os centros docentes poderán ofrecer, en función da dispoñibilidade dos recursos e da organización do centro, son: Paisaxe e Sustentabilidade, Educación Financeira, Investigación e Tratamento da Información, Oratoria, Programación, Promoción de Estilos de Vida Saudables e Xadrez.

2. Na etapa de bacharelato, as materias de libre configuración autonómica elixibles que os centros docentes poderán ofrecer, en función da dispoñibilidade dos recursos e da organización do centro, son: Antropoloxía, Literaturas Hispánicas, Robótica, Ética e Filosofía do Dereito, Filosofía da Ciencia e da Tecnoloxía, Métodos Estatísticos e Numéricos, Xeografía e Historia de Galicia, Patrimonio Artístico e Cultural de Galicia e Literatura Galega do Século XX e da Actualidade.

3. Os centros docentes concretarán, de ser o caso, a súa oferta de materias de libre configuración autonómica elixidas para ser impartidas dentro do horario establecido para a libre configuración do centro, oferta que formará parte do

proxecto educativo.

4. Como anexo a esta orde inclúese o currículo das materias de libre configuración autonómica relacionadas nos puntos 1 e 2 deste artigo correspondentes a cada unha das etapas.

Artigo 3. *Distribución das materias de libre configuración autonómica elixibles e carga horaria*

1. As materias de libre configuración autonómica elixibles en educación secundaria obrigatoria poderán ofrecerse en primeiro e/ou segundo curso. O alumnado poderá cursalas nun dos cursos segundo a oferta establecida polo centro docente.

2. As materias de libre configuración autonómica elixibles en educación secundaria obrigatoria terán a carga horaria dun período lectivo semanal.

3. As materias de libre configuración autonómica elixibles en bacharelato poderán ofrecerse coa distribución seguinte: Antropoloxía, Literaturas Hispánicas e Robótica, en primeiro curso; Ética e Filosofía do Dereito, Filosofía da Ciencia e da Tecnoloxía, Métodos Estatísticos e Numéricos, Xeografía e Historia de Galicia, Patrimonio Artístico e Cultural de Galicia e Literatura Galega do Século XX e da Actualidade, en segundo curso.

4. As materias de libre configuración autonómica elixibles en bacharelato terán unha carga horaria de dous períodos lectivos semanais.

Artigo 4. *Requisitos para a oferta das materias*

1. As materias de libre configuración autonómica deberán contar cun número mínimo de dez alumnos e/ou alumnas para ser impartida. Coa finalidade de atender a diversidade en ámbitos rurais, pequenos núcleos de poboación e/ou outras circunstancias que así o aconsellen, poderán impartirse con cinco alumnos e/ou alumnas, sempre con carácter extraordinario. Neste caso precisará a autorización expresa da xefatura territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

2. Na oferta das materias respectarase o tratamento análogo das linguas cooficiais e os criterios establecidos no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

*Disposición derrogatoria*

Quedan derrogadas a Orde do 25 de xuño de 2008 pola que se establece a relación de materias optativas do bacharelato, o seu currículo e se regula a súa

oferta, a Orde do 23 de setembro de 2008 polo que se amplía a oferta de materias optativas do bacharelato e se establece o seu currículo, e a Orde do 23 de xuño de 2009 pola que amplía a oferta de materias optativas do bacharelato e se establece o seu currículo.

*Disposicións derradeiras*

Primeira. Facúltase a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para adoptar os acordos e ditar as resolucións que consideren oportunas no desenvolvemento desta orde.

Segunda. Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Anexo

## Materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes en educación secundaria obrigatoria

# Educación Financeira

### Introdución

A introdución no currículo da ensinanza obrigatoria dunha materia de contido económico-financeiro persegue formar cidadás e cidadáns capaces de comprender a importancia da adoptar decisións acertadas sobre a súa economía persoal. Unha mellora na formación financeira permitiralles ás persoas acadaren o obxectivo de seguridade financeira, limitaren o risco de perdas patrimoniais, e previren o endebedamento excesivo e a exclusión financeira.

As persoas ao longo da súa vida teñen que enfrontarse a decisións financeiras nun contorno cada vez máis dinámico e complexo, motivo polo cal deben ampliar a súa cultura financeira, obxectivo último da presente materia. Son moitas as organizacións internacionais, entre elas a Comisión Europea, que reclaman a posta en marcha de iniciativas educativas para aumentar a formación financeira da poboación.

Esta materia de Educación Financeira, programada para un dos dous primeiros cursos do primeiro ciclo de educación secundaria obrigatoria, inclúe contidos económico básicos que permiten á cidadanía familiarizarse, desde idades temperás, coa organización e o funcionamento do sistema financeiro, en particular cos produtos e os servizos financeiros de uso máis habitual, para posteriormente axudar na planificación da vida financeira persoal e na elección daquelas alternativas que mellor se adapten ás súas necesidades, mantendo a seguridade financeira como eixo central desa planificación.

O currículo desta materia está organizado en tres bloques. O primeiro fai fincapé na administración da renda e dos recursos persoais, a través das decisións de consumo e de aforro, e o correspondente investimento; o segundo céntrase na planificación financeira persoal e familiar e, finalmente, o terceiro trata a xestión dos medios líquidos dispoñibles.

A materia aborda os contidos desde un nivel moi básico, analizando os compoñentes e as características principais dos produtos e dos servizos financeiros, procurando a familiarización cos mercados e coas entidades operantes, que permita ás persoas, tras comparar distintas ofertas, elixir a máis adecuada ás súas necesidades e á súa situación económico-financeira. O enfoque, sendo eminentemente descritivo, non esquece iniciar o alumnado na realización de sinxelos cálculos, empregando ferramentas de axuda que permitan a valoración precisa das alternativas consideradas, unha maior comprensión do funcionamento dos produtos e dos servizos, e o adecuado coñecemento das implicacións que as decisións que se tomen teñen na situación financeira persoal. Recoméndase un tratamento lúdico dos contidos, procurando o emprego de xogos, a participación en concursos e o fomento da produción de coñecemento empregando recursos das tecnoloxías da información e da comunicación.

A materia contribúe ao desenvolvemento da competencia de sentido de iniciativa e espírito emprendedor, que incide na consecución do benestar económico e social da comunidade, así como o das competencias sociais e cívicas, o da competencia de comunicación lingüística, e o da matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, dixital e de aprender a aprender.

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
|---|---|---|---|---|
| | Bloque 1. Educación e finanzas persoais | | | |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g | ▪ B1.1. Educación financeira.<br>▪ B1.2. Obxectivos financeiros persoais. Seguridade financeira. | ▪ B1.1. Administrar os recursos financeiros persoais de xeito responsable, para garantir a seguridade financeira ao longo da vida. | ▪ EFNB1.1.1. Recoñece as fontes de renda persoal e describe os tipos de recursos financeiros. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ EFNB1.1.2. Procura alcanzar a seguridade financeira na concreción dos seus obxectivos financeiros persoais. | ▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ EFNB1.1.3. Identifica os tipos de investimentos ao longo da vida das persoas. | ▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B1.3. Sistema financeiro, indicadores económicos e tipos de xuro. | ▪ B1.2. Identificar os mercados financeiros, os axentes intervenientes e os indicadores financeiros básicos vinculados coa evolución das condicións económicas que inflúen nas decisións financeiras da cidadanía. | ▪ EFNB1.2.1. Relaciona a situación económico-financeira persoal cos principais indicadores económicos. | ▪ CMCCT<br>▪ CSC |
| | | | ▪ EFNB1.2.2. Explica o papel dos intermediarios financeiros na sociedade, e caracteriza e identifica os principais mercados financeiros. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CSIEE |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g | ▪ B1.4. Renda persoal: consumo e aforro.<br>▪ B1.5. Consumo: modalidades de consumo.<br>▪ B1.6. Aforro e investimento.<br>▪ B1.7. Rendibilidade e risco no investimento. | ▪ B1.3. Xestionar a renda persoal, recoñecendo as súas orixes, os destinos alternativos e as necesidades que se deben cubrir en cada etapa da vida. | ▪ EFNB1.3.1. Identifica as etapas que conducen á toma de decisión de consumo intelixente. | ▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ EFNB1.3.2. Interpreta o significado de rendemento e risco en diversos contextos financeiros, e recoñece os beneficios da diversificación. | ▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ EFNB1.3.3. Recoñece a dimensión temporal do consumo, e distíngueo do aforro e do investimento. | ▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ EFNB1.3.4. Representa graficamente as operacións de investimento e interpreta o significado de rendemento e do risco en diversos contextos financeiros, e recoñece os beneficios da diversificación. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CD |
| | | | ▪ EFNB1.3.5. Identifica os motivos que conducen á | ▪ CMCCT |

| | Educación Financeira 1º/2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | decisión de aforrar. | ▪ CD<br>▪ CAA |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g | ▪ B1.8. Operacións de investimento: elementos, dimensión temporal e tipos de xuro.<br>▪ B1.9. Depósitos e imposicións a prazo.<br>▪ B1.10. Contas á vista remuneradas. | ▪ B1.4. Identificar os produtos de aforro, considerar as súas características e a súa tipoloxía, calcular o rendemento ofrecido e valorar a oportunidade de contratación. | ▪ EFNB1.4.1. Recoñece as características dos tipos de depósitos e imposicións a prazo ofrecidas polas entidades bancarias. | ▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ EFNB1.4.2. Compara ofertas concretas de depósitos e imposicións a prazo mediante a consideración dos tipos efectivos de xuro aplicados. | ▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CAA |
| | | | ▪ EFNB1.4.3. Considera as características das contas á vista remuneradas existentes no mercado bancario, e diferénciaas das imposicións e dos depósitos a prazo. | ▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ EFNB1.4.4. Avalía a oportunidade de contratación de imposicións e depósitos a prazo e de contas á vista remuneradas en función das condicións do mercado, e considera a súas vantaxes e os seus inconvenientes. | ▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| | Bloque 2. Planificación financeira persoal e familiar | | | |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g | ▪ B2.1. Planificación financeira ao longo da vida.<br>▪ B2.2. Orzamento persoal e familiar. | ▪ B2.1. Planificar a vida financeira, clasificar os elementos integrantes dun orzamento persoal ou familiar, e identificar medidas de control que permitan non desviarse dos niveis orzados. | ▪ EFNB2.1.1. Valora o impacto da planificación e a importancia do aforro na vida de cadaquén. | ▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ EFNB2.1.2. Identifica e clasifica ingresos e gastos para elaborar un orzamento persoal e familiar. | ▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ EFNB2.1.3. Avalía os gastos axustándoos aos ingresos e identifica medidas de control. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g | ▪ B2.3. Operacións de financiamento: elementos, dimensión temporal e tipos de xuro.<br>▪ B2.4. Capacidade de endebedamento persoal.<br>▪ B2.5. Préstamos e contas de crédito.<br>▪ B2.6. Préstamos persoais e hipotecarios. | ▪ B2.2. Determinar as necesidades de financiamento ao longo da vida, analizar as operacións de préstamo, diferenciando os tipos existentes en función das súas características e identificando os elementos integrantes, e avaliar a capacidade de endebedamento, garantindo a seguridade financeira | ▪ EFNB2.2.1. Recoñece as características e as diferenzas entre préstamos e pólizas de crédito. | ▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ EFNB2.2.2. Clasifica os préstamos segundo a garantía esixida pola entidade prestamista, definindo | ▪ CCL |

| | Educación Financeira 1º/2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | ▪ B2.7. Finalidade, importe, prazo e tipo de xuro nos préstamos. | | cada un dos tipos e analizando a súas características e os elementos integrantes. | ▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ EFNB2.2.3. Representa graficamente as operacións de financiamento, identificando os seus elementos integrantes, e recoñece os efectos do tipo de xuro. | ▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ EFNB2.2.4. Interpreta a diferenza entre o TIN e o TAE nas operacións de financiamento e entre os tipos de referencia oficiais para a determinación dos tipos de xuro aplicables. | ▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ EFNB2.2.5. Valora a idoneidade de cada tipo de préstamo en función da finalidade, o importe e o prazo. | ▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g | ▪ B2.8. Sistemas de previsión social públicos e privados. | ▪ B2.3. Analizar o sistema público de previsión social, considerar o seu efecto sobre a planificación para lograr a seguridade financeira e comparar cos sistema privados. | ▪ EFNB2.3.1. Distingue o sistema público de Seguridade Social dos sistemas privados de previsión (seguros e plans de pensións). | ▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B2.9. Relacións nos mercados financeiros: actitudes, información e negociación.<br>▪ B2.10. Tarifas dos produtos e servizos financeiros.<br>▪ B2.11. Procesos de reclamación perante os bancos e as entidades supervisoras. | ▪ B2.4. Estimar a capacidade de negociación coas entidades bancarias, distinguir os custos dos produtos e dos servizos financeiros, e precisar os procesos de reclamación, ante entidades bancarias e organismos reguladores. | ▪ EFNB2.4.1. Identifica os elementos das tarifas aplicadas á clientela polas entidades bancarias e compara as condicións ofrecidas por distintas entidades para elixir a mellor opción. | ▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ EFNB2.4.2. Determina os procesos de reclamación perante entidades bancarias e organismos reguladores, e as actitudes que cómpre adoptar como persoa usuaria de servizos bancarios. | ▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ EFNB2.4.3. Comprende os principais dereitos e deberes dos/das consumidores/as no mundo financeiro e recoñece as principais implicacións dos contratos financeiros. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ EFNB2.4.4. Elabora un sinxelo escrito de reclamación perante unha entidade bancaria, utilizando unha | ▪ CCL<br>▪ CMCCT |

| | Educación Financeira 1º/2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | estrutura formal axeitada. | ▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g | ▪ B2.12. Banca a distancia. | ▪ B2.5. Descubrir novos sistemas de relación coas entidades bancarias (banca a distancia) e recoñecer o funcionamento e a operación permitidos para identificar as súas vantaxes e os seus inconvenientes. | ▪ EFNB2.5.1. Distingue os sistemas alternativos de relación coas entidades bancarias, precisando o funcionamento e as operacións permitidas. | ▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ EFNB2.5.2. Valora as vantaxes e os inconvenientes das novas canles de relación coas entidades financeiras. | ▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CSC |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B2.13. Protección de datos de carácter persoal.<br>▪ B2.14. Seguridade e tecnoloxías da información e da comunicación. | ▪ B2.6. Identificar os perigos derivado do emprego de datos de carácter persoal nas relacións bancarias. | ▪ EFNB2.6.1. Recoñece os perigos do uso fraudulento e do abuso na utilización de datos de carácter persoal nas relacións coas entidades bancarias, con especial atención aos vinculados cos novos sistemas de relación cos bancos. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CAA |
| | | | ▪ EFNB2.6.2. Considera as recomendacións de seguridade e protección de datos persoais na operativa bancaria e comprende os dereitos que lle outorga a normativa aplicable. | ▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CSC |
| | | | ▪ EFNB2.6.3. Valora a necesidade de garantir a seguridade na operativa bancaria a través dos novas canles de relación coas entidades bancarias. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CSC |
| | Bloque 3. Xestión da liquidez | | | |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g | ▪ B3.1. Diñeiro: características, funcións e clases.<br>▪ B3.2. Contratos de conta bancaria á vista. | ▪ B3.1. Recoñecer o valor social do diñeiro e o seu papel na economía persoal, identificar os casos de uso fraudulento e valorar que o diñeiro pode investirse, prestarse e pedirse prestado. | ▪ EFNB3.1.1. Distingue as necesidades de fondos a curto, medio e longo prazo, e identifica as alternativas para o pagamento de bens e servizos. | ▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CAA |
| | | | ▪ EFNB3.1.2. Describe os medios para identificar diñeiro falso e explica os pasos que se deben seguir no caso de detectalo. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ EFNB3.1.3. Valora as consecuencias do uso fraudulento do diñeiro. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE |

| | Educación Financeira 1º/2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B3.3. Razóns para utilizar os servizos bancarios.<br>▪ B3.4. Contas bancarias á vista.<br>▪ B3.5. Clasificación da contas bancarias á vista.<br>▪ B3.6. Funcionamento das contas bancarias á vista.<br>▪ B3.7. Interpretación dos documentos vinculados ás contas bancarias á vista. | ▪ B3.2. Analizar os contratos bancarios de conta á vista, explicar a súa estrutura e o seu funcionamento, clasificar os e interpretar a información subministrada nos documentos relacionados. | ▪ EFNB3.2.1. Explica o papel de intermediación das entidades bancarias, valorando a importancia das súas funcións na economía. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC |
| | | | ▪ EFNB3.2.2. Clasifica as contas bancarias á vista, describe a súas características e os elementos obxectivos e subxectivos, e explica vantaxes e inconvenientes. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ EFNB3.2.3. Describe o funcionamento das contas bancarias á vista, explica os movementos e interpreta a información subministrada nos extractos e nos documentos xustificativos. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ EFNB3.2.4. Compara ofertas concretas de entidades bancarias para a selección dun contrato de conta á vista. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CSIEE |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g | ▪ B3.8. Tarxetas bancarias: natureza, características e clasificación. Caixeiros automáticos.<br>▪ B3.9. Recomendacións de seguridade no uso das tarxetas. | ▪ B3.3. Considerar a utilidade das tarxetas bancarias, identificar os elementos integrantes e operar con elas en condicións de seguridade. | ▪ EFNB3.3.1. Examina as características físicas das tarxetas, identifica os elementos integrantes e argumenta a súa utilidade principal. | ▪ CMCCT<br>▪ CD |
| | | | ▪ EFNB3.3.2. Observa as recomendacións sobre seguridade na operativa con tarxetas bancarias. | ▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CAA |

# Investigación e Tratamento da Información

## Introdución

Esta materia de libre configuración para os cursos 1º ou 2º de ESO é unha proposta que se lles ofrece aos centros co fin de facilitar o tratamento, de forma intensiva ao longo dun curso escolar, dos contidos que constitúen o cerne da denominada competencia informacional. Esta competencia aparece supeditada, na vixente normativa, á competencia dixital, e involucra un complexo grupo de destrezas, coñecementos e actitudes imprescindibles para se desenvolver na sociedade da información e, a unha escala máis próxima, nas prácticas académicas máis comúns.

A estratexia da UNESCO no seu documento "Alfabetización mediática e informacional: currículo para profesores" (2011) é reunir dous ámbitos tradicionalmente separados, o mediático e o informacional, como un conxunto combinado de competencias (coñecementos, habilidades e actitudes) necesarias para a vida e o traballo de hoxe. A alfabetización mediática e informacional (AMI) abrangue toda a tipoloxía de medios de comunicación e outros provedores de información, como bibliotecas, arquivos, museos e internet, independentemente das tecnoloxías empregadas. Pola súa banda, para a IFLA ("International Federation of Library Associations and Institutions") nas súas recomendacións sobre alfabetización informacional e mediática de 2013, esta competencia engloba o coñecemento, as actitudes e a suma de habilidades necesarias para saber cando e que información é necesaria, onde e como obter esa información, como avaliala criticamente e organizala logo de atopala, e como usala de xeito ético. O concepto esténdese alén das tecnoloxías da información e da comunicación, abranguendo a aprendizaxe, o pensamento crítico e as destrezas de comprensión que cubran e superen as fronteiras profesionais e educativas. Inclúe, ademais, todos os tipos de fontes: orais, impresas e dixitais. A complexidade desta competencia que, segundo a UNESCO, está conformada por tres alfabetizacións básicas (informacional, mediática e dixital), aconsella un tratamento exhaustivo ao longo dos períodos educativos obrigatorios e postobrigatorios, así como nos estudos universitarios e na educación non regrada (coa implicación do sector bibliotecario da rede de lectura pública). Pola súa parte, a Comisión Europea, no seu Marco Común de Referencia para as Competencias Dixitais (DigCOMP), publicado en 2013, recolle cinco áreas competenciais das que dependen vinte e cinco competencias. As competencias informacionais e mediáticas están plenamente integradas neste documento de referencia.

O alumnado chega ao ensino secundario obrigatorio cunha bagaxe moi diversa no que se refire ao uso, o tratamento e a produción da información. A experiencia previa neste eido vai estar determinada pola vivencia anterior nunha biblioteca escolar con programas de traballo coa información ou ligada ás prácticas metodolóxicas activas ou de traballo por proxectos, que implican a consulta de fontes informativas diversas, fóra do libro de texto. Malia algunhas materias do currículo recolleren contidos relacionados coa procura e o tratamento de información, existe a necesidade de intervir de xeito decidido para que todos os alumnos e todas a alumnas desenvolvan habilidades, coñecementos e actitudes en relación coa información en distinto tipo de textos informativos e en diferentes soportes e formatos, e poidan abordar a realización de pequenos traballos de investigación de carácter individual ou en grupo, cun mínimo de eficacia.

O desenvolvemento dos contidos que se propoñen está ligado á biblioteca escolar do centro desde o momento en que esta, concibida como un centro de recursos de lectura, información e aprendizaxe, se constitúe como ferramenta esencial para o desenvolvemento de competencias clave ás que contribúe esta materia. A biblioteca é o espazo educativo natural para o traballo coa información, xa que ofrece oportunidades de aprendizaxe con recursos impresos e dixitais, presentes ou accesibles a través da rede. A biblioteca, por outra parte, ten unha presenza líquida nos centros, na medida en que os seus recursos dixitais, e mesmo físicos, poden estar accesibles en todos os recunchos do centro, e na medida tamén en que o seu papel fundamental é o de apoiar os programas e os proxectos de centro, así como ao desenvolvemento do currículo.

Propóñense cinco bloques: o primeiro deles, "A biblioteca, punto de acceso á cultura impresa e dixital", supón un achegamento á biblioteca escolar do centro (e a outras bibliotecas) e ás súas posibilidades para acceder a textos informativos de diversa índole, cunha primeira aproximación á tipoloxía de fontes que se poden consultar e á maneira de facelo de xeito eficaz e con recoñecemento dos dereitos de autoría. Un segundo bloque, "Fontes informativas. Localización e selección", procura afondar nas estratexias de procura de información en fontes impresas ou dixitais, e en documentos de formato e contido diverso, con atención ás características de internet como medio de información. O terceiro bloque, "Organizarse para investigar", revisa os primeiros pasos da elaboración dun traballo de investigación, nos que a planificación, a formulación de preguntas e a recuperación dos coñece-

mentos previos son esenciais. O cuarto bloque, "Procura e tratamento da información", afonda na necesidade de análise e valoración da información que se recolle, así como na compilación das fontes consultadas para o seu recoñecemento posterior. Un quinto bloque, "Xeración de contidos e comunicación", aborda a reelaboración da información, un proceso no que cómpre sintetizar e estruturar a información, e personalizar en produtos orixinais, impresos, audiovisuais ou dixitais o coñecemento adquirido para unha comunicación eficaz. Recolle tamén este bloque aspectos relacionados coa avaliación do proceso realizado e a transferencia deste coñecemento á vida persoal, académica ou social do alumnado.

Esta materia non se pode abordar de xeito lineal nin teórico. Non se trata de desenvolver os bloques como compartimentos estancos ou propostas diferenciadas. Pola contra, o desenvolvemento da competencia informacional require o deseño de situacións contextualizadas que obriguen á resolución dun problema ou á realización dun produto, textual ou audiovisual, como resposta a unha necesidade de información. A metodoloxía de proxectos resulta a máis acaída para garantir o tratamento de todos os contidos previstos e a adquisición dos estándares de avaliación que se propoñen, pois requiren a identificación dunha necesidade informativa, a planificación e a distribución de tarefas entre os membros dun grupo, a realización de pequenas investigacións e tarefas integradas de cara á elaboración dun produto final que cómpre comunicar. Os traballos de investigación de carácter interdisciplinar, que responden á metodoloxía de proxectos ou problemas, enfrontan o alumnado a situacións de contacto coa información para as que deben desenvolver coñecementos, habilidades e actitudes complexas. Traballar neste tipo de proxectos axudaralles non só a adquirir habilidades de uso, tratamento e produción de información: permitiralles construír o seu coñecemento e adquirir competencia de aprender a aprender, entre outras. É por isto que se recomenda o tratamento dos contidos propostos a partir dun tópico, un problema ou a necesidade de coñecer, comprender e comunicar as súas descubertas, sobre unha situación do seu contexto máis próximo ou doutras realidades ás que pode acceder o alumnado. O proceso de xestión da información (procura, recuperación, análise, tratamento, comunicación e aplicación) pode alcanzar diferentes niveis de complexidade que deberán adaptarse á situación informativa que se deseñe e ao nivel competencial do alumnado.

O desenvolvemento curricular desta materia recolle criterios e estándares de avaliación que responden a varias competencias clave do actual currículo. A competencia en comunicación lingüística, a competencia dixital, a competencia de aprender a aprender e o sentido de iniciativa e espírito emprendendor son as más beneficiadas. Pero tamén axuda a desenvolver as competencias sociais e cívicas, e a de conciencia e expresións culturais. De todos os modos, un tratamento interdisciplinar destes contidos, tal e como se propón, beneficiará a adquisición de todas e as competencias claves.

| | Investigación e Tratamento da Información. 1º/2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. A biblioteca, punto de acceso á cultura impresa e dixital | | | |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g | ▪ B1.1. A biblioteca como espazo de acceso á información | ▪ B1.1. Utilizar a biblioteca como espazo de acceso á información presencial ou virtual. | ▪ INEINB1.1.1. Utiliza a biblioteca do seu centro para cubrir necesidades de lectura e de información. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ INEINB1.1.2. Utiliza a biblioteca do centro na procura de recursos informativos para os seus traballos individuais e grupais. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ e | ▪ B1.2. As bibliotecas como espazos culturais. | ▪ B1.2. Identificar a biblioteca do centro e outras bibliotecas do contorno máis próximo, como espazos culturais dispoñibles á hora de cubrir as necesidades de lectura e de información. | ▪ INEINB1.2.1. Utiliza outros tipos de biblioteca aos que pode ter acceso no seu contorno máis próximo. | ▪ CSC |

| | Investigación e Tratamento da Información. 1º/2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ f<br>▪ g<br>▪ n | | | | |
| ▪ e<br>▪ g<br>▪ n | ▪ B.1.3. Recursos informativos: fontes orais, recursos físicos e virtuais. | ▪ B1.3. Identificar os recursos informativos dispoñibles segundo tipoloxía, soportes e formatos. | ▪ INEINB1.3.1. Diferencia os documentos informativos en función do seu contido. | ▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ INEINB1.3.2. Acode ás fontes orais de referencia no seu contorno máis próximo para determinadas necesidades informativas. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ INEINB1.3.3. Accede de forma autónoma a contidos audiovisuais, presenciais ou virtuais. | ▪ CSIEE<br>▪ CAA |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B1.4. Estratexias de procura eficaz. | ▪ B1.4. Adaptar as estratexias de procura ás características dos recursos dixitais. | ▪ INEINB1.4.1. Distingue as ideas principais das secundarias nos documentos consultados. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ INEINB1.4.2. Recupera de forma eficaz contido informativo dos recursos dixitais. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CD |
| ▪ n<br>▪ o | ▪ B1.5. Dereitos de autoría. | ▪ B1.5. Recoñecer os dereitos de autoría. | ▪ INEINB1.5.1. Identifica e respecta a autoría de textos ou imaxes. | ▪ CSC<br>▪ CAA |
| | Bloque 2. Fontes informativas. Localización e selección | | | |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f | ▪ B2.1. Recursos físicos. Sistemas estandarizados de organización da biblioteca. | ▪ B2.1. Coñecer a organización da biblioteca e a CDU como sistema estandarizado. | ▪ INEINB2.1.1. Identifica os códigos da CDU polos que están organizados os fondos. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ INEINB2.1.2. Recupera facilmente os documentos que precisa. | ▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| ▪ e<br>▪ h<br>▪ g | ▪ B2.2. Procuras no catálogo informatizado da biblioteca escolar. | ▪ B2.2. Comprender e saber utilizar o catálogo informatizado da súa biblioteca. | ▪ INEINB2.2.1. Realiza procuras no catálogo por autor/a, título ou materia. | ▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ INEINB2.2.2. Localiza documentos, en función das súas necesidades informativas, no catálogo web da biblioteca. | ▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CSIEE |

| | Investigación e Tratamento da Información. 1º/2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B2.4. Recursos dixitais. Internet como fonte de información. | ▪ B2.4. Acceder á rede e coñecer os recursos dispoñibles a través de internet. | ▪ INEINB2.4.1. Usa internet de xeito autónomo para resolver necesidades de información. | ▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ INEINB2.4.2. Utiliza internet valorando as características deste medio en relación a aspectos como a permanencia, a fiabilidade, a veracidade, a organización, a selección, a gratuidade, a dispoñibilidade, a autoría, etc. | ▪ CD |
| ▪ b<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B2.5. Necesidade dun plan de procura de información. Palabras clave e outras estratexias de procura. Motores de procura. | ▪ B2.5. Planificar as procuras informativas e empregar con eficacia palabras clave para a obtención de información e uso de motores de procura diversificados. | ▪ INEINB2.5.1. Establece un sistema de procura eficaz de información. | ▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ INEINB2.5.2. Utiliza palabras clave e aplica estratexias eficaces de procura para localizar información na web. | ▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ INEINB2.5.3. Identifica produtos informativos diferentes en función das súas necesidades e dos seus obxectivos de traballo. | ▪ CD<br>▪ CAA |
| | | | ▪ INEINB2.5.4. Emprega prensa e revistas dixitais como fonte informativa. | ▪ CD<br>▪ CAA |
| ▪ e<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B2.6. Espazos web e redes sociais como plataformas de comunicación e información. | ▪ B2.6. Coñecer as redes sociais os espazos web creados na aula, na biblioteca e no centro, e participar neles. | ▪ INEINB2.6.1. Intervén nas redes sociais creadas no seu centro respectando as finalidades para as que foron creadas: educativa, participativa, etc. | ▪ CD<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| ▪ e<br>▪ g | ▪ B2.7. Beneficios e riscos da rede. Dereito de privacidade. | ▪ B2.7. Valorar os beneficios e os riscos da rede. | ▪ INEINB2.7.1. Navega por internet con seguridade preservando a súa identidade e a súa privacidade. | ▪ CD<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| ▪ e<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B2.8. Fiabilidade dos espazos web. | ▪ B2.8. Coñecer e usar os criterios para identificar os espazos web fiables. | ▪ INEINB2.8.1. Distingue webs fiables en función de determinados criterios: autoría, data de actualización, tipo de dominio, finalidades, publicidade, contacto, etc. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ g | ▪ B2.9. Internet e as creacións colectivas: Galipedia, Wiikipedia, etc. | ▪ B2.9. Valorar as creacións colectivas en internet: Wikipedia, Galipedia, etc. | ▪ INEINB2.9.1. Emprega as creacións colectivas en internet: Wikipedia, Galipedia, etc. | ▪ CD<br>▪ CSC |

| | Investigación e Tratamento da Información. 1º/2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ e<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B2.10. Valoración da información recollida na rede. | ▪ B2.10. Avaliar de forma crítica a información recollida e contrastar información en distintas fontes. | ▪ INEINB2.10.1. Compara a información recollida en distintas fontes informativas na rede. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA |
| | | | ▪ INEINB2.10.2. Contrasta a información recollida na rede con outras fontes orais ou impresas. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA |
| | Bloque 3. Organizarse para investigar | | | |
| ▪ b<br>▪ e | ▪ B3.1. Procesos de investigación. | ▪ B3.1. Recoñecer os pasos para seguir nun proceso de investigación | ▪ INEINB3.1.1. Identifica os obxectivos do traballo de investigación e as súas fases. | ▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ g | ▪ B3.2. Planificación dun proxecto de investigación. | ▪ B3.2. Planificar o proceso de procura e recuperación da información. | ▪ INEINB3.2.1. Elabora un esquema do traballo que se vaia realizar. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ g | ▪ B3.3. Traballo en grupo. | ▪ B3.3. Organizar o traballo a nivel individual ou grupal, e responsabilizarse das tarefas adxudicadas. | ▪ INEINB3.3.1. Escoita aos integrantes do grupo, garda a quenda de palabra, argumenta as súas opinións e respecta as opinións das outras persoas. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| | | | ▪ INEINB3.3.2. Contribúe á distribución de tarefas e responsabilízase das que lle corresponden. | ▪ CAA<br>▪ CSC |
| ▪ b<br>▪ g | ▪ B3.4. Preparación da procura informativa. | ▪ B3.4. Identificar o tema para investigar e os aspectos clave. | ▪ INEINB3.4.1. Formula preguntas sobre o tema sobre o que se vaia investigar. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ b<br>▪ e | ▪ B3.5. Recuperación dos coñecementos previos e definición de obxectivos de procura. | ▪ B.3.5. Recuperar os coñecementos previos sobre o tema e definir os aspectos sobre os que precisa informarse. | ▪ INEINB3.5.1. Concreta os conceptos clave que van guiar o traballo de procura de información. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| | Bloque 4. Procura e tratamento da información | | | |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ g | ▪ B4.1. Necesidades informativas, fontes de información e procesos de procura, valoración e selección de información. | ▪ B4.1. Identificar o tipo de información que se precisa, localizar as fontes informativas dispoñibles, realizar consultas informativas seguindo un plan deseñado previamente e empregar o recurso informativo máis apropiado ao tipo de información que se precisa. | ▪ INEINB4.1.1. Identifica o tipo de información que precisa en función duns obxectivos. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA |
| | | | ▪ INEINB4.1.2. Localiza os recursos dispoñibles e acordes á súa necesidade informativa. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA |

| | Investigación e Tratamento da Información. 1º/2º de ESO | | | |
| --- | --- | --- | --- | --- |
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | ▪ INEINB4.1.3. Concreta o proceso de procura de información | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA |
| | | | ▪ INEINB4.1.4. Escolle os recursos informativos que precisa de forma eficaz. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA |
| ▪ h | ▪ B4.2. Análise e comprensión da información atopada. | ▪ B4.2. Ler de forma comprensiva textos informativos de diferente tipoloxía (continuos, descontinuos, e procedentes dos medios de comunicación e dos medios audiovisuais). | ▪ INEINB4.2.1. Comprende e analiza textos continuos e descontinuos, e sabe extraer as ideas principais. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA |
| | | | ▪ INEINB4.2.2. Deduce información implícita ou explícita dos contidos audiovisuais e dos textos dos medios de comunicación. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B4.3. Interpretación e valoración da información atopada. | ▪ B4.3. Valorar a información atopada en función de determinados criterios: pertinencia, veracidade, fiabilidade, etc. | ▪ INEINB4.3.1. Selecciona a información tras valorala seguindo uns determinados criterios (pertinencia, veracidade, fiabilidade, etc.). | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B4.4. Proceso da información: extracción e síntese. | ▪ B4.4. Extraer a información precisa, en función dos obxectivos do traballo, de forma sintetizada. | ▪ INEINB4.4.1. Sintetiza a información atopada en función dos obxectivos do traballo. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ e<br>▪ o | ▪ B4.5. Citas e referencias. | ▪ B4.5. Recoller as fontes consultadas para os efectos de citalas correctamente no produto final. | ▪ INEINB4.5.1. Compila as fontes consultadas e cítaas correctamente. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |
| | Bloque 5. Xeración de contidos e comunicación | | | |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ g | ▪ B5.1. Organización e reelaboración da información. | ▪ B5.1. Organizar a información recuperada de distintas fontes, xerarquizándoa e plasmándoa en esquemas, mapas conceptuais, guións, etc. | ▪ INEINB5.1.1. Realiza esquemas, mapas conceptuais, guións, etc., para organizar a información recuperada. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B5.2. Estruturación da información recollida mediante gráficos, diagramas, etc. | ▪ B5.2. Elaborar diagramas, gráficos, cadros de dobre entrada, organigramas, etc., coa información recuperada. | ▪ INEINB5.2.1. Representa mediante gráficos, diagramas, cadros de dobre entrada, organigramas, etc., parte da información recuperada. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA |
| ▪ b | ▪ B5.3. Reelaboración e personalización da información. | ▪ B5.3. Estruturar mediante un guión textos propios, | ▪ INEINB5.3.1. Elabora guións para estruturar os textos | ▪ CCL |

| | Investigación e Tratamento da Información. 1º/2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ e<br>▪ g | | expositivos, descritivos e explicativos, a partir da información reunida. | creados a partir da información reunida. | ▪ CD<br>▪ CAA |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B5.4. Presentación dos produtos informativos propios. Pautas para a presentación de traballos escritos. | ▪ B5.4. Coñecer e aplicar as pautas formais para a elaboración de traballos escritos (paxinación, índice, bibliografía, etc.), utilizando procesadores de texto de forma autónoma. | ▪ INEINB5.4.1. Presenta os seus traballos segundo unhas pautas consensuadas: paxinación, índice, bibliografía, etc. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA |
| | | | ▪ INEINB5.4.2. Elabora textos propios mediante un procesador de textos. | ▪ CCL<br>▪ CD |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B5.5. Elaboración de materiais de apoio ás presentacións orais. | ▪ B5.5. Coñecer e aplicar as pautas formais para a elaboración de materiais de apoio ás presentacións orais. | ▪ INEINB5.5.1. Elabora material de apoio para as súas presentacións orais. | ▪ CCL<br>▪ CD |
| | | | ▪ INEINB5.5.2. Realiza sinxelas presentacións para amosar o resultado dos seus traballos de investigación. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA |
| ▪ a<br>▪ h<br>▪ n | ▪ B5.6. Citas e referencias nos traballos informativos (artigos, monografías, presentacións, produtos audiovisuais, etc.). | ▪ B5.6. Coñecer e empregar correctamente unhas pautas polas que se rexe a forma de citar diferentes fontes. | ▪ INEINB5.6.1. Cita con corrección os libros consultados. | ▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ INEINB5.6.2. Segue unha pauta para facer a referencia de artigos de revistas, música, películas, páxinas de internet, autoría de imaxes, etc. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ g | ▪ B5.7. Tratamento e edición de produtos dixitais (presentacións, vídeos, etc.). | ▪ B5.7. Incorporar imaxes aos traballos escritos ou ás presentacións cun tratamento adecuado. | ▪ INEINB5.7.1. Incorpora imaxes aos seus traballos de investigación. | ▪ CD<br>▪ CCEC |
| ▪ g<br>▪ h | ▪ B5.8. Características dos textos dixitais eficaces. | ▪ B5.8. Identificar e valorar as pautas para a produción de textos dixitais eficaces (lonxitude dos textos escritos, presentacións eficaces, etc.) | ▪ INEINB5.8.1. Respecta unhas pautas mínimas na produción de textos dixitais. | ▪ CCL<br>▪ CD |
| ▪ g<br>▪ h | ▪ 5.9. Exposicións orais dos traballos realizados. Escoita atenta e respecto polo traballo dos outros. | ▪ B.5.9. Expor de forma ordenada e a partir dun guión previo o traballo realizado, argumentando as opinións propias de xeito razoable e con respecto polas pautas da comunicación grupal (escoita atenta, respecto pola opinión das outras persoas, quendas de palabra, etc.). | ▪ INEINB5.9.1. Participa na presentación oral dos traballos elaborados. | ▪ CCL<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ INEINB5.9.2. Defende con argumentos as opinións propias e respecta o traballo alleo. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE |

| | Investigación e Tratamento da Información. 1º/2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | ▪ INEINB5.9.3. Escoita con atención as presentacións dos compañeiros e das compañeiras, e valora con argumentos o seu traballo. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ g | ▪ B5.10. Avaliación e aplicación das aprendizaxes realizadas a través dos traballos de investigación á vida persoal, académica e social. | ▪ B5.10. Avaliar o proceso de elaboración do traballo feito, e tomar consciencia das aprendizaxes realizadas, e aplicar os coñecementos adquiridos á súa vida persoal, académica ou social. | ▪ INEINB5.10.1. Avalía, a través dos instrumentos que se lle ofrecen, a súa participación no proceso dun traballo de investigación, individual ou grupal. | ▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ INEINB5.10.2. Identifica e valora as aprendizaxes realizadas. | ▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ INEINB5.10.3. Valora con criterio e respecto o traballo das outras persoas. | ▪ CAA<br>▪ CSC |
| | | | ▪ INEINB5.10.4. Incorpora as aprendizaxes realizadas a novos procedementos de traballo e de relación no medio escolar e social. | ▪ CAA<br>▪ CSIEE |

# Oratoria

## Introdución

A arte de falar en público conseguiu en moitas ocasións transformar sociedades e persoas. A nosa é a época histórica que máis recorre á oratoria, pois é a que dispón de máis oportunidades e medios para conseguir transformacións e melloras. Nunca coma hoxe houbo tantas situacións e tantos contextos en que calquera persoa poida ou deba actuar como oradora, e nunca coma hoxe as mensaxes persuasivas chegaron con tanta insistencia a unha audiencia masiva. Pola contra, xamais a oratoria estivo tan pouco presente como disciplina e materia de estudo na vida académica. Esta materia pretende contribuír a equilibrar tal situación.

Empregar a palabra perante o público é unha habilidade cada vez máis necesaria. A participación democrática activa, o desenvolvemento persoal, a consecución dunha carreira académica exitosa e o exercicio de calquera profesión pasan hoxe en día polo satisfactorio desempeño en situacións variadísimas nas que a oratoria resulta extraordinariamente útil: debates, participacións en órganos de goberno, defensas de teses ou de proxectos de fin de carreira, mesas redondas, breves discursos de inauguración, relatorios, discursos comerciais, comunicacións coa clientela e con outros membros da mesma organización ou empresa, presentacións de ideas ante asociacións e institucións, etc. Todas estas situacións ampliaron o seu alcance grazas a internet e aos medios de comunicación: a oratoria xa non está limitada a determinadas responsabilidades ou profesións, senón que calquera persoa pode comunicarse oralmente ante unha audiencia global só cunha conexión á rede. Xa que logo, necesitamos aprender a falar en público para participarmos na mellora colectiva e democrática da realidade, para configurarmos a nosa traxectoria académica e profesional, e para fortalecermos unha imaxe propia positiva ante nós mesmos/as e ante as demais persoas.

A oratoria, a arte de falar, é inseparable da retórica, a arte de persuadir. Oratoria e retórica presidiron durante séculos a estrutura educativa occidental e constituíronse como disciplinas cunha decidida vocación práctica: influír nas demais persoas mediante o emprego da palabra. É importante recoñecer a finalidade práctica destas disciplinas, pois a principal acusación que historicamente recaeu sobre elas é que proporcionan artificios e estrataxemas para influír mediante a invención de interesadas aparencias de verdade. A didáctica da oratoria debe partir dunha base ética sólida: o lexítimo dereito a influír debe asentarse na honestidade, na procura ou na construción compartida da verdade e no diálogo democrático. O traballo coa oratoria implica, de maneira case inevitable e aínda que sexa nun nivel básico, unha reflexión ética sobre os fins que nos propomos os seres humanos e os medios dos que nos valemos para os conseguir, unha valoración das perspectivas coas que nos achegamos a un tema de discusión e unha toma de conciencia respecto á subordinación das ideas e dos intereses propios ao concepto da verdade, aos valores democráticos e aos dereitos fundamentais.

É por iso que esta materia contribúe a desenvolver destrezas vinculadas coas competencias clave, das que aquí destacaremos tres: a comunicación lingüística, xa que permite unha extraordinaria mellora das destrezas comunicativas, sobre todo das de carácter oral; as competencias sociais e cívicas, pois a oratoria carece de sentido se non é para participar de xeito eficaz e construtivo na vida social e profesional; e a competencia do sentido da iniciativa e espírito emprendedor, pois a oratoria fomenta a proactividade, o autocoñecemento e a a autoestima.

Os contidos da materia distribúense en catro bloques nos que é doada advertir a clásica división da oratoria en cinco partes: "inventio" (procura dos materiais necesarios para a conformación do discurso), "dispositio" (elección e estruturación deses materiais), "elocutio" (textualización do discurso), "memoria" (memorización) e "actio" (posta en escena do discurso).

O primeiro bloque, "O discurso persuasivo", pretende ofrecerlle ao alumnado un primeiro achegamento a mostras representativas de discursos breves ou de fragmentos de discurso de índole persuasiva. Trátase de que o alumnado, ademais de pór en práctica as destrezas fundamentais da comprensión lectora e de escoita comprensiva, se familiarice con discursos persuasivos variados e de que identifique e valore os seus procedementos construtivos e elocutivos. Os exemplos de discursos persuasivos escritos servirán para coñecer os procedementos retóricos e estilísticos, e os exemplos de discursos persuasivos orais permitirán identificar os recursos propios da "actio". Estes exemplos poden constituír modelos para que o alumnado elabore as súas propias creacións.

No segundo bloque, "Elaboración do discurso persuasivo", están presentes a "inventio", a "dispositio" e a "elocutio". Entre os elementos deste bloque teñen unha gran presenza as destrezas de procura e tratamento da información, de comprensión lectora e de expresión escrita. Un coñecemento adecuado do tema do discurso, conseguido grazas á investigación e á aplicación de técnicas de traballo intelectual, é fundamental para adquirir a autoconfianza que todas as persoas precisan para falar ante un auditorio; unha estrutura clara e ordenada do discurso e un manexo axeitado da lingua e das técnicas da retórica son atributos necesarios de calquera discurso oral eficaz. O tratamento destes contidos é, xa que logo, imprescindible, xa que sobre eles se asentará todo o traballo posterior coa oralidade. Agora ben, é no tratamento destes contidos cando podemos aproveitar o traballo interdisciplinar. A colaboración e a coordinación con outras materias permitirá que as tarefas de xestión da información, de lectura e de escritura se realicen conxuntamente en actividades ou proxectos compartidos. Trátase de facer máis operativas as estratexias e máis eficaz a xestión do tempo, tendo sempre presente que a temporalización das actividades debe ofrecer un espazo importante para o tratamento da oralidade.

No terceiro bloque, "A presentación do discurso persuasivo", están presentes a "memoria" e a "actio". Malia parecer este bloque cuantitativamente menor que o anterior, precisará maiores esforzos e maior tempo de dedicación, pois a oratoria ten como fin último a presentación oral dun discurso ante un auditorio: en oratoria, nada existe ata que é presentado ao público. Ademais, cómpre reforzarmos a presenza da oralidade nas aulas, e esta materia parece un ámbito adecuado para o facer. Debe concedérselles especial importancia aos estándares relacionados coa xestión emocional do/da orador/a. Na aula débese crear un clima emocional de confianza e seguridade que facilite que, progresivamente, o alumnado reforce as súas emocións positivas e controle a conduta asociada ás emocións negativas, evolucionando desde unha posible falta de confianza inicial ata a satisfacción que supón ter a oportunidade de presentar ante un auditorio as propias ideas e opinións. Por outra banda, neste bloque inclúense contidos relacionados co emprego de soportes audiovisuais e informáticos que serven de apoio ao discurso. Os estándares de aprendizaxe vinculados con este contido fan fincapé na necesidade de considerar estes medios como simples apoios á palabra pronunciada. A persoa e o seu discurso deben ser sempre protagonistas.

O cuarto bloque, "Oratoria, valores e educación emocional", pretende facer máis visibles os alicerces éticos en que debe basearse a oratoria e os beneficios que esta produce para o noso sistema democrático e para o desenvolvemento persoal. O alumnado debe aprender a construír os seus discursos desde a honestidade intelectual e desde a vontade de alcanzar o entendemento entre posturas contrarias. Tamén debe aprender a identificar as estrataxemas de quen presenta deliberadamente non unha verdade, senón unha aparencia de verdade. Por outra banda, o alumnado debe empregar a palabra e as técnicas da retórica e da oratoria para presentar proxectos, achegas, opinións ou refutacións en foros diversos nos que poida participar (xuntanzas no ámbito escolar, asociativo, etc.) ou en simulacións de foros institucionais ou profesionais (intervencións de tipo político, profesional, académico, etc.), optando por perspectivas innovadoras que transformen positivamente a realidade e defendan os dereitos fundamentais da nosa democracia. Finalmente, a oratoria contribuirá a desenvolver habilidades persoais e sociais imprescindibles para o diálogo desde o respecto e a convivencia: a autoconfianza, a empatía e a asertividade son elementos emocionais que xeran pontes de entendemento e comprensión entre a persoa oradora e o seu auditorio, e que facilitan un crecemento persoal equilibrado e respectuoso consigo mesmo e cos demais.

Cómpre pór o acento na orientación metodolóxica do tratamento da oratoria nas aulas. En primeiro lugar, o traballo debe ser fundamentalmente práctico: poucos contidos de carácter conceptual e moitas actividades que permitan desenvolver as destrezas fundamentais vinculadas coa materia, nomeadamente aquelas que teñen que ver coa oralidade, sen perder nunca de vista a necesidade de establecer un clima de confianza e seguridade que favoreza a expresión do alumnado. En segundo lugar, débese fomentar o traballo cooperativo, pois facilita a implicación do alumnado, permite desenvolver as competencias lingüística, social e cívica a través da interacción, e propicia a creación dun clima adecuado para a autoavaliación e a coavaliación. En terceiro lugar, resulta imprescindible a coordinación e o traballo interdisciplinar con outras materias: moitas das habilidades desta materia son comúns a outras (xestión da información, comprensión de lectura, escoita comprensiva, expresión escrita, etc.), polo que o tratamento integrado destes elementos competenciais suporá un mellor aproveitamento do tempo e redundará en beneficio da aprendizaxe do alumnado. En cuarto e último lugar, a metodoloxía de traballo por proxectos, sempre orientada á acción, á integración coherente de coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes, e á creación dun produto real (un concurso de debate, a organización de conferencias ou presentacións, etc.), parece adecuada para mobilizar todos os elementos curriculares da materia.

Como pechamento, cómpre non esquecer a necesidade de que os instrumentos de avaliación sexan variados para poder atender as diversas destrezas e competencias que traballa a materia e mais para valorar a evolución do alumnado. Como ferramenta, serán moi adecuadas as rúbricas ou escalas de valoración para recoller os datos froito da observación sistemática do seu traballo.

| | Oratoria. 1º/2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. O discurso persuasivo | | | |
| ▪ h<br>▪ i | ▪ B1.1. Discursos persuasivos escritos (presentacións e debates). Tipos de discurso persuasivo. Intención comunicativa. Estrutura do texto. Procedementos retóricos. Características estilísticas. | ▪ B.1.1. Ler e comprender discursos persuasivos sinxelos de diferentes tipos. | ▪ ORB1.1.1. Identifica nos textos escritos os argumentos principais e a tese. | ▪ CCL |
| | | | ▪ ORB1.1.2. Explica a intención do discurso. | ▪ CCL |
| | | | ▪ ORB1.1.3. Identifica a estrutura do texto e a relación entre ideas. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ ORB1.1.4. Identifica as estratexias para captar a atención e a benevolencia da audiencia equilibrando o uso de recursos emocionais e racionais. | ▪ CCL |
| | | | ▪ ORB1.1.5. Contrasta o contido do texto co coñecemento obtido noutras fontes e co que sabe. | ▪ CCL |
| | | | ▪ ORB1.1.6. Valora a influencia dos trazos lingüísticos e dos procedementos retóricos na eficacia da mensaxe. | ▪ CCL |
| ▪ h<br>▪ i | ▪ B1.2. Discursos persuasivos orais en situacións formais (presentacións e debates) e informais. Tipos de discurso persuasivo. Intención comunicativa. Estrutura do texto. Procedementos retóricos. Características estilísticas.<br>▪ B1.3. Pronuncia, voz, mirada, linguaxe corporal e presenza escénica. | ▪ B.1.2. Escoitar e ver discursos persuasivos sinxelos de diferentes tipos. | ▪ ORB1.2.1. Identifica nos textos orais os argumentos principais e a tese. | ▪ CCL |
| | | | ▪ ORB1.2.2. Explica a intención persuasiva do discurso e exprésaa. | ▪ CCL |
| | | | ▪ ORB1.2.3. Identifica a estrutura do texto e a relación entre as ideas que expón. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ ORB1.2.4. Contrasta o contido do texto co coñecemento obtido noutras fontes e co que sabe. | ▪ CCL |
| | | | ▪ ORB1.2.5. Identifica os recursos da linguaxe non verbal, e describe o seu valor expresivo. | ▪ CCL |
| | Bloque 2. Elaboración do discurso persuasivo | | | |
| ▪ h | ▪ B2.1. Concreción dunha mensaxe persuasiva. Trazos da mensaxe persuasiva: claridade e brevidade. | ▪ B2.1. Elaborar unha mensaxe breve e clara que funcione como núcleo do discurso. | ▪ ORB2.1.1. Condensa nunha frase breve e clara unha mensaxe persuasiva. | ▪ CCL |
| ▪ h | ▪ B2.2. Adaptación do discurso ao contexto.<br>▪ B2.3. Estratexias para captar a atención e a benevolencia da audiencia.<br>▪ B2.4. Adaptación do discurso ao modelo textual ou | ▪ B2.2. Adaptar a creación e o deseño do discurso ás características do contexto comunicativo. | ▪ ORB2.2.1. Emprega nun texto estratexias comunicativas para captar a atención e a benevolencia da audiencia. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ ORB2.2.2. Planifica o discurso tendo en conta as | ▪ CCL |

| | Oratoria. 1º/2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | xénero elixido.<br>▪ B2.5. Adaptación ao tempo e á canle de comunicación. | | características do modelo ou xénero elixido. | ▪ CSC |
| | | | ▪ ORB2.2.3. Deseña o discurso tendo en conta o tempo e a canle de comunicación de que dispón. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ h<br>▪ i | ▪ B2.6. Documentación e investigación. Alfabetización mediática.<br>▪ B2.7. Tipos de fontes documentais. Criterios de selección.<br>▪ B2.8. Estratexias de procura. | ▪ B2.3. Identificar e manexar fontes documentais. | ▪ ORB2.3.1. Identifica as fontes das que pode obter información. | ▪ CCL |
| | | | ▪ ORB2.3.2. Selecciona as fontes documentais máis acaídas e as súas propias vivencias para extraer contidos e ideas variadas relacionadas co tema do discurso. | ▪ CCL |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ h<br>▪ i | ▪ B2.9. Xestión da información. | ▪ B2.4. Obter e organizar a información para afondar no coñecemento do tema do discurso, mediante a documentación e a investigación. | ▪ ORB2.4.1. Analiza de xeito crítico a información atopada e avalía a súa idoneidade para o obxectivo do seu discurso. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA |
| | | | ▪ ORB2.4.2. Organiza os datos para o seu tratamento facendo uso das técnicas de traballo intelectual. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CAA |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B2.10. Selección das ideas. Tipos de contidos: contidos lóxicos (datos, teorías, citas, etc.) e os emocionais (anécdotas, imaxes, vídeos, etc.). | ▪ B2.5. Seleccionar as ideas máis adecuadas e organizalas nunha estrutura ordenada e eficaz. | ▪ ORB2.5.1. Selecciona as ideas combinando equilibradamente os contidos lóxicos cos emocionais, para construír unha proposta persoal e orixinal. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCEC |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B2.11 Recursos argumentativos: premisas, teses e siloxismos. | ▪ B2.6. Empregar recursos propios da argumentación. | ▪ ORB2.6.1. Emprega con propiedade os recursos propios da argumentación. | ▪ CCL |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B2.12. Estrutura do discurso: introdución, desenvolvemento e conclusión. Disposición das ideas. | ▪ B2.7. Organizar as ideas nunha estrutura ordenada e eficaz. | ▪ ORB2.7.1. Organiza os contidos nunha estrutura clara e eficaz, na que se observa unha introdución, unha conclusión e un desenvolvemento coherente do corpo do discurso. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ b<br>▪ h | ▪ B2.13. Textualización do discurso.<br>▪ B2.14. Coherencia e cohesión.<br>▪ B2.15. Corrección lingüística.<br>▪ B2.16. Figuras retóricas: metáfora, paralelismo, antítese, interrogación retórica, etc. | ▪ B2.8. Redactar o discurso con corrección lingüística, creatividade e eficacia persuasiva. | ▪ ORB2.8.1. Redacta o discurso con coherencia, cohesión e corrección lingüística. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ ORB2.8.2. Emprega recursos retóricos básicos de maneira orixinal e ao servizo da eficacia persuasiva. | ▪ CCL<br>▪ CAA |

| | Oratoria. 1º/2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | | ▪ CCEC |
| ▪ e<br>▪ h | ▪ B2.17. Proceso de revisión. Correctores. | ▪ B2.9. Realizar o proceso de revisión do texto. | ▪ ORB2.9.1. Realiza sucesivas revisións, correccións e melloras do texto, axudándose da autoavaliación e da coavaliación. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ ORB2.9.2. Utiliza as TIC nos procesos de revisión da corrección ortográfica. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA |
| | Bloque 3. A presentación do discurso persuasivo | | | |
| ▪ b<br>▪ g | ▪ B3.1. Memorización do discurso. Regras mnemotécnicas. | ▪ B3.1. Desenvolver estratexias mnemotécnicas do discurso a partir de secuencias pequenas ata dar co texto completo. | ▪ ORB3.1.1. Desenvolve estratexias propias para memorizar un texto. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CAA |
| ▪ b<br>▪ g | ▪ B3.2. Interiorización do discurso. | ▪ B3.2. Memorizar o discurso deixando espazo para a improvisación e a espontaneidade. | ▪ ORB3.2.1. Presenta un texto aprendido sen perder a improvisación e a espontaneidade. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| ▪ d<br>▪ g | ▪ B3.3. Xestión emocional para falar en público (entusiasmo, confianza e seguridade). | ▪ B3.3. Potenciar as emocións positivas na exposición perante o público. | ▪ ORB3.3.1. Realiza unha exposición na que procura manifestar confianza, seguridade e serenidade para gozar da oportunidade de presentar o seu discurso perante un auditorio. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| ▪ d<br>▪ g | ▪ B3.4. Xestión das emocións negativas. | ▪ B3.4. Controlar a conduta asociada ás emocións negativas ante situacións comunicativas con público. | ▪ ORB3.4.1. Recoñece as emocións negativas (medo escénico, inseguridade, nerviosismo, etc.) como unha manifestación natural da exposición perante o público. | ▪ CSIEE |
| | | | ▪ ORB3.4.2. Desenvolve estratexias propias e saudables para controlar a conduta asociada ás emocións negativas. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ h | ▪ B3.5. Dicción: pronuncia, volume, ritmo, ton, modulación, intensidade, pausas e silencios. | ▪ B3.5. Pronunciar con corrección, claridade e expresividade. | ▪ ORB3.5.1. Pronuncia con corrección e claridade un texto de creación propia. | ▪ CCL |
| | | | ▪ ORB3.5.2. Emprega con especial coidado o ritmo de elocución natural de xeito que permita seguir a exposición con facilidade. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ ORB3.5.3. Emprega as pausas, os silencios e os cambios de ton e de ritmo de maneira significativa, para potenciar o poder expresivo do seu discurso. | ▪ CCL<br>▪ CAA |

| | Oratoria. 1º/2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ h | ▪ B3.6. Kinésica: comunicación corporal. Tics.<br>▪ B3.7. Proxémica: espazo escénico.<br>▪ B3.8. Naturalidade fronte a artificiosidade. | ▪ B3.6. Empregar a linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso. | ▪ ORB3.6.1. Emprega nunha exposición a mirada, a posición do corpo e a xestualidade de maneira natural, eliminando progresivamente pequenos vicios e tics inadecuados. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ ORB3.6.2. Ocupa o espazo con naturalidade e personalidade, evitando o artificio. | ▪ CCL |
| ▪ e<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B3.9. Soportes informáticos e audiovisuais para apoiar o discurso. | ▪ B3.7. Utilizar programas informáticos e audiovisuais para o deseño de presentacións co fin de potenciar o significado e a expresividade do discurso. | ▪ ORB3.7.1. Deseña presentacións con diapositivas sinxelas, claras e creativas, e emprega con moderación os recursos audiovisuais. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CCEC |
| | Bloque 4. Oratoria, valores e educación emocional | | | |
| ▪ a<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ l<br>▪ m | ▪ B4.1. Oratoria para a construción da veracidade do discurso. | ▪ B4.1. Usar a oratoria como un instrumento ético para a construción ou aproximación colectiva á verdade. | ▪ ORB4.1.1. Emprega nun discurso as estratexias da retórica e da oratoria de maneira ética e honesta, recoñecendo as debilidades do razoamento propio e valorando as achegas do razoamento alleo. | ▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ ORB4.1.2. Identifica as estrataxemas que terxiversan a información. | ▪ CAA<br>▪ CSC |
| ▪ a<br>▪ d<br>▪ l<br>▪ m<br>▪ o | ▪ B4.2. Oratoria para a participación activa na democracia. | ▪ B4.2. Elaborar textos para intervir en ámbitos de participación social, reais ou simulados, con respecto polas normas de convivencia e procurando a resolución pacífica dos conflitos. | ▪ ORB4.2.1. Presenta proxectos, achegas, opinións ou refutacións en ámbitos orais diversos reais ou ficticios. | ▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ ORB4.2.2. Elabora discursos para a defensa lexítima de dereitos establecidos. | ▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| ▪ d<br>▪ g | ▪ B4.3. Representación das habilidades persoais e sociais no discurso. Autoconfianza, empatía e asertividade. | ▪ B4.3. Desenvolver as relacións interpersoais e a propia personalidade grazas ao uso cívico da palabra. | ▪ ORB4.3.1. Recoñece a manifestación das súas habilidades intrapersoais a través do discurso. | ▪ CSC |
| | | | ▪ ORB4.3.2. Presenta as súas ideas desde unha perspectiva empática e sen agredir as outras persoas. | ▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ ORB4.3.3. Desenvolve habilidades asertivas para expor as propias ideas con honestidade, afirmando os propios dereitos. | ▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE |

# Paisaxe e Sustentabilidade

## Introdución

A paisaxe é, segundo a definición do Convenio Europeo da Paisaxe (CEP), calquera parte do territorio, tal e como é percibida polas poboacións, cuxo carácter resulta da acción dos factores naturais e humanos e das súas interaccións. O CEP, ratificado polo Estado Español, reclama unha nova cultura territorial e paisaxística e sostén que a paisaxe contribúe á formación das culturas locais e é unha compoñente fundamental do seu patrimonio natural e cultural. O Consello de Europa, á luz destes principios, emitiu varios informes nos que insiste na necesidade de que os países aborden plans formativos e fixen os seus obxectivos e as súas metodoloxías en materia de educación en paisaxe nas etapas de educación primaria e secundaria. Uns informes que, ademais, poñen a énfase na especial relación entre a educación en paisaxe e o desenvolvemento sustentable.

En Galicia, a Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, que comparte os principios do Convenio, insta "ao fomento e á incorporación da materia de Paisaxe nos distintos ciclos educativos". Este mandato explica a oferta desta nova materia sobre a paisaxe e a sustentabilidade para primeiro ou segundo de ESO como materia de libre configuración autonómica.

A paisaxe é un concepto complexo e rico en significados que aglutina as diferentes dimensións dun desenvolvemento sustentable, é dicir, a dimensión natural, cultural social e económica. É o noso contorno vital e a expresión formal da acción humana no medio natural ao longo da súa historia. O estudo da paisaxe lévanos a coñecer as manifestacións sensibles desa longa relación dialéctica entre o ser humano e o seu territorio, desvelando as chaves dun modelo de sociedade que sexa quen de manter o equilibrio ecolóxico e conservar o seu patrimonio natural e cultural.

A materia de Paisaxe e Sustentabilidade contribuirá a traballar o sentido de pertenza do alumnado a unha comunidade, a se sentir parte activa dunhas paisaxes herdados e a entender que preservar este patrimonio entraña unha responsabilidade presente e futura. Pretende afondar nas claves do desenvolvemento sustentable, baseado no equilibrio harmónico entre as necesidades sociais, a economía e o ambiente, e tamén favorecer esta sensibilización mediante a adquisición de coñecementos básicos para a interpretación das paisaxes galegas, desenvolvendo unha conciencia crítica sobre os seus valores culturais, ambientais, sociais e económicos. E, finalmente, busca trasladarlle ao alumnado a idea da estreita relación entre a paisaxe e o benestar material, mental e espiritual da nosa sociedade; un feito que converteu a paisaxe nun dereito. O currículo incide nomeadamente na aprendizaxe emocional, achegándonos ás paisaxes a través da súa vivencia; invita, xa que logo, a traballar coa emotividade do alumnado nas súas paisaxes cotiás, para tratar de entendernos a nós mesmos e os nosos vínculos co contorno, inducindo comportamentos e hábitos que garanten unha mellor calidade de vida desde os principios da sustentabilidade. Pretende transmitir, á fin, a mensaxe de que as paisaxes son un produto social en permanente construción, suxeitas hoxe en día a inercias e dinámicas transformadoras que as poñen en perigo, polo que debemos promover un compromiso persoal e colectivo sobre este ben común. A materia procura sentar as bases para que o alumnado constrúa unha relación positiva e responsable cos lugares que conforman o seu espazo vital, cunha ollada adestrada e cun espírito construtivo que o prepare para participar na vida da súa propia comunidade.

A paisaxe como obxecto de ensino e aprendizaxe brinda sempre a oportunidade de repensar a nosa práctica docente. É unha excelente ocasión para a experimentación nas metodoloxías e na xestión de aula, a partir de proxectos interdisciplinares e tarefas pertinentes e contextualizadas. Baixo os postulados do desenvolvemento de competencias clave, aprender e facer son accións inseparables nesta materia. Por tanto, as metodoloxías recomendadas serán aquelas que requiran mobilizar coñecementos, habilidades e actitudes en situacións moi próximas á realidade vivida polo alumnado; propostas que estimulen a creatividade a partir de traballos baseados en proxectos, que partan do seu contexto próximo como estratexia para introducir aprendizaxes significativas na vivencia e na valoración das súas paisaxes; escenarios de aprendizaxe que integren de xeito natural as ferramentas das tecnoloxías da información e da comunicación.

Hoxe dispomos de múltiples recursos para achegarnos ás paisaxes a través das imaxes e da cartografía dixital. Trátase de ofrecerlle ao alumnado unhas follas de ruta que lle descubran o seu contorno, dotando, á súa vez, das ferramentas para coñecer e valorar calquera outra paisaxe lonxe do seu espazo e do seu tempo. A dimensión temporal nas paisaxes é unha boa porta de entrada para traballar na aula, empregando fotos, mapas ou relatos antigos. Trátase de desvelar os modos de vida, os recursos empregados e como se forxa-

ron aquelas vellas paisaxes, das que hoxe só quedan as súas pegadas. E, tamén, o tempo futuro ofrécenos ricas posibilidades educativas. A paisaxe é, ante todo, cambio, e o desafío consiste en xestionar este cambio cara a unha paisaxe máis sustentable. A materia debe invitar a que o alumnado exprese as súas propias aspiracións e os seus desexos, e comece a asumir a súa responsabilidade cara á conservación e a xestión da paisaxe.

Para alcanzar estes obxectivos, o traballo de campo eríxese nun procedemento de referencia nesta materia. A paisaxe é un libro que se le cos pés. E a través del pódese despregar un axeitado traballo competencial. A paisaxe bríndalle ao alumnado a oportunidade de enfrontarse a aprendizaxes moi próximas á súa realidade cotiá, o que lles dará sentido aos contidos que se lle propoñan. O contorno é un "espazo educativo". A cidade, o rural, o conxunto dos escenarios dos que formamos parte contribúen á creación dunha cidadanía formada e comprometida.

A achega da materia ao desenvolvemento do conxunto das competencias chave que engloban destrezas, actitudes e coñecementos é moi importante. Aínda que cómpre salientar a súa achega á competencia social e cívica, sen esquecer outras como a competencia dixital, a competencia de comunicación lingüística, a de aprender a aprender, e a competencia matemáticas e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. Este currículo, na súa abordaxe transdisciplinar, incide dun modo especial nos apartados transversais definidos ao longo da etapa e para todas as materias: o desenvolvemento sustentable e o medio, a educación cívica e constitucional, as TIC e a comunicación audiovisual. En definitiva, trátase dun currículo aberto a diferentes propostas metodolóxicas, aínda que se fai unha invitación ao profesorado a incidir nas potencialidades que nos ofrece o traballo fóra da aula para achegarse ás paisaxes próximas, co fin de ler nelas unha marabillosa narración, chea de suxestións sobre o noso medio natural, sobre a nosa cultura e sobre nós mesmos. Esta función hermenéutica das paisaxes permite lecturas complementarias que marcan un camiño que arranca na identificación e na caracterización dos elementos e as súas relacións espaciais, segundo o tipo de paisaxe e a escala de traballo elixida. É dicir, responder á pregunta: como é a paisaxe? Un segundo capítulo ábrese para invitar o alumnado á procura de resposta sobre as relacións causais que explican as súas paisaxes. E, por suposto, calquera paisaxe é unha realidade dinámica, cambiante a calquera escala. Por isto, haberá que tratar o cambio na paisaxe, como froito de dinámicas naturais e culturais que interactúan permanentemente. Unha coevolución que se fundamenta no mantemento dun equilibrio ecolóxico, na equidade social e nunha economía eficiente. Para rematar, cómpre insistir no emprego de ferramentas de avaliación coherentes coas metodoloxías recomendadas, sempre adaptadas ao nivel de desenvolvemento cognitivo da alumnado nestes primeiros cursos da ESO.

| | Paisaxe e Sustentabilidade. 1º/ 2º curso | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1.As lecturas da paisaxe. As súas dimensións e tipoloxías | | | |
| ▪ b<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ n | ▪ B1.1. Dimensión perceptiva das paisaxes. As paisaxes a través dos sentidos. Paisaxes vividas: fotografadas, relatadas e as paisaxes sonoras. | ▪ B1.1. Recoñecer a capacidade das paisaxes de xerar emocións individuais e colectivas. | ▪ PSB1.1.1. Elabora bosquexos e debuxos sinxelos a partir da observación nunha saída polo contorno. | ▪ CAA<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ PSB1.1.2. Expresa por escrito as sensacións experimentadas e o seu aprecio estético. | ▪ CCL |
| ▪ b<br>▪ f<br>▪ h | ▪ B1.2. Fisionomía da paisaxe.<br>– Elementos visuais nas paisaxes: liñas formas, volumes, texturas e cores.<br>– A súa composición escénica.<br>– Transcendencia da escala na análise. | ▪ B1.2. Identificar e describir os atributos visuais dos elementos presentes nunha escena paisaxística e os principais trazos da súa composición, segundo a escala. | ▪ PSB1.2.1. Describe as propiedades visuais (formas, cores, texturas e volumes) que caracterizan os principais obxectos dunha escena paisaxística, tendo en conta a escala. | ▪ CCL<br>▪ CMCTT |
| ▪ b<br>▪ e | ▪ B1.3. Paisaxe: manifestación formal das dinámicas antrópicas e naturais a diversas escalas espaciais e temporais. | ▪ B1.3. Recoñecer e caracterizar os elementos da matriz biofísica que conforman a estrutura dunha paisaxe, e aqueles outros de orixe antrópica e as | ▪ PSB1.3.1. Identifica, caracteriza formalmente e localiza no mapa as xeoformas, a rede hidrográfica e as formacións vexetais recoñecibles nunha paisaxe. | ▪ CSC<br>▪ CMCTT |

| | Paisaxe e Sustentabilidade. 1º/ 2º curso | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ f<br>▪ h | – Elementos estruturais e texturais.<br>– Matriz biofísica: xeoformas, rede hidrográfica e cuberta vexetal.<br>– Usos do solo, formas e elementos: mosaico agrario, rede de asentamentos e redes de mobilidade.<br>– Paisaxe urbana. | funcións que estes desenvolven. | | ▪ CD |
| | | | ▪ PSB1.3.2. Identifica, caracteriza formalmente e localiza no mapa, segundo a paisaxe en que viva, o parcelario agrario, os tipos de asentamentos e a rede de mobilidade. | ▪ CSC<br>▪ CMCTT<br>▪ CD |
| ▪ b<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ m | ▪ B1.4. Principios básicos da ecoloxía da paisaxe. Configuración espacial: matriz e teselas identificables nas paisaxes.<br>– As súas relacións espaciais e as súas funcións ecolóxicas.<br>– Necesaria conectividade nas paisaxes. Papel dos corredores ecolóxicos. | ▪ B1.4. Identificar e describir formalmente unidades homoxéneas na escena paisaxística e comprender algunhas das relacións espaciais e dinámicas ecolóxicas básicas que as explican. | ▪ PSB1.4.1. Localiza nun mapa da súa zona de estudo as principais manchas-unidades presentes, caracterízaas e explica de xeito sinxelo as súa funcionalidade ecolóxica. | ▪ CMCTT<br>▪ CCL |
| | | | ▪ PSB1.4.2. Identifica e caracteriza de xeito sinxelo os elementos naturais da paisaxe que cumpren a función de conectividade. | ▪ CMCTT<br>▪ CCL |
| ▪ b<br>▪ f<br>▪ ñ | ▪ B1.5. Diversidade de paisaxes no territorio galego. Tipoloxías segundo dominancia de elementos e principais dinámicas (naturais e culturais).<br>– Espazos agroforestais. Espazos construídos: rede urbana e de comunicación.<br>– Grandes áreas da paisaxe galega.<br>– Principais tipos de paisaxes galegas. | ▪ B1.5. Recoñecer os principais tipos de paisaxes: segundo os elementos dominantes, as dinámicas e a funcionalidade (naturais, urbanas e rurais). | ▪ PSB1.5.1. Identifica a paisaxe natural, os seus elementos formais dominantes e as súas funcións. | ▪ CMCTT |
| | | | ▪ PSB1.5.2. Identifica a paisaxe agraria e rural, os seus elementos formais dominantes e as súas funcións. | ▪ CMCTT |
| | | | ▪ PSB1.5.3. Identifica a paisaxe urbana e periurbana, os seus elementos formais e as súas funcións. | ▪ CMCTT |
| | Bloque 2. A paisaxe como produto social. Dinámicas e cambios nas paisaxes. A súa evolución | | | |
| ▪ b<br>▪ f<br>▪ h<br>▪ l<br>▪ ñ | ▪ B2.1. Paisaxe: produto social. Respostas culturais e tecnolóxicas da sociedade na súa relación co medio ao longo do tempo. | ▪ B2.1. Comprender que a paisaxe é o resultado dunha complexa interacción de factores naturais e humanos, actuando nun sistema espacial diferenciado. | ▪ PSB2.1.1. Describe de xeito básico algunha das relacións causais entre os elementos construídos, as formas de explotación ou de asentamento, e as condicións impostas polo medio. | ▪ CSC<br>▪ CMCTT<br>▪ CCL |
| ▪ b<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ l<br>▪ ñ | ▪ B2.2. Continuidade e cambio nas paisaxes. As paisaxes actuais e as súas dinámicas. Pegadas de procesos pretéritos. | ▪ B2.2. Comprender que a paisaxe é cambio a calquera escala espacial e temporal á que se analice. | ▪ PSB2.2.1. Recoñece e valora os cambios a diversas escalas espazo-temporais nas paisaxes do seu contorno. | ▪ CAA<br>▪ CSC |

| | Paisaxe e Sustentabilidade. 1º/ 2º curso | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ l<br>▪ ñ | ▪ B2.3. Procesos históricos que explican as nosas paisaxes. | ▪ B2.3. Identificar a evolución das paisaxes e as pegadas no presente de dinámicas pretéritas. | ▪ PSB2.3.1. Realiza procuras e pequenas investigacións en medios impresos e dixitais, referidas a procesos históricos ou acontecementos salientables na súa paisaxe próxima, e localiza páxinas e recursos da web directamente relacionados con eles. | ▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CD |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B2.4. Equilibrio ecolóxico, equidade social e eficiencia económica nas paisaxes.<br>– Fraxilidade das paisaxes. Necesario respecto ao equilibrio ecolóxico.<br>– Conflitos, impactos e ameazas sobre as paisaxes. | ▪ B2.4. Avaliar criticamente as accións do ser humano sobre a paisaxe e as súas consecuencias ambientais, identificando algúns destes problemas no contexto próximo. | ▪ PSB2.4.1. Utiliza tecnoloxías da información e da comunicación para elaborar documentos dixitais propios adecuados á súa idade, resultado da procura, a análise e a selección de información relevante referida a conflitos e impactos paisaxísticos na súa zona próxima, e expón e defende estes traballos. | ▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CD<br>▪ CMCTT |
| | Bloque 3. O carácter das paisaxes. Os seus valores tanxibles e intanxibles | | | |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ l<br>▪ ñ | ▪ B3.1. Cualificación das paisaxes. Valores que a sociedade lles outorga ás súas paisaxes.<br>– Carácter das paisaxes: esencia dos lugares.<br>– A paisaxe como construción colectiva. | ▪ B3.1. Comprender que todas as paisaxes posúen un carácter que as singulariza, froito das súas formas e da súa organización, así como dos valores intanxibles e materiais que cada cultura nun momento da súa historia lles outorga. | ▪ PSB3.1.1. Realiza procuras e pequenas investigacións en medios impresos e dixitais referidas aos valores da paisaxe próxima, e localiza páxinas e recursos na web directamente relacionados con eles. | ▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CMCTT<br>▪ CD |
| ▪ b<br>▪ f<br>▪ l<br>▪ m | ▪ B3.2. Valores ecolóxicos. Paisaxes sustentables. Rede de espazos de interese natural recoñecidos no contorno. | ▪ B3.2. Comprender que a calidade da paisaxe é un indicador dos seus equilibrios ecolóxicos e sociais e desenvolver unha actitude responsable cara ás condicións ambientais das paisaxes. | ▪ PSB3.2.1. Sitúa nun mapa, caracteriza de xeito básico e valora a importancia dos espazos naturais próximos ao seu contorno. | ▪ CSC<br>▪ CMCTT |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ l<br>▪ ñ | ▪ B3.3. Valores históricos e patrimoniais das nosas paisaxes.Tipoloxías arquitectónicas propias das grandes áreas da paisaxe galega. | ▪ B3.3. Entender que a paisaxe é un recurso patrimonial, portador de valores que merecen ser preservados. | ▪ PSB3.3.1. Identifica e localiza nun mapa fitos, lugares de referencia ou conmemorativos nas paisaxes actuais que son herdanza do pasado. | ▪ CSC<br>▪ CD |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B3.4. Sinais de identidade das paisaxes galegas.<br>– Toponimia. Nomes das paisaxes.<br>– Manifestacións culturais vinculadas ás paisaxes: festas, lendas, e feiras e mercados.<br>– Literatura e paisaxe. | ▪ B3.4. Recoñecer que as paisaxes contribúen intensamente na formación da nosa identidade individual e colectiva. | ▪ PSB3.4.1. Realiza unha pequena investigación e localiza nun mapa da súa paisaxe próxima topónimos ligados a feitos xeográficos ou ás actividades tradicionais, entre outras. | ▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCL<br>▪ CD |

| | Paisaxe e Sustentabilidade. 1º/ 2º curso | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ l<br>▪ ñ<br>▪ o | | | | |
| ▪ b<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ l<br>▪ m<br>▪ ñ | ▪ B3.5. Actividades económicas baseadas nos valores culturais e naturais que singularizan o territorio. Fenómeno turístico. Paisaxes como principal activo. | ▪ B3.5. Considerar o valor económico das paisaxes, á vez que a súa fraxilidade como recurso, xa que depende dun desenvolvemento sustentable. | ▪ PSB3.5.1. Realiza unha pequena investigación sobre a importancia económica das actividades turísticas baseadas nas paisaxes galegas. | ▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CMCCT |
| | Bloque 4. Paisaxe e calidade de vida. Un dereito da cidadanía | | | |
| ▪ b<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ m | ▪ B4.1. Paisaxe, saúde e calidade de vida. Influencia das paisaxes no benestar.<br>– Paisaxe e hábitos saudables.<br>– Benestar emocional e mellora da saúde nunha paisaxe de calidade. | ▪ B4.1. Entender que a paisaxe está relacionada co benestar e a calidade de vida. | ▪ PSB4.1.1. Coñece e valora as posibilidades que ofrece unha paisaxe de calidade para o benestar.<br>▪ PSB4.1.2. Deseña un itinerario sinxelo na súa paisaxe que percorre espazos propicios para o desenvolvemento de actividades físicas e de lecer. | ▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CMCCT |
| ▪ b<br>▪ f<br>▪ l<br>▪ m<br>▪ ñ | ▪ B4.2. Ordenación, xestión e protección das paisaxes galegas. Convenio Europeo da Paisaxe. | ▪ B4.2. Comprender a necesidade da ordenación e da xestión das paisaxes para a súa salvagarda, e formular actuacións sinxelas, encamiñadas á conservación da paisaxe. | ▪ PSB4.2.1. Realiza unha pequena investigación e suxire algunha actuación que mellore ou resolva algún impacto na súa paisaxe máis próxima. | ▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CAA |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B4.3. Participación social na xestión das paisaxes. Exercicio dun dereito. A paisaxe como ben común. | ▪ B4.3. Comprender que a paisaxe é un dereito da cidadanía e que require da nosa participación activa. | ▪ PSB4.3.1. Argumenta nun debate o seu punto de vista respecto a cuestións relacionadas coa calidade e a conservación da súa paisaxe cotiá. | ▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCL |

# Programación

## Introdución

A informática desenvolve un papel fundamental na sociedade actual, porque está integrada en case todas as tecnoloxías aplicadas para satisfacer as necesidades individuais e colectivas. Neste sentido, Programación achégalle ao currículo a capacidade de analizar problemas e necesidades do mundo real, e a de deseñar algoritmos que os resolvan e que poidan aplicarse na construción de sistemas tecnolóxicos. Pero ademais, a programación dota o alumnado de técnicas e habilidades que permiten aumentar as súas capacidades de análise e de resolución de problemas que, xunto coa potenciación da capacidade de innovación, proporcionan a esta materia unha grande relevancia educativa. No desenvolvemento das tarefas propias da programación conxúganse, ademais da innovación, elementos como o traballo en equipo ou o carácter emprendedor, que son imprescindibles para formar unha cidadanía autónoma e competente.

A materia de Programación achega os coñecementos informáticos necesarios para resolver problemas deseñando algoritmos e codificando programas, e para adaptarse aos cambios propios do ámbito informático. Daquela, o bloque "Diagramas de fluxo" trata os aspectos básicos do deseño de algoritmos e da súa representación mediante diagramas de fluxo. O bloque "Programación por bloques" introduce un paradigma de programación que resulta especialmente útil neste nivel educativo, para unha primeira aproximación a esta disciplina, dada a súa sinxeleza e as súas posibilidades técnicas para converter de forma gráfica diagramas de fluxo en programas. O bloque "Programación web" introduce as linguaxes de marcas (apoiándose na linguaxe HTML) e as ferramentas da web 2.0, para aplicar as destrezas de programación á produción de contidos sinxelos ao tempo que interactivos e accesibles.

Como noutras materias que tratan aspectos tecnolóxicos, nesta poden integrarse coñecementos de carácter matemático e científico, ademais de que é frecuente que a programación informática se utilice para resolver problemas específicos doutras disciplinas. Xa que logo, un enfoque interdisciplinar favorecerá a conexión tanto con outras materias como con diversos temas de actualidade.

Desde o punto de vista metodolóxico, a programación informática admite tratamentos moi diversos, porque serve tanto para integrar as restantes materias do currículo como para afondar en aspectos específicos da programación ou da elaboración de contidos, sen esquecer que está nomeadamente indicada para reflexionar sobre os temas tecnolóxicos e de actualidade. Esta materia caracterízase pola realización de actividades nas que se resolven problemas utilizando un contorno informático de programación e ferramentas de desenvolvemento de contidos, contexto no que a iniciativa, a colaboración e o respecto polos dereitos dos colectivos relacionados coa cultura ou coa produción de programas informáticos son tan importantes como o dominio dos recursos informáticos. A participación pode potenciarse nesta materia resolvendo colaborativamente os problemas mediante a análise e o desenvolvemento de programas, e coa procura e a análise de información en internet, aspectos que tamén favorecen a propia aprendizaxe. Débese reflexionar e traballar en grupo procurando solucións a problemas nos que se poidan aplicar os coñecementos adquiridos, e procurar información adicional, se se require, para fomentar o espírito emprendedor.

A contribución da materia de Programación ao desenvolvemento das competencias clave dependerá en grande medida do tipo de actividades; é dicir, da metodoloxía empregada. Neste sentido, a comunicación lingüística desenvolverase na medida en que o alumnado adquira e utilice un vocabulario técnico preciso, elabore programas e documentos, explique conceptos ou elabore e expoña información. A competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía poden alcanzarse aplicando técnicas de tratamento e almacenamento de datos, deseñando algoritmos e analizando o funcionamento de programas, ou mediante a análise e a valoración das repercusións da informática na sociedade. A competencia dixital, que é a específica desta materia, desenvolverase co emprego constante das TIC para procurar e almacenar información, para obter e presentar datos ou para elaborar programas e utilidades informáticas que sirvan para resolver problemas.

Para que o alumnado poida aprender a aprender, as actividades deben permitir que tome decisións cun certo grao de autonomía, que organice o proceso da propia aprendizaxe e que aplique o aprendido a situacións cotiás das que poida avaliar os resultados. Do mesmo xeito, as competencias sociais e cívicas alcanzaranse procurando que o alumnado traba-

lle en equipo, interactúe con outras persoas e con grupos de forma democrática, e respecte a diversidade e as normas, e tamén mediante a análise da interacción entre o desenvolvemento das TIC e os cambios socioeconómicos e culturais que produce.

O sentido de iniciativa e espírito emprendedor conséguese nesta materia a través do deseño, da planificación e da xestión de proxectos informáticos sinxelos, ao transformar as ideas propias en programas ou en documentos para a web. E a conciencia e as expresións culturais reflíctense na análise da influencia dos fitos técnicos das TIC en distintas culturas e no seu desenvolvemento e progreso.

En resumo, a materia de Programación ofrece un inmenso potencial para axudar a comprender a enorme influencia da informática na sociedade actual e para desenvolver un conxunto de competencias relacionadas co contexto profesional que serán dunha axuda inestimable na realización de estudos posteriores.

| | Programación. 1º/2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1.Diagramas de fluxo | | | |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B1.1. Diagramas de fluxo: elementos, símbolos e o seu significado; ferramentas. | • B1.1. Representar algoritmos mediante diagramas de fluxo. | ▪ PROB1.1.1. Elabora diagramas de fluxo para deseñar e representar algoritmos. | ▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B1.2. O termo "algoritmo". Deseño de algoritmos utilizando diagramas de fluxo.<br>▪ B1.3. Técnicas de resolución de problemas. | ▪ B1.2. Resolver problemas sinxelos utilizando algoritmos. | ▪ PROB1.2.1. Analiza problemas para elaborar algoritmos que os resolven. | ▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ PROB1.2.2. Obtén o resultado de seguir un algoritmo partindo de determinadas condicións. | ▪ CMCCT<br>▪ CD |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B1.4. Elementos dun programa informático: estruturas e bloques fundamentais.<br>▪ B1.5. Estruturas de control: secuenciais, condicionais e iterativas.<br>▪ B1.6. Programación estruturada: procedementos e funcións. | ▪ B1.3. Analizar a estrutura dun programa informático, identificando os elementos propios da linguaxe de programación utilizada e a súa función. | ▪ PROB1.3.1. Identifica elementos característicos da linguaxe de programación en programas sinxelos. | ▪ CMCCT<br>▪ CD |
| | Bloque 2. Programación por bloques | | | |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B2.1. Elementos da sintaxe da linguaxe.<br>▪ B2.2. Elementos do contorno de traballo.<br>▪ B2.3. Deseño de algoritmos utilizando ferramentas informáticas. | ▪ B2.1. Empregar as construcións básicas dunha linguaxe de programación por bloques para resolver problemas. | ▪ PROB2.1.1. Describe o comportamento dos elementos básicos da linguaxe. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CD |
| | | | ▪ PROB2.1.2. Emprega correctamente os elementos do contorno de traballo de programación. | ▪ CMCCT<br>▪ CD |

| | Programación. 1º/2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | PROB2.1.3. Implementa algoritmos sinxelos usando elementos gráficos e interrelacionados para resolver problemas concretos. | CMCCT<br>CD<br>CAA<br>CSIEE |
| b<br>d<br>g<br>i<br>l | B2.4. Instrucións básicas: movemento, aparencia, sons e debuxo. | B2.2. Resolver problemas sinxelos nunha linguaxe de programación por bloques empregando instrucións básicas. | PROB2.2.1. Realiza programas sinxelos na linguaxe de programación empregando instrucións básicas. | CMCCT<br>CD<br>CAA<br>CSIEE |
| b<br>d<br>g<br>i<br>l | B2.5. Instrucións de control de execución: condicionais e bucles<br>B2.6. Operadores aritméticos e lóxicos. | B2.3. Resolver problemas nunha linguaxe de programación por bloques empregando instrucións iterativas. | PROB2.3.1. Realiza programas de mediana complexidade na linguaxe de programación empregando instrucións condicionais e iterativas. | CMCCT<br>CD<br>CAA<br>CSIEE |
| | | | PROB2.3.2. Descompón problemas de certa complexidade en problemas máis pequenos susceptibles de seren programados como partes separadas. | CMCCT<br>CD<br>CSIEE |
| b<br>d<br>g<br>i<br>l | B2.7. Estruturas de almacenamento de datos. Variables e listas. | B2.4. Resolver problemas nunha linguaxe de programación por bloques empregando variables e estruturas de datos. | PROB2.4.1. Explica as estruturas de almacenamento para diferentes aplicacións tendo en conta as súas características. | CCL<br>CMCCT<br>CD |
| | | | PROB2.4.2. Realiza programas de certa complexidade na linguaxe de programación empregando variables e estruturas de almacenamento. | CMCCT<br>CD<br>CAA<br>CSIEE |
| b<br>d<br>g<br>i<br>l | B2.8. Instrucións de manexo de controis, sensores e eventos. | B2.5. Resolver problemas nunha linguaxe de programación por bloques empregando controis, eventos e fíos. | PROB2.5.1. Realiza programas de certa complexidade na linguaxe de programación empregando eventos, sensores e fíos. | CMCCT<br>CD<br>CAA<br>CSIEE |
| b<br>d<br>g<br>i<br>l | B2.9. Execución. Deseño e realización de probas: tipos de probas e casos de proba.<br>B2.10. Depuración e documentación de programas. | B2.6. Verificar o funcionamento dos programas para depuralos ou para optimizar o seu funcionamento. | PROB2.6.1. Obtén o resultado de seguir un programa escrito nun código determinado, partindo de determinadas condicións. | CMCCT<br>CD |
| | | | PROB2.6.2. Depura e optimiza o código dun programa dado aplicando procedementos de depuración. | CMCCT<br>CD |

| | Programación. 1º/2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 3. Programación web | | | |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ n | ▪ B3.1. Linguaxes de marcas para a creación de documentos web.HTML.<br>▪ B3.2. Accesibilidade e usabilidade en internet. | ▪ B3.1. Empregar os elementos das linguaxes de marcas para crear contidos accesibles. | ▪ PROB3.1.1. Describe as características fundamentais e os comportamentos dos elementos das linguaxes de marcas. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ PROB3.1.2. Identifica as propiedades dos elementos da linguaxe de marcas relacionadas coa accesibilidade e a usabilidade das páxinas. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CD |
| | | | ▪ PROB3.1.3. Deseña páxinas web sinxelas e accesibles. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE<br>▪ CCEC |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ n | ▪ B3.3. Ferramentas de creación de contidos da web 2.0. | ▪ B3.2. Elaborar e publicar contidos na web integrando información textual, gráfica e multimedia. | ▪ PROB3.2.1. Elabora contidos utilizando as posibilidades que permiten as ferramentas de creación de paxinas web e contidos 2.0. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE<br>▪ CCEC |

# Promoción de Estilos de Vida Saudables

## Introdución

Na sociedade actual a mellora da esperanza de vida, o maior logro alcanzado pola raza humana, vese ameazada debido á adquisición e o mantemento de estilos de vida prexudiciais para a saúde. A enorme capacidade de adaptación do ser humano, que lle permite entre outras cousas habitar en ambientes extremos en todos os recunchos do mundo, converteuse nunha arma de dobre fío para a esperanza de vida. A adquisición de hábitos de vida prexudiciais para a saúde, como a inactividade ou a dieta desequilibrada, está a conseguir que se incrementen os índices de obesidade e de sedentarismo ata niveis alarmantes, xa desde idades moi temperás, así como as doenzas derivadas diso e, como consecuencia, a morte prematura.

As institucións nacionais e internacionais máis importantes no ámbito da saúde alertan de que a prevención de comportamentos perigosos para a saúde e a promoción de estilos de vida saudable deben abordarse en idades cada vez máis temperás, e nomeadamente desde o ámbito educativo. Estas institucións coinciden en que a loita contra os baixos niveis de actividade física e os seus efectos prexudiciais, e a loita contra a obesidade e os seus efectos negativos, son os alicerces sobre os que se debe asentar calquera intervención desde o ámbito educativo. Nos primeiros cursos de ESO o alumnado experimenta importantes cambios persoais e sociais, e entra en contacto por primeira vez con determinados hábitos tóxicos aos que debe saber enfrontarse.

O currículo de Promoción de Estilos de Vida Saudables ten como finalidade abordar a prevención dos efectos negativos da inactividade física e da dieta desequilibrada, tratando de proporcionarlle ao alumnado unha serie de competencias que lle permitan, desde a práctica, adquirir e instaurar un estilo de vida saudable e que este se manteña no tempo.

O currículo divídese en dous bloques de contidos: "Actividade física e saúde" e "Alimentación para a saúde". Esta distribución non determina métodos nin organizacións concretas; soamente responde a unha forma coherente de presentar os contidos, deixando liberdade ao profesorado para a súa concreción curricular e a súa temporalización, adaptando a metodoloxía máis adecuada ás características tanto do grupo de alumnos e alumnas como dos propios contidos. Con todo, dada a importancia que para a instauración dun hábito ten a súa práctica frecuente, é importante favorecer unha metodoloxía que se fundamente na aprendizaxe a través da práctica, o traballo en equipo e o desenvolvemento de proxectos.

O bloque de contidos "Actividade física e saúde" está centrado no coñecemento dos efectos positivos sobre a saúde de levar unha vida activa, e débelle permitir ao alumnado avaliar de forma básica o seu nivel de actividade física, aplicando métodos sinxelos e as novas tecnoloxías, á vez que deseña e pon en práctica un plan de intervención e promoción dun estilo de vida activo tanto para el mesmo como para as persoas do seu contorno, con especial atención á familia. Ademais, aborda de maneira sinxela o traballo no ámbito socioemocional de estratexias que lle permitan evitar os hábitos tóxicos relacionados coa actividade física (sedentarismo, lecer excesivo a través de pantallas, etc.). Este bloque de contidos procura, a través da práctica de actividade física e o traballo por proxectos, que o alumnado poida afianzar as ferramentas e os coñecementos necesarios para definir e pór en práctica o seu propio estilo de vida saudable.

O bloque de "Alimentación para a saúde" busca que o alumnado adquira as competencias necesarias para instaurar uns hábitos de alimentación e hidratación saudables que lle permitan o cumprimento das recomendacións científicas para a súa idade, o seu sexo e a súa actividade física diaria. A través do coñecemento dos alimentos e das bebidas, así como das súas proporcións máis adecuadas ás súas propias características e demandas enerxéticas, o alumnado debe aprender a avaliar de forma sinxela a súa inxestión e a instaurar un estilo de vida saudable a través da elaboración e a posta en marcha de dietas equilibradas, partindo de patróns alimentarios saudables, como as dietas atlántica e mediterránea. Procúrase tamén o desenvolvemento da capacidade crítica na compra de alimentos e bebidas, dotando de ferramentas que permitan facer unha análise crítica das etiquetas nutricionais. No ámbito socioemocional. trátase de dotar o alumnado das ferramentas básicas para se enfrontar con éxito ao perigo de adquirir hábitos tóxicos para a súa saúde (alcohol, tabaco, drogas, etc.).

A materia trata de conseguir que, a través dunha aprendizaxe eminentemente práctica, o alumnado adquira e consolide un estilo de vida saudable propio que satisfaga as súas necesidades e que se axuste aos seus intereses, tendo en conta que se atopa nun período especialmente sensible da súa vida no que a adopción de patróns de conduta cobra a máxima importancia.

En definitiva,preténdese vincular ao alumnado a prácticas saudables, a través de aprendizaxes que teñan unha carga emocional positiva e que poida aplicar nas vivencias do seu día a día. É tamén unha boa ocasión para aplicar diferentes metodoloxías para a xestión de aula con tarefas pertinentes e contextualizadas, buscar a relación con outras materias e, así, construír aprendizaxes significativas para facer do alumnado suxeitos competentes no desempeño do seu propio estilo de vida saudable.

Recoméndanse, xa que logo, metodoloxías que poidan mobilizar coñecementos, habilidades e actitudes en situacións moi próximas á realidade vivida polo alumnado, que estimulen a súa creatividade e sexan capaces de crear aprendizaxes significativas. Os traballos de campo son unha potente ferramenta para a súa consecución nesta materia. Resulta tamén clave insistir no emprego de ferramentas de avaliación axeitadas e coherentes coas metodoloxías recomendadas, sempre adaptadas ao nivel de desenvolvemento cognitivo do alumnado nos primeiros cursos de ESO.

| | Promoción de Estilos de Vida Saudables. 1º/2º ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. Actividade física e saúde | | | |
| ▪ c<br>▪ m | ▪ B1.1. Actividade física como hábito de vida saudable: como, cando, onde, canta e por que. | ▪ B1.1. Coñecer a relación entre a práctica regular de actividade física e a saúde. | ▪ PEVSB1.1.1. Coñece os beneficios para a saúde da práctica regular de actividade física, así como os efectos adversos da inactividade. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ PEVSB1.1.2. Identifica os principais parámetros de saúde axeitados para a súa idade, e relaciona a actividade física idónea para a súa mellora. | ▪ CMCCT |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ e<br>▪ m | ▪ B1.2. Avaliación e análise da postura, da composición corporal e da actividade física saudable realizada. | ▪ B1.2. Avaliar a postura, a composición corporal, a actividade física desenvolvida e a inactividade, aplicando sistemas sinxelos e as novas tecnoloxías. | ▪ PEVSB1.2.1. Coñece e avalía a súa postura, a composición corporal (talla, peso, IMC, etc.), a actividade e inactividade física diaria, a tensión arterial, etc., aplicando sistemas sinxelos e as novas tecnoloxías. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA |
| | | | ▪ PEVSB1.2.2. Elabora, analiza e avalía un diario da súa actividade física desenvolvida durante un período de tempo acordado. | ▪ CMCCT |
| ▪ g<br>▪ l<br>▪ m | ▪ B1.3. Plans e estratexias para o incremento da actividade física diaria e para a redución dos períodos de inactividade. | ▪ B1.3. Aplicar un plan para o incremento da actividade física saudable ao longo do día, utilizando os recursos dispoñibles no contorno. | ▪ PEVSB1.3.1. Elabora un plan para o incremento da súa actividade física diaria, reducindo os tempos de inactividade (televisión, teléfono móbil, etc.) e os desprazamentos con motor, e comprométese a pólo en práctica durante un período de tempo acordado de xeito individual ou en grupo. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| | | | ▪ PEVSB1.3.2. Localiza e utiliza os recursos dispoñibles no seu contorno para a realización de actividade física saudable. | ▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CAA |

| | Promoción de Estilos de Vida Saudables. 1º/2º ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | ▪ PEVSB1.3.3. Adquire e utiliza estratexias socioemocionais para evitar os hábitos tóxicos relacionados coa actividade física (sedentarismo, vigorexia, dopaxe, etc.). | ▪ CSC |
| ▪ g<br>▪ l<br>▪ m | ▪ B1.4. Organización e promoción da práctica de actividade física diaria. | ▪ B1.4. Deseñar, organizar e difundir actividades para fomentar o incremento da práctica de actividade física diaria. | ▪ PEVSB1.4.1. Deseña, utiliza e difunde un plan de mobilidade peonil e/ou en bicicleta no seu contorno e/ou a súa localidade. | ▪ CD<br>▪ CAA |
| | | | ▪ PEVSB1.4.2. Deseña, utiliza e difunde unha guía para o incremento da actividade física na vida cotiá. | ▪ CD<br>▪ CAA |
| | | | ▪ PEVSB1.4.3. Organiza, nun medio tanto natural como urbano, actividades para a difusión, o fomento e a práctica de actividade física saudable en grupo (familia, grupo clase, centro, amizades, etc.). | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| | Bloque 2. Alimentación para a saúde | | | |
| ▪ l<br>▪ m | ▪ B2.1. Alimentación como hábito de vida saudable. Beneficios e riscos para a saúde derivados da dieta. Modelos de dieta atlántica e mediterránea como patróns alimentarios saudables. | ▪ B2.1. Valorar a alimentación como un hábito de vida saudable e as recomendacións dietéticas e de hidratación adaptadas á idade, o sexo e a actividade física diaria. | ▪ PEVSB2.1.1. Coñece as recomendacións dietéticas e de hidratación, a importancia para a saúde dunha alimentación sa e equilibrada (variada, suficiente, etc.), e os riscos para a saúde da inxestión desmesurada de produtos azucrados, salgados, etc. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ PEVSB2.1.2. Identifica os alimentos e as recomendacións que propoñen os modelos de dieta atlántica e mediterránea, e os seus beneficios. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA |
| ▪ e<br>▪ m | ▪ B2.2. Inxestión alimentaria e hidratación segundo as recomendacións saudables máis axeitadas a súa idade, o seu sexo e a súa actividade física diaria. | ▪ B2.2. Analizar e avaliar de xeito sinxelo a inxestión habitual e a hidratación, e coñecer as recomendacións de inxestión máis adecuadas á súa idade, ao seu sexo e á súa actividade física diaria. | ▪ PEVSB2.2.1. Rexistra, analiza e avalía a súa propia inxestión durante un período de tempo acordado, tendo en conta as recomendacións para a súa idade, o seu sexo e a súa actividade física diaria. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA |
| | | | ▪ PEVSB2.2.2. Coñece as recomendacións de inxestión alimentaria e hidratación adecuadas á súa idade, ao seu sexo e ao seu nivel de actividade física diaria. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ PEVSB2.2.3. Adquire e utiliza estratexias socioemocionais para evitar hábitos tóxicos relacionados coa alimentación (anorexia, drogas, alcohol, tabaco, etc.). | ▪ CSC |
| ▪ g<br>▪ l | ▪ B2.3. Deseño de propostas dietéticas sinxelas. Estratexias para a incorporación das recomendacións de alimentación e hidratación como hábito de vida sau- | ▪ B2.3. Deseñar, utilizar e difundir estratexias para a adquisición de hábitos de alimentación e hidratación saudables. | ▪ PEVSB2.3.1. Deseña, utiliza e difunde unha guía para aplicar as recomendacións dietéticas e de hidratación adaptadas á idade, ao sexo e á actividade física diaria, | ▪ CMCCT<br>▪ CD |

| | Promoción de Estilos de Vida Saudables. 1º/2º ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ m | dable. | | e comprométese a aplicala durante un período de tempo acordado. | ▪ CAA |
| | | ▪ B2.4. Deseñar dietas sinxelas, aplicando as recomendacións segundo idade, sexo e actividade física diaria durante un período de tempo acordado. | ▪ PEVSB2.4.1. Deseña e elabora unha proposta de almorzos e merendas saudables, respectando as recomendacións dietéticas para a súa idade, o seu sexo e o seu nivel de actividade física, e comprométese a desenvolvela durante un período de tempo acordado. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| ▪ l<br>▪ m | ▪ B2.4. Estratexias para a selección de alimentos e bebidas, que permitan o cumprimento das recomendacións. Etiquetaxe nutricional dos alimentos e das bebidas. | ▪ B2.5. Facer unha escolla axeitada de alimentos e de bebidas á súa idade, ao seu sexo e á súa actividade física diaria, valorando criticamente as indicacións da etiquetaxe dos produtos. | ▪ PEVSB2.5.1. Elabora unha lista da compra semanal, respectando as recomendacións dietéticas segundo a idade, o sexo e a actividade física diaria. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA |
| | | | ▪ PEVSB2.5.2. Interpreta correctamente e de xeito básico a etiquetaxe nutricional dos produtos alimenticios, identificando os valores recomendados para a súa saúde. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA |

# Xadrez

## Introdución

O xadrez é un xogo de lóxica e estratexia que axuda a adquirir hábitos, actitudes e procesos de pensamento imprescindibles na ESO. Cando xogamos reflexivamente débense seguir pasos semellantes aos necesarios para desenvolver calquera outro tipo de problema. Xogando créase un clima favorable á discusión e ao debate, o que fomenta a expresión oral en diferentes contextos. Favorécese a capacidade de formular instrucións e a expresión do razoamento das estratexias seguidas no xogo mediante un novo código de comunicación. O xadrez tamén facilita os procesos de socialización establecendo entre o alumnado relacións de cooperación, o cal favorece que cada alumno/a afiance a súa identidade persoal, adquira hábitos de convivencia democrática e aprenda a ser unha persoa independente que aborda a análise de situacións para obter as súas propias conclusións a través dunha actitude crítica ante o mundo.

O bloque "Fundamentos de xadrez" desenvolve contidos elementais e prácticos para empezar a xogar ao xadrez, ademais de aprender vocabulario específico noutros idiomas. O bloque "O xogo en acción" dedícase a afondar na adquisición de coñecementos técnicos e tácticos para ir mellorando no xogo. O bloque "Transversalidade no xadrez" pretende desenvolver técnicas de traballo cooperativo, a mellora no manexo das TIC e a análise de diferentes situacións desde a interdisciplinaridade.

Esta materia facilita a posibilidade de traballar en equipo en todos os bloques do currículo, para formular e resolver problemas tanto do xadrez como doutro tipo. Para tal fin, podemos dispor das necesarias ferramentas das tecnoloxías da información e da comunicación que permiten a procura, a presentación, o almacenamento e a publicación de información, e que tamén facilita a relación con outras persoas ao xogar partidas en rede, desenvolvendo como competencia o sentido de iniciativa e espírito emprendedor.

A materia de Xadrez desenvolve as competencias clave como se detalla deseguido. Neste sentido, a comunicación lingüística desenvólvese a través do uso do vocabulario específico da materia, da realización de produción escrita e da exposición oral dos razoamentos lóxicos aos que se chegue en cada situación. A competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía desenvolveranse nomeadamente coa resolución de problemas de calquera índole mediante o razoamento lóxico. Cómpre sinalar que o xadrez e a competencia matemática van moi unidos pola súa propia natureza. A competencia dixital vaise desenvolver co frecuente emprego das TIC na procura e no almacenamento de información e coas aplicacións e os programas propios do xadrez. Aprender a aprender é unha competencia de forte presenza no xadrez, pois este reclama constantemente procesos de análise e reflexión do alumnado. As competencias sociais e cívicas alcanzaranse a través da realización das actividades de xeito cooperativo, procurando que o alumnado traballe en grupo e interactúe respectando as normas segundo o contexto onde se atope. O sentido de iniciativa e espírito emprendedor conséguese mediante esta materia a través do desenvolvemento da creatividade, do esforzo persoal, da capacidade de análise, da planificación, da organización e toma de decisións, da resolución de problemas, da xestión de riscos, da avaliación e da autoavaliación, etc., que supón de por si o xadrez. A conciencia e expresións culturais vaise traballar a través da análise da evolución histórica do propio xogo e mais das diferentes tendencias artísticas nos deseños das pezas do xadrez ao longo da historia e nas diferentes culturas.

| | Xadrez. 1º/2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. Fundamentos do xadrez | | | |
| ▪ b<br>▪ f | ▪ B1.1. Taboleiro: colocación, cadros, columnas, ringleiras, diagonais, flancos e centro. | ▪ B1.1. Utilizar adecuadamente o taboleiro de xadrez. | ▪ XAB1.1.1. Sitúa adecuadamente o taboleiro e identifica ringleiras, columnas, diagonais, flancos e centro antes de empezar a xogar. | ▪ CMCCT |

| | Xadrez. 1º/2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ g | | | ▪ XAB1.1.2. Aplica conceptos xeométricos sinxelos (paralelismo, perpendicularidade, ángulos, polígonos, áreas, etc.) co movemento das pezas no taboleiro. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA |
| ▪ b<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ o | ▪ B1.2. Pezas: nomes e colocación. Vocabulario do xadrez. | ▪ B1.2. Coñecer as pezas do xadrez e o seu vocabulario específico en diferentes linguas. | ▪ XAB1.2.1. Coñece o nome das pezas en varias linguas e sabe colocalas no taboleiro. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ XAB1.2.2. Usa con corrección o vocabulario específico do xadrez. | ▪ CCL |
| ▪ b<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B1.3. Movementos das pezas.<br>▪ B1.4. Reloxo: tipos ao longo da historia.<br>▪ B1.5. Valor das pezas. Equivalencias. | ▪ B1.3. Aplicar adecuadamente os movementos e o valor das pezas de xadrez no xogo. | ▪ XAB1.3.1. Reproduce con corrección os movementos das pezas do xadrez. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA |
| | | | ▪ XAB1.3.2. Distingue o valor das pezas do xadrez. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ XAB1.3.3. Identifica os tipos de reloxos ao longo da historia do xadrez. | ▪ CCL |
| | | | ▪ XAB1.3.4. Utiliza o reloxo nunha partida. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ XAB1.3.5. Realiza operacións combinadas cos valores das pezas, aplicando correctamente a xerarquía de operacións. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA |
| | | | ▪ XAB1.3.6. Realiza e formula actividades e problemas matemáticos onde se manexe o valor das pezas do xadrez de xeito creativo. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| ▪ b<br>▪ f<br>▪ g | ▪ B1.5. Capturas das pezas.<br>▪ B1.6. Ameazas e defensas. Xogadas erróneas. | ▪ B1.4. Realizar adecuadamente en xogadas a captura das pezas, defensas e ameazas, e identificar cando son erróneas. | ▪ XAB1.4.1. Aplica a captura das pezas. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA |
| | | | ▪ XAB1.4.2. Identifica xogadas erróneas con certa rapidez. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA |
| | | | ▪ XAB1.4.3. Aplica as formas de defenderse das ameazas das pezas. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA |
| | | | ▪ XAB1.4.4. Recoñece os motivos polos que un/unha xogador/a sacrifica unha peza. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA |
| ▪ b | ▪ B1.7. Enroque: curto e longo. Condicións para o | ▪ B1.5. Utilizar os tipos de enroque e valorar o máis | ▪ XAB1.5.1. Recoñece os tipos de enroque. | ▪ CMCCT |

| | Xadrez. 1º/2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ f<br>▪ g | enroque. | adecuado en cada caso. | ▪ XAB1.5.2. Aplica correctamente o enroque ao longo dunha partida. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA |
| | | | ▪ XAB1.5.3. Identifica cando se pode facer o enroque. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA |
| | | | ▪ XAB1.5.4. Representa sobre o taboleiro casos prácticos sobre o enroque. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA |
| | Bloque 2. O xogo en acción | | | |
| ▪ b<br>▪ f<br>▪ g | ▪ B2.1. Concepto de xaque. Defensa e tipos.<br>▪ B2.2. Xaque mate. Mates famosos.<br>▪ B2.3. Combinacións de xaque mate: con dama, con torre, con alfil, con cabalo e con peón.<br>▪ B2.4. Xaque mate en unha, dúas ou tres xogadas con diferentes pezas. | ▪ B2.1. Coñecer e utilizar o xaque, o xaque mate e os mates máis famosos en xogadas con diferentes pezas e coas distintas combinacións. | ▪ XAB2.1.1. Realiza xaques como estratexia de ataque nunha partida. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA |
| | | | ▪ XAB2.1.2. Recoñece as formas de evitar un xaque ao longo dunha partida e elixe a máis conveniente en cada caso. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA |
| | | | ▪ XAB2.1.3. Reproduce nun taboleiro os mates máis famosos. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ XAB2.1.4. Reproduce xaque mate con rei e outras pezas, contra o rei contrario. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA |
| | | | ▪ XAB2.1.5. Resolve e formula casos prácticos de xaque mate en unha, dúas ou tres xogadas. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA |
| ▪ b<br>▪ f<br>▪ g | ▪ B2.5. Táboas: tipos. | ▪ B2.2. Identificar e reproducir casos de táboas. | ▪ XAB2.2.1. Distingue todos os casos de táboas. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ XAB2.2.2. Reproduce casos prácticos de táboas nunha xogada. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA |
| ▪ b<br>▪ f<br>▪ g | ▪ B2.6. Notación das xogadas: alxébrica e descritiva (clásica). | ▪ B2.3. Anotar correctamente os movementos dunha partida. | ▪ XAB2.3.1. Anota correctamente os movementos das pezas nun patrón de xadrez ao longo dunha partida. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ XAB2.3.2. Establece equivalencias entre a anotación alxébrica en xadrez coa representación de puntos no plano nos eixes cartesianos. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA |
| | | | ▪ XAB2.3.3. Reproduce unha partida no taboleiro desde as anotacións alxébricas. | ▪ CMCCT |
| ▪ b | ▪ B2.7. Combinacións: dobre ameaza, cravada, descuberta e raios X. | ▪ B2. 4. Identificar e utilizar con corrección os tipos de combinacións. | ▪ XAB2.4.1. Distingue as fases dunha combinación: formulación, análise e combinación. | ▪ CMCCT |

| | Xadrez. 1º/2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ f<br>▪ g | | | ▪ XAB2.4.2. Realiza dobres ameazas, cravadas, descubertas e raios X. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ XAB2.4.3. Realiza os dous tipos de descubertas. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ XAB2.4.4. Reproduce e formula posicións no taboleiro de xadrez de todos os casos de combinacións. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA |
| ▪ b<br>▪ f<br>▪ g | ▪ B2.8. Intercambios: presión-defensa, intercambios de pezas, simplificación e contraataque. | ▪ B2. 5. Realizar intercambios eficaces ao longo dunha partida. | ▪ XAB2.5.1. Aplica intercambios eficaces ao longo da partida. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA |
| | | | ▪ XAB2.5.2. Identifica cando nunha simplificación se entrase no final de xogo. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA |
| | | | ▪ XAB2.5.3. Formula situacións de todos os casos de intercambio de pezas. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA |
| ▪ b<br>▪ f<br>▪ g | ▪ B2.9. Introdución aos principios da apertura. Erros na apertura. | ▪ B2.6. Aplicar as distintas aperturas. | ▪ XAB2.6.1. Coñece como se domina o centro na apertura. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA |
| | | | ▪ XAB2.6.2. Aplica as normas básicas da apertura e evita erros graves. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA |
| | | | ▪ XAB2.6.3. Anticipa as posibles xogadas do/da contrincante. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA |
| ▪ b<br>▪ g | ▪ B2.10. Final. Finais de rei e peóns. Finais con pezas. | ▪ B2.7. Resolver eficazmente os distintos finais que se poidan presentar ao longo dunha partida. | ▪ XAB2.7.1. Reproduce e aplica a regra do cadrado no final de rei e peóns, a regra da posición, o final de rei contra rei e peón, o final de dous peóns e os finais de dous peóns e pezas menores. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA |
| | Bloque 3. Transversalidade no xadrez | | | |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B3.1. Historia do xadrez. Lenda de Sissa.<br>▪ B3.2. Campións e campioas do mundo. | ▪ B3.1. Recoñecer e explicar os feitos históricos máis salientables da historia do xadrez. | ▪ XAB3.1.1. Utiliza o concepto de sucesión numérica na lenda de Sissa. | ▪ CMCCT<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ XAB3.1.2. Traballa de xeito cooperativo sobre a evolución do xadrez e das súas pezas en diferentes países, utilizando as TIC. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |

| | Xadrez. 1º/2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ ñ | | | ▪ XAB3.1.3. Coñece os/as mellores xogadores/as de xadrez e analiza o papel das mulleres neste xogo. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ i | ▪ B3.3. Xadrez e ferramentas das tecnoloxías da información e da comunicación (aplicacións de teléfono móbil, programas informáticos de xadrez, espazos virtuais de almacenamento de información, aplicacións de animación estilo flash, scratch, etc.) | ▪ B3.2. Utilizar as TIC para mellorar a práctica no xadrez. | ▪ XAB3.2.1. Coñece e manexa programas e aplicacións de teléfono móbil relacionados co xadrez. | ▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CAA |
| | | | ▪ XAB3.2.2. Utiliza espazos de almacenamento de información en rede (blog, wiki, etc.) para favorecer o intercambio de información entre os membros do grupo co que traballe. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ XAB3.2.3. Coñece e manexa diferentes plataformas de xadrez en liña que reforcen a aprendizaxe dos contidos do xadrez, ademais de poder desenvolver partidas con xogadores/as doutros países. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| ▪ b<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B3.4. Xadrez e matemáticas. | ▪ B3.3. Aplicar as matemáticas para facilitar a comprensión do xadrez. | ▪ XAB3.3.1. Desenvolve estratexias de cálculo mental para realizar operacións cos distintos tipos de números e porcentaxes a través do xadrez. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ XAB3.3.2. Formula e resolve problemas e cuestións xeométricas sinxelas (paralelismo, perpendicularidade, ángulos, polígonos, simetrías, perímetros, superficies, etc.) nas que se traballen conceptos do xadrez. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA |
| | | | ▪ XAB3.3.3. Interpreta e analiza gráficas elementais nun contexto de xadrez. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA |
| | | | ▪ XAB3.3.4. Representa datos de xadrez en gráficas e calcula a media, a mediana e a frecuencias absolutas e relativas, co fin de extraer conclusións. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ XAB3.3.5. Calcula probabilidades sinxelas de sucesos ligados a experimentos de xadrez. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ XAB3.3.6. Elabora cuestionarios sobre contidos que | ▪ CCL |

| | Xadrez. 1º/2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | relacionen as matemáticas co xadrez e avalíaos con corrección e precisión. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| ▪ b<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ n | ▪ B3.5. Pasatempos con xadrez: sudokus de xadrez, salto do cabalo, lanzarraios (co movemento da torre) etc.<br>▪ B3.6. O xadrez na literatura, na música e no cine.<br>▪ B3.7. O xadrez nos medios de comunicación. | ▪ B3.4. Utilizar recursos doutras disciplinas que se relacionen coa cultura do xadrez. | ▪ XAB3.4.1. Resolve e crea pasatempos de xadrez con autonomía e eficacia. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CAA |
| | | | ▪ XAB3.4.2. Comprende textos de diferentes xéneros literarios que fagan referencia á temática do xadrez. | ▪ CCL |
| | | | ▪ XAB3.4.3. Crea e redacta versos emparellados sobre temática do xadrez seguindo modelos establecidos. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ XAB3.4.4. Resume e analiza de xeito crítico a representación do xadrez no cine. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ XAB3.4. 5. Procura información de actualidade sobre o xadrez e analízaa dun xeito crítico. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE |

# Antropoloxía

## Introdución

O que diferenza claramente a antropoloxía doutras disciplinas veciñas é, sen lugar a dúbidas, o seu marcado e específico carácter global e comparativo. Os pobos, as crenzas, a cultura... son observados baixo a potente lente dunha análise obxectiva que, de seguro, debe contribuír de xeito decisivo ao coñecemento da persoa como tal e, sinaladamente, como ser social; e hoxe engadiriamos global. Pero, ademais, esta materia proporciona múltiples perspectivas, xa que combina dentro do vasto campo antropolóxico, outras achegas de saberes e perspectivas diversas. A rica combinación de saberes e contribucións que converxen nesta materia convértena nunha área singular para tratar de lle insuflar aos alumnos e ás alumnas un aire de comprensión e universalidade que os/as libere do cinto de etnocentrismo que a cotío preside as súas vidas.

Esta riqueza perspectivística pode axudar o alumnado dun xeito determinante, por unha banda, a alcanzar unha fértil madureza como persoa e, por outra, a fixar e relacionar diversos coñecementos que foi adquirindo na súa traxectoria académica: filosofía, bioloxía, linguas, historia, economía, arte, etc. Daquela a Antropoloxía convértese por dereito propio nunha materia que, caracterizada pola súa inherente transversalidade, lle propoña ao alumno a reflexión como eixe fundamental dunha existencia cívica crítica e construtiva. Pero é que a antropoloxía como estudo da humanidade, dos pobos antigos e modernos e dos seus estilos de vida, proporciónalle ao/á discente unha sorte de visión de amplo espectro que de seguro lle procura un horizonte de comprensión abstracto que pode axudalo/a, dun xeito moi específico e práctico, a entender de forma madura e intelixente o mundo global no que nos movemos e a incardinarse nel. E, desde logo, sen renunciar a achegar un punto de vista, antropoloxicamente mediado, da nosa realidade en Galicia. Ser quen de contrastar ou, por mellor dicir, examinar cientificamente outras crenzas e visións do mundo desde unha perspectiva eminentemente crítica é un obxectivo que se debe lograr para o enriquecemento do pensamento do alumnado e a súa propia autocomprensión como persoa galega.

O currículo da materia consta de cinco bloques que, por así dicir, van en orde ascendente, en relación ao grao de abstracción e xeneralidade. Daquela, desde a antropoloxía física, pasando pola cultural e social, chégase ao cumio da antropoloxía filosófica como elemento característico que lle debe servir ao alumnado para pechar ou redondear todas as reflexións previas.

Todo iso sen perder de vista o horizonte didáctico-metodolóxico que fai que as competencias se entendan como un "saber facer" que se aplica de forma moi diversa e que conecta coas habilidades prácticas. Se un dos elementos clave no ensino por competencias é espertar e manter a motivación cara á aprendizaxe do alumnado, que implica unha nova formulación do seu papel, activo e autónomo, consciente de ser responsable da súa aprendizaxe, esta materia pode ser, daquela, paradigmática. Xerar afán de indagación e necesidade de novos coñecementos deben xurdir da capacidade de xeración de curiosidade que o/a docente ten que ser quen de motivar. Nesta materia favorécese especialmente o carácter transversal e práctico, e poden empregarse no proceso de ensino e aprendizaxe de xeito asiduo as tecnoloxías da información e da comunicación, que permiten o acceso a recursos virtuais.

| | Antropoloxía. 1º Bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. A antropoloxía como saber | | | |

| | Antropoloxía. 1º Bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ e<br>▪ l | ▪ B1.1. Características, obxecto, método e técnicas dos estudos antropolóxicos. | ▪ B1.1. Delimitar e precisar o campo de estudo da antropoloxía, así como a súa metodoloxía e as súas técnicas. | ▪ ANTB1.1.1. Identifica e distingue, de xeito claro e razoado, o campo de estudo da antropoloxía. | ▪ CAA<br>▪ CCL |
| | | | ▪ ANTB1.1.2. Diferencia a súa metodoloxía e as técnicas ao respecto doutras ciencias e saberes. | ▪ CMCCT<br>▪ CCEC |
| ▪ g<br>▪ l | ▪ B1.2. Ramas da antropoloxía: física, cultural, social e filosófica. | ▪ B1.2. Definir e concretar o obxecto peculiar de estudo das ramas da antropoloxía. | ▪ ANTB1.2.1. Define e concreta con precisión o obxecto peculiar de estudo das ramas da antropoloxía, distinguindo cada unha a través de textos, e realiza unha presentación empregando as tecnoloxías da información e da comunicación. | ▪ CMCCT<br>▪ CCL<br>▪ CD |
| ▪ d<br>▪ e | ▪ B1.3. Escolas antropolóxicas | ▪ B1.3. Distinguir as peculiaridades das escolas antropolóxicas. | ▪ ANTB1.3.1. Distingue sinteticamente as características propias das escolas antropolóxicas, elaborando un mapa conceptual. | ▪ CAA<br>▪ CCL |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ l | ▪ B1.4. A antropoloxía e outras ciencias sociais. | ▪ B1.4. Diferenciar a antropoloxía doutras ciencias sociais. | ▪ ANTB1.4.1. Diferencia e explica a antropoloxía con respecto a outros saberes e outras ciencias sociais. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| | Bloque 2. Antropoloxía física: hominización e humanización | | | |
| ▪ e<br>▪ h | ▪ B2.1. Liña filoxenética humana. | ▪ B2.1. Establecer a liña filoxenética humana, dando conta das probas sobre a evolución. | ▪ ANTB2.1.1. Reproduce a liña filoxenética humana, utilizando para iso recursos das tecnoloxías da información e da comunicación. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CD |
| | | | ▪ ANTB2.1.2. Recoñece probas sobre a evolución. | ▪ CCEC<br>▪ CAA |
| ▪ e<br>▪ g | ▪ B2.2. Bases fisiolóxico-biolóxicas do comportamento humano. | ▪ B2.2.Describir, a través das tecnoloxías da información e da comunicación, as bases fisiolóxico-biolóxicas do comportamento humano desde a estrutura e a funcionalidade dos sistemas nervioso e endócrino. | ▪ ANTB2.2.1. Describe a estrutura e a funcionalidade do sistema nervioso e do endócrino, recorrendo ás tecnoloxías da información e da comunicación. | ▪ CD<br>▪ CCL<br>▪ CMCCT |
| ▪ a<br>▪ e<br>▪ m | ▪ B2.3. Proceso de humanización: e explosión cultural. | ▪ B2.3. Describir a orixe e a evolución da especie humana, e a arbore xenealóxica dos homínidos ata a explosión cultural. | ▪ ANTB2.3.1. Describe e explica, mediante ferramentas informáticas, a orixe e a evolución da especie humana. | ▪ CD<br>▪ CCL |
| | | | ▪ ANTB2.3.2. Constrúe a árbore xenealóxica dos homínidos ata a explosión cultural, e plásmaa nunha produción audiovisual. | ▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CSIEE<br>▪ CD |

| | Antropoloxía. 1º Bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ d | ▪ B2.4. Relación dialéctica entre o innato e o adquirido. | ▪ B2.4. Recoñecer a relación dialéctica entre o innato e o adquirido a partir de diversas teorías e modelos. | ▪ ANTB2.4.1. Identifica a relación dialéctica entre o innato e o adquirido a partir da diferenciación de teorías e modelos. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ a<br>▪ e | ▪ B2.5. Antropoloxía e arqueoloxía: do Paleolítico ao xurdimento dos primeiros estados modernos. | ▪ B2.5. Concretar a achega da arqueoloxía aos estudos antropolóxicos, amosando o percorrido que vai polos grandes períodos da evolución sociocultural: Paleolítico, Neolítico, revolución urbana e sociedade industrial. | ▪ ANTB2.5.1. Describe a achega da antropoloxía e da arqueoloxía ao coñecemento da evolución humana. | ▪ CCEC<br>▪ CCL |
| | | | ▪ ANTB2.5.2. Delimita o percorrido que vai polos grandes períodos da evolución sociocultural (Paleolítico, Neolítico, revolución urbana e sociedade industrial), e elabora mapas conceptuais. | ▪ CCEC<br>▪ CCL |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e | ▪ B2.6. Unidade e diversidade do ser humano. | ▪ B2.6. Describir a complexidade do ser humano a través da súa peculiar unidade e diversidade. | ▪ ANTB2.6.1. Identifica e describe mediante pequenos textos a complexidade do ser humano, a través da súa peculiar unidade e diversidade. | ▪ CCL<br>▪ CCEC |
| | Bloque 3. Antropoloxía cultural | | | |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B3.1. Concepto de cultura. | ▪ B3.1 Definir o termo cultura, asumindo a súa complexidade desde diversos puntos de vista. | ▪ ANTB3.1.1. Define os trazos característicos da cultura. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ ANTB3.1.2. Identifica diversas perspectivas na súa concepción. | ▪ CCEC<br>▪ CSC |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ e | ▪ B3.2. Interiorización da cultura: axentes e procesos da endoculturación. | ▪ B3.2. Describir a interiorización da cultura, salientando os axentes e os procesos da endoculturación. | ▪ ANTB3.2.1. Describe o significado da interiorización da cultura. | ▪ CCL |
| | | | ▪ ANTB3.2.2. Identifica e define os axentes e os procesos de endoculturación. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ d<br>▪ h<br>▪ m | ▪ B3.3. Análise da cultura: perspectivas EMIC e ETIC. | ▪ B3.3. Analizar a cultura, distinguindo as perspectivas EMIC e ETIC. | ▪ ANTB3.3.1. Analiza algún elemento cultural do seu contorno e compárao adecuadamente con outras manifestacións culturais, distinguindo as perspectivas EMIC e ETIC. | ▪ CCEC<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c | ▪ B3.4. Dinámica das culturas e diversidade cultural. | ▪ B3.4. Describir as dinámica das culturas e a diversidade cultural. | ▪ ANTB3.4.1. Describe, analiza e explica algún elemento cultural do seu contorno, comprendendo a complexidade da diversidade cultural global e de Galicia. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE |

| | Antropoloxía. 1º Bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ e<br>▪ m<br>▪ p | | | | ▪ CCEC |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ h | ▪ B3.5. Sociedade global. | ▪ B3.5. Describir os elementos característicos da sociedade global. | ▪ ANTB3.5.1. Recoñece, a partir dunha listaxe de trazos culturais e sociais, os elementos característicos da sociedade global. | ▪ CCEC<br>▪ CSC |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ n<br>▪ p | ▪ B3.6. Producións culturais. | ▪ B3.6. Describir as producións culturais e distinguir as materiais das inmateriais. | ▪ ANTB3.6.1. Describe a través dos seus trazos as producións culturais, e distingue as materiais das inmateriais. | ▪ CCEC<br>▪ CSC<br>▪ CCL |
| | | | ▪ ANTB3.6.2. Describe con argumentación producións materiais e inmateriais de Galicia. | ▪ CCL<br>▪ CCEC<br>▪ CSC |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ n<br>▪ p | ▪ B3.7. Linguaxe. | ▪ B3.7. Identificar as relacións entre usos lingüísticos e trazos culturais. | ▪ ANTB3.7.1. Identifica relacións entre usos lingüísticos e trazos culturais. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ ANTB3.7.2. Identifica ás relacións entre lingua e cosmovisión, tendo Galicia como exemplo. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ l<br>▪ n<br>▪ p | ▪ B3.8. Arte e técnica. | ▪ B3.8. Describir os elementos característicos da arte e da técnica, desde unha óptica histórica e antropolóxica. | ▪ ANTB3.8.1. Identifica os elementos característicos da arte e da técnica, e diferénciaos desde unha óptica histórica e antropolóxica. | ▪ CCEC<br>▪ CSC<br>▪ CCL |
| | | | ▪ ANTB3.8.1. Describe exemplos de manifestacións artísticas e técnicas en Galicia, e compréndeos no seu contexto. | ▪ CCL<br>▪ CCEC<br>▪ CCL |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ e | ▪ B3.9. Relixión. | ▪ B3.9. Identificar os aspectos formais e semióticos do fenómeno relixioso, así como os principais paradigmas teóricos para a súa interpretación. | ▪ ANTB3.9.1. Identifica a través de pequenos textos os aspectos formais e semióticos do fenómeno relixioso | ▪ CCL<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ ANTB3.9.2. Define os principais paradigmas teóricos para a súa interpretación. | ▪ CAA<br>▪ CCEC<br>▪ CCL |
| ▪ e | ▪ B3.10. Saber. | ▪ B3.10. Describir os fundamentos antropolóxicos do saber. | ▪ ANTB3.10.1. Identifica en pequenos textos os fundamentos antropolóxicos do saber. | ▪ CCL<br>▪ CAA |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | Antropoloxía. 1º Bacharelato | | | |
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 4. Antropoloxía social | | | |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ e | ▪ B4.1. Sociabilidade constitutiva do ser humano. | ▪ B4.1. Describir a sociabilidade e a socialización como trazos inherentes ao ser humano. | ▪ ANTB4.1.1. Recoñece e describe a sociabilidade e a socialización como trazos inherentes ao ser humano | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CCEC |
| ▪ e<br>▪ m<br>▪ o | ▪ B4.2. Produción de bens e economía. | ▪ B4.2. Analizar os procedementos de produción de bens, así como as bases e os tipos de intercambio económico. | ▪ ANTB4.2.1. Describe os procedementos de produción de bens. | ▪ CCL<br>▪ CSIEE<br>▪ CAA |
| | | | ▪ ANTB4.2.2. Recoñece os principais tipos de intercambio e as bases da economía, e exemplifícaos na nosa comunidade. | ▪ CAA<br>▪ CSIEE<br>▪ CCEC |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c | ▪ B4.3. Reprodución social e sexualidade. | ▪ B4.3. Analizar os mecanismos de reprodución social e, especialmente, a comprensión da sexualidade. | ▪ ANTB4.3.1. Identifica dun xeito concreto os mecanismos de reprodución social e, especialmente, os trazos típicos da sexualidade. | ▪ CAA<br>▪ CCEC |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ g<br>▪ p | ▪ B4.4. Relacións de parentesco. | ▪ B4.4. Analizar e describir os sistemas terminolóxicos e as teorías sobre o parentesco. | ▪ ANTB4.4.1. Analiza e describe os sistemas terminolóxicos sobre o parentesco, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA |
| | | | ▪ ANTB4.4.2. Analiza as modalidades de organización domésticas e os sistemas de parentesco, prestándolle especial atención á realidade galega. | ▪ CCEC<br>▪ CAA |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B4.5. Lei, orde e conflito. Guerras e xurdimento do Estado. | ▪ B4.5. Analizar as relacións entre individuos, o mantemento dunha cohesión política e a resolución dos conflitos por medio de guerras. | ▪ ANTB4.5.1. Analiza e identifica as relacións entre individuos. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| | | | ▪ ANTB4.5.2. Describe o mantemento dunha cohesión política e a resolución dos conflitos por medio de guerras. | ▪ CCL<br>▪ CCEC |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ g | ▪ B4.6. Tratamento das diferenzas sociais. | ▪ B4.6. Recoñecer o significado da pertenza a grupos estratificados e a súa relación co poder. | ▪ ANTB4.6.1. Recoñece, a través de pequenos fragmentos, o significado da pertenza a grupos estratificados. | ▪ CCL<br>▪ CCEC<br>▪ CAA |
| | | | ▪ ANTB4.6.2. Describe a relación dos grupos cos poderes establecidos, utilizando as tecnoloxías da | ▪ CCL<br>▪ CCEC |

| | Antropoloxía. 1º Bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | información e da comunicación. | ▪ CD<br>▪ CSC |
| | Bloque 5. Antropoloxía filosófica | | | |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ n | ▪ B5.1. Orixe da antropoloxía filosófica. | ▪ B5.1. Describir as orixes mediatas e inmediatas da antropoloxía filosófica. | ▪ ANTB5.1.1. Describe de xeito sinxelo a orixe da antropoloxía filosófica a comezos do século XX e os seus antecedentes máis afastados. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CCEC |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B5.2. Análise filosófica da especificidade humana. | ▪ B5.2. Caracterizar os trazos distintivos do enfoque filosófico sobre a especificidade humana, desde os puntos de vista simbólico e histórico. | ▪ ANTB5.2.1. Identifica dun xeito concreto os trazos distintivos do enfoque filosófico sobre a especificidade humana, desde os puntos de vista simbólico e históri-co, en fragmentos filosóficos. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ n | ▪ B5.3. Conciencia da finitude. Historia, vida e morte. | ▪ B5.3. Describir a estrutura da subxectividade humana: *logos* e *praxis*. | ▪ ANTB5.3.1. Describe o *logos* e a *praxis* como dimen-sión característica do suxeito humano. | ▪ CCL<br>▪ CCEC<br>▪ CAA |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ n | ▪ B5.3. Conciencia da finitude. Historia, vida e morte. | ▪ B5.4. Analizar o sentido da vida e da morte desde a conciencia da propia finitude. | ▪ ANTB5.4.1. Analiza e describe o sentido da vida e da morte tomando como referencia a conciencia da pro-pia finitude, a través de fragmentos filosóficos e litera-rios. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CCEC |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ n | ▪ B5.4. Racionalidade, emotividade e conciencia moral. | ▪ B5.5. Analizar a racionalidade e a afectividade como dimensións que conforman as bases éticas da persoa. | ▪ ANTB5.5.1. Diferencia os instintos animais básicos da plasticidade da dinámica humana. | ▪ CCL<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ ANTB5.5.2. Identifica os trazos característicos da racionalidade e a afectividade como dimensións que conforman as bases éticas da persoa, mediante pe-quenos fragmentos filosóficos, literarios ou cinemato-gráficos. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CCEC |

# Ética e Filosofía do Dereito

## Introdución

A materia de Ética e Filosofía do Dereito está deseñada para dotar o alumnado de instrumentos e ferramentas de análise que lle permitan abordar dun xeito máis consciente e racional os distintos niveis de códigos normativos dos que está entretecida a vida nas sociedades contemporáneas, complexas e plurais no moral e no ideolóxico. Estas ferramentas inclúen as teses e os conceptos básicos legados polos principais teóricos que reflexionaron sobre o feito moral e sobre as normas xurídicas.

No que ten que ver coa ética, a materia debe contribuír ao desenvolvemento da conciencia crítica do alumnado e da súa capacidade para elaborar racional e autonomamente principios e normas universais.

Polo que se refire á filosofía do dereito, con ela tamén se pretende ofrecerlle ao alumnado de bacharelato interesado nas ciencias xurídicas unha primeira aproximación ao mundo do dereito, no que atinxe tanto á súa caracterización, á súa estrutura e á súa dinámica, como á problemática da súa validez, do seu sentido e da súa xustificación.

Por último, a materia pretende que o alumnado reflexione sobre os ámbitos da xustiza, a democracia e os dereitos humanos, como espazos ideais de contacto entre o xurídico, o político e o moral, que deben funcionar como metas e patróns de todo proxecto práctico.

A materia está estruturada en catro bloques. O primeiro trata os temas clásicos da ética descritiva e a metaética. O segundo, dedicado á ética prescritiva, presenta as teorías sobre o ben moral dos pensadores e das pensadoras máis salientables da historia da filosofía. O terceiro refírese ao tema do dereito, tanto de xeito descritivo, expondo o máis básico dunha teoría do dereito, como de xeito fundacional, presentando as posturas que se dan sobre a validez e o sentido das normas xurídicas. Por último, o cuarto bloque está dirixido á reflexión sobre a xustiza, a democracia e os dereitos humanos como ideais morais e xurídicos para a cidadanía do século XXI.

No que respecta ás competencias asociadas aos estándares de aprendizaxe, procurouse que o alumnado se embarcase en procesos que permitirán mellorar as súas competencias clave e, malia estaren presentes as competencias sociais e cívicas, e a de comunicación lingüística, en case a totalidade dos estándares, por ser a materia que é, moitos deses procesos afondan na súa competencia dixital e no fomento da creatividade e do sentido da iniciativa. A competencia de aprender a aprender é unha constante nas materias de índole filosófica; a de conciencia e expresións culturais traballase non só no que respecta ao patrimonio cultural filosófico, senón tamén na comparación dos sistemas normativos occidentais cos doutras culturas. Por outra banda, aínda que a materia estea bastante arredada dos contidos máis afíns ás competencias matemáticas e científico-tecnolóxicas, intentouse promover as actitudes de rigor no uso de conceptos, de respecto polos datos e de solidez argumental, ademais de valorar os intentos metodolóxicos das teorías do dereito, para establecer as bases dunha verdadeira ciencia xurídica.

| | Ética e Filosofía do Dereito. 2º Bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. A ética como reflexión filosófica sobre o feito moral | | | |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B1.1. Ética e moral.<br>▪ B1.2. Especificidade do feito moral. | ▪ B1.1. Entender e apreciar a especificidade do ámbito da moral, valorando a reflexión ética sobre ese campo como camiño para obter unha visión máis racional dunha serie de experiencias constitutivas da persoa, por sérennos obrigadas e por definírmonos ao afrontalas. | ▪ EFDB1.1.1. Discirne entre os conceptos de "ética" e "moral", e valora a necesidade da reflexión racional sobre a moralidade como xeito de dar sentido e entender mellor un ámbito ineludible da experiencia de todas as persoas. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ EFDB1.1.2. Define "feito moral" e explica con rigor | ▪ CCL |

| | Ética e Filosofía do Dereito. 2º Bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | conceptual as características que distinguen os feitos morais doutras facetas da realidade humana, salientando a construción da propia persoa en cada un dos feitos morais dos que somos suxeitos. | ▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B1.3. Liberdade e racionalidade humana como condicións da responsabilidade moral.<br>▪ B1.4. Determinismos.<br>▪ B1.5. Autonomía moral segundo Kant: autoimposición de normas | ▪ B1.2. Explicar e apreciar o papel da liberdade e a racionalidade na constitución do suxeito como responsable moral e autónomo, recoñecendo como os argumentos dos distintos determinismos poñen límites a esa autonomía, e identificando a defensa que dela fai Kant como condición básica do feito moral. | ▪ EFDB1.2.1. Elabora, usando a súa iniciativa persoal e empregando ferramentas informáticas, unha presentación na que se recollan situacións en que, ben por falta de liberdade, ben por limitacións da racionalidade, non se lle poida atribuír responsabilidae moral ao suxeito. | ▪ CD<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ EFDB1.2.2. Investiga, en colaboración grupal, procurando e seleccionando información en internet, acerca de cales son os argumentos empregados polas escolas deterministas, e razoa sobre a incidencia deses argumentos en conceptos morais asociados ao de responsabilidade, como os de mérito e culpa. | ▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CCL |
| | | | ▪ EFDB1.2.3. Identifica nalgún texto de Kant a súa concepción sobre a persoa como suxeito autónomo capaz de ditar as súas propias normas morais, apreciando o valor máximo e innegociable que teñen as persoas segundo esta tese. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e | ▪ B1.6. Características das normas morais.<br>▪ B1.7. Normas morais e outros códigos normativos. | ▪ B1.3. Recoñecer a especificidade das normas morais, distinguíndoas doutros códigos normativos que tamén regulan a conduta humana. | ▪ EFDB1.3.1. Enumera e explica con rigor conceptual os caracteres que fan que unha norma poida ser considerada como norma moral. | ▪ CCL |
| | | | ▪ EFDB1.3.2. Elabora un cadro comparativo de distintos tipos de códigos normativos que regulan a conduta humana, incluíndo o moral, reflexionando sobre a claridade ou a vaguidade dos límites entre os diferentes códigos. | ▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B1.8. Historicidade e variedade social dos códigos morais.<br>▪ B1.9. Riscos do etnocentrismo na fundamentación intersubxectivista das normas morais.<br>▪ B1.10. Perda de validez e sentido das normas morais nas posicións relativistas. | ▪ B1.4. Manexar e analizar información, procedente de distintos ámbitos, referida ás producións morais humanas (normas e valores), pondo de relevo os aspectos que teñen relación cos contextos históricos e culturais nos que xorden e operan, e valorando criticamente os riscos enfrontados do etnocentrismo e o relativismo. | ▪ EFDB1.4.1. Recoñece e valora criticamente o carácter histórico-cultural dos códigos morais, pondo exemplos deste carácter buscados e seleccionados en internet, e identificando os procesos de reprodución e transmisión deses códigos nos distintos contextos históricos e culturais onde xurdiron e operan. | ▪ CCEC<br>▪ CD<br>▪ CSC |
| | | | ▪ EFDB1.4.2. Recoñece os caracteres do etnocentrismo, identificando lexitimacións históricas de imposicións etnocéntricas de normas e valores morais, e amosando especial coidado por evitar esa actitude | ▪ CCL<br>▪ CSC |

| | Ética e Filosofía do Dereito. 2º Bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | cando se axuízan valores e normas de culturas alleas. | |
| | | | ▪ EFDB1.4.3. Argumenta, en colaboración grupal, sobre os riscos de entender que a validez e o sentido das normas morais depende por completo do contexto social en que esas normas xurdiron e operan, para o que propón exemplos obtidos en internet e valora a posibilidade de progreso moral nos códigos, perfilando un camiño que nos puidera apartar á vez dos riscos do etnocentrismo e do relativismo extremo. | ▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CSC<br>▪ CCL |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B1.11. Límites da fundamentación subxectivista das normas morais.<br>▪ B1.12. Fundamentación obxectivista das normas morais. Problema da realidade dos valores.<br>▪ B1.13. Falacia naturalista. | ▪ B1.5. Comparar as fortalezas e as debilidades respectivas das posicións subxectivistas e obxectivistas ao respecto da fundamentación das normas morais. | ▪ EFDB1.5.1. Explica e valora a necesidade de que a norma sexa interior ao suxeito para que poida ser considerada como moral, expondo ao mesmo tempo o problema da existencia doutros suxeitos igualmente lexitimados para emitir normas propias, e valorando criticamente o perspectivismo moral ao que nos conduciría unha postura estritamente subxectivista. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ EFDB1.5.2. Valora criticamente o intento de fundamentar a validez das normas morais na realidade obxectiva, en forma de entidades ou calidades morais, localizando en internet e describindo algún exemplo dese tipo de fundamentación, e reflexionando sobre a dificultade de establecer criterios para aceptar tanto a realidade desas entidades ou calidades morais como a validez dos coñecementos que puidésemos ter delas. | ▪ CD<br>▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ EFDB1.5.3. Le textos de Hume e/ou outros/as autores/as nos que se expoña a falacia naturalista, e deseña desde a súa iniciativa argumentos a favor e en contra desa tese. | ▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CSIEE |
| | Bloque 2. A ética prescritiva. O problema do ben moral. | | | |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e | ▪ B2.1. Ética prescritiva e morais de segundo nivel. | ▪ B2.1. Explicar a dimensión prescritiva da ética como base para as morais de segundo nivel, e apreciar a aposta pola racionalidade destes códigos morais | ▪ EFDB2.1.1. Expón a dimensión prescritiva da ética e a súa utilidade para fundamentar códigos morais racionalmente baseados, disertando por escrito sobre as consecuencias que para a racionalidade supón a variedade destes códigos. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B2.2. Pequenos fragmentos de textos referidos ao ben moral de autores como Platón, Aristóteles, Epicuro, autores estoicos, Tomé de Aquino, Kant ou StuartMill, entre outros. | ▪ B2.2. Analizar textos filosóficos pertencentes ás principais teorías éticas, así como calquera outro que presente un claro contido moral caracterizando as súas interpretacións do ben moral. | ▪ EFDB2.2.1. Utiliza o rigor e a precisión conceptual e terminolóxica para analizar criticamente textos filosóficos de autores que se ocuparon de definir o ben moral, como Platón, Aristóteles, Epicuro, autores estoi- | ▪ CCL<br>▪ CSC |

| | Ética e Filosofía do Dereito. 2º Bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | cos, Tomé de Aquino, Kant ou StuartMill e outros, e identifica neles os trazos máis salientables das súas teorías éticas. | |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ m | ▪ B2.3. O ben moral como felicidade e virtude na Antigüidade e no Medievo: Platón, Aristóteles, epicureísmo, estoicismo e Tomé de Aquino.<br>▪ B2.4. O utilitarismo, entre o ben moral como felicidade e o consecuencialismo contemporáneo. | ▪ B2.3. Examinar o desenvolvemento da idea de ben moral como felicidade, desde a conexión entre felicidade e virtude na Grecia clásica e no cristianismo medieval, ata o xiro cara ao consecuencialismo que lle dan os autores utilitaristas ingleses no século XIX. | ▪ EFDB2.3.1. Utiliza ferramentas informáticas para elaborar unha liña de tempo que recolla os principais autores da Antigüidade e do Medievo que relacionaron ben moral e felicidade, sinalando en cada un deles os trazos máis característicos da súa reflexión. | ▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ EFDB2.3.2. Identifica os trazos básicos do utilitarismo, amosando tanto o que o une á tradición clásica das éticas da felicidade como o que o separa delas, por esquecerse da virtude do axente e pór nas consecuencias medibles todo o peso do xuízo moral. | ▪ CCL |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B2.5. Ética formal kantiana. O ben moral como deber | ▪ B2.4. Distinguir as principais características da ética formal kantiana e apreciar nela tanto o rigor analítico que o leva á defensa do actuar só por deber, como o innegable valor que lle dá Kant á persoa como suxeito autónomo do moral. | ▪ EFDB2.4.1. Comenta e explica as tres formulacións do imperativo categórico kantiano, pondo de relevo como cada unha delas (universalidade, persoa como ben en si e autonomía da vontade) contribúe á pura formalidade, e valorando a esixencia de rigor analítico que termina por plasmarse no amor ao deber como norma básica e máxima de acción. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ m<br>▪ n | ▪ B2.6. Deontoloxía, consecuencialismo e éticas da virtude na reflexión ética contemporánea.<br>▪ B2.7. Éticas da virtude nas tradicións non occidentais.<br>▪ B2.8. O material e o formal-procedemental como bases da análise ética. | ▪ B2.5. Identificar as grandes correntes na reflexión ética contemporánea, incorporando na paisaxe de teorías éticas as reflexións sobre a virtude de tradicións non occidentais, e transferir á análise ética de problemáticas actuais os conceptos e os principios éticos adquiridos. | ▪ EFDB2.5.1. Elabora, con axuda de ferramentas informáticas, un mapa conceptual explicativo das diferenzas entre as tres grandes correntes éticas actuais (a deontoloxía, o consecuencialismo e as éticas da virtude), imaxinando situacións onde se manifesten as diferenzas entre as análises. | ▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ EFDB2.5.2. Procura información sobre o tratamento da virtude en distintas tradicións non occidentais, e compón un pequeno relato en que o/a protagonista se enfronte a unha situación onde ten que escoller entre cumprir cunha virtude e alcanzar outros fins. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CCEC<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ EFDB2.5.3. Argumenta, en colaboración grupal, sobre problemáticas éticas contemporáneas, identificando as posicións que sobre eses problemas manteñen as teorías éticas, e incorporando na súa análise moral tanto o plano material como o formal-procedemental das normas, transferindo a situacións concretas os conceptos e os principios éticos adquiridos. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| ▪ a | ▪ B2.9. O ben común como maior ben na tradición das | ▪ B2.6. Explicar o papel central da idea de ben común | ▪ EFDB2.6.1.Analiza textos de Aristóteles e de Stuart | ▪ CCL |

| | Ética e Filosofía do Dereito. 2º Bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ h | éticas da felicidade.<br>▪ B2.10. Principio e lei universal do dereito en Kant.<br>▪ B2.11. Tránsito das normas morais derivadas das éticas prescritivas ás normas xurídicas. | nas éticas da felicidade, e relacionar o principio e a lei universal do dereito de Kant coa súa ética do deber, valorando como en ambos os casos as éticas prescritivas apuntan á necesidade dunha norma xurídica externa que conxugue a convivencia social coa realización das normas éticas. | Mill onde se poña de relevo o carácter supremo do ben común. | ▪ CSC |
| | | | ▪ EFDB2.6.2. Explica o principio universal do dereito e a lei universal do dereito, expondo como se formula con eles a reconciliación entre o respecto máximo ao individuo como libre e ben supremo e a harmonización necesaria entre distintas vontades autónomas obrigadas a convivir. | ▪ CCL |
| | | | ▪ EFDB2.6.3. Participa nun foro nalgunha plataforma informática onde se debata se a ética precisa do dereito para a súa realización plena, ou se poderiamos vivir só con normas morais, argumentando a súa posición con rigor terminolóxico e conceptual, amosando respecto cara ao resto de participantes e tolerancia cara ás súas preferencias e os seus puntos de vista, e tendo como guía de debate a racionalidade, a orde e a solidez dos argumentos empregados. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE<br>▪ CD<br>▪ CMCCT |
| | Bloque 3. O dereito | | | |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ e<br>▪ n | ▪ B3.1. Características esenciais distintivas das normas xurídicas.<br>▪ B3.2. Comparativa das normas xurídicas fronte ás normas morais. Semellanza, diferenzas e relación dialéctica.<br>▪ B3.3. Conflito entre legalidade e moralidade. | ▪ B3.1. Identificar as características esenciais que distinguen as normas xurídicas doutros sistemas normativos, e comprender a problemática relación que ten o dereito coas normas morais, que se plasma nos casos de conflito entre legalidade e moralidade. | ▪ EFDB3.1.1. Distingue as características propias das normas xurídicas, pondo exemplos propios de como outros códigos normativos non reúnen todos eses trazos. | ▪ CCL<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ EFDB3.1.2. Explica e caracteriza con precisión a noción de dereito e a súa conexión cos principios básicos da moralidade, salientando as posibles semellanzas, diferenzas e relacións dialécticas entre as normas morais e as legais. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ EFDB3.1.3. Procura información sobre a traxedia de Antígona e, tomándoa como referencia, analiza outros casos, reais ou ficticios (literarios ou cinematográficos) de dilemas e conflitos entre moralidade e legalidade. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ g | ▪ B3.4. Noción e características do ordenamento xurídico.<br>▪ B3.5. Lagoas xurídicas e solucións a estas.<br>▪ B3.6. Ramas do dereito | ▪ B3.2. Define o ordenamento xurídico en relación coa comunidade política, e valora a pretensión de que o ordenamento sexa completo e consistente, reflexionando sobre os problemas xerados pola presenza de lagoas ou baleiros xurídicos, e recoñecendo as ramas do dereito incluídas no ordenamento. | ▪ EFDB3.2.1. Expón con rigor conceptual a noción de ordenamento xurídico, referíndoo á comunidade política en que impera e indicando que características presenta a súa estruturación das normas, con aprecio á racionalidade intrínseca no feito de que os ordenamentos aspiren a ser ordenados, completos e consistentes. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CMCCT |

| | Ética e Filosofía do Dereito. 2º Bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ l<br>▪ m<br>▪ n | | | ▪ EFDB3.2.2. Investiga casos de lagoas xurídicas, usando distintas fontes, e utiliza a súa iniciativa persoal para imaxinar unha situación de lagoa xurídica e expor argumentadamente o problema que supón para o ordenamento e suxerir unha posible solución. | ▪ CD<br>▪ CSIEE<br>▪ CCL |
| | | | ▪ EFDB3.2.3. Utiliza, en colaboración grupal, a técnica de brainstorming para recoller un abano moi variado de normas, e logo procura e selecciona información de distintas fontes e xera, coa axuda de medios informáticos, un mapa conceptual das ramas do dereito, define o obxecto propio de cada unha delas e sinala en que rama se situaría cada unha das normas antes recollidas. | ▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CSC<br>▪ CCL |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ e<br>▪ g | ▪ B3.7. Suxeitos e obxectos para o dereito<br>▪ B3.8. Obriga xurídica e dereitos subxectivos. Dereitos reais e dereitos persoais.<br>▪ B3.9. Feito xurídico, acción xurídica, delito e sanción. Carácter coercitivo do dereito. | ▪ B3.3. Coñecer e utilizar con rigor os conceptos básicos do dereito (persoa, suxeito activo, suxeito pasivo, ben, propiedade, obriga, prestación, dereito real, dereito persoal, acción xurídica, delito, sanción, suposto xurídico, carácter coercitivo do dereito, etc.). | ▪ EFDB3.3.1. Realiza, usando ferramentas informáticas, un glosario cos conceptos básicos do dereito que inclúa termos como persoa, suxeito activo, suxeito pasivo, ben, propiedade, obriga, prestación, dereito real, dereito persoal, acción xurídica, delito, sanción, suposto xurídico, carácter coercitivo do dereito, etc., e fai un uso rigoroso deses termos en proferencias tanto orais como escritas. | ▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CCL |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ m | ▪ B3.10. Xeración de normas. Órganos xurídicos e competencias.<br>▪ B3.11. Aplicación do dereito. Procedemento xudicial. | ▪ B3.4. Recoñecer o carácter dinámico do dereito, tanto na súa vertente de xeración de novas normas por parte de órganos xurídicos competentes, como na vertente da aplicación das normas vixentes nos procedementos xudiciais, e usar con precisión e fluidez o léxico propio destes dous procesos xurídicos. | ▪ EFDB3.4.1.Presenta nunha composición escrita distintos procedementos de creación de normas por parte de órganos xurídicos competentes que se dan no ordenamento español, reflexionando argumentadamente sobre o motivo que pon en marcha o proceso, os posibles problemas de competencias entre órganos que poden aparecer, e os problemas de coherencia e xerarquía entre normas derivados do encaixe da nova norma co ordenamento vixente. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ EFDB3.4.2. En colaboración grupal, procura e selecciona información en distintas fontes sobre o procedemento xudicial, e usa esa información para realizar unha presentación en soporte informático dun caso penal hipotético, que inclúa unha liña do tempo desde a comisión do delito ata a resolución do caso na xustiza penal, describindo con precisión o papel que xogan os axentes xurídicos en cada momento do procedemento. | ▪ CD<br>▪ CSC<br>▪ CCL<br>▪ CSIEE<br>▪ CCEC |
| ▪ b<br>▪ d | ▪ B3.12. Diferenzas entre o dereito de casos e o dereito de código. | ▪ B3.5. Expor as diferenzas entre as tradicións xurídicas do dereito de casos anglosaxón e o dereito de código | ▪ EFDB3.5.1. Define xurisprudencia e distingue, a partir do papel xogado por esta figura, as tradicións do de- | ▪ CCL<br>▪ CSC |

| | Ética e Filosofía do Dereito. 2º Bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ e<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ m<br>▪ n | ▪ B3.13. Características do dereito de casos anglosaxón.<br>▪ B3.14. O dereito romano nas compilacións e nas codificación de Xustiniano como base do dereito de códigos.<br>▪ B3.15. O código civil napoleónico como modelo das codificacións noutros países.<br>▪ B3.16. Dereito de casos anglosaxón.<br>▪ B3.17. Tradicións xurídicas non occidentais. | continental, valorando os fitos históricos que para este último supuxeron a elaboración dunha compilación e codificación do dereito romano emprendida polo emperador Xustiniano e o código civil napoleónico, así como recoñecer e valorar outras tradicións xurídicas de corte non occidental. | reito de casos ("common law") e o dereito de código ("civil law"), sinalando vantaxes e inconvenientes que atope en cada tradición. | |
| | | | ▪ EFDB3.5.2. Identifica as características do dereito anglosaxón de casos, usando a súa iniciativa para as exemplificar con referentes literarios ou da cultura popular audiovisual. | ▪ CCEC<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ EFDB3.5.3. Procura e selecciona información en internet, e realiza, en colaboración grupal, unha wiki na que os contidos destaquen o mantemento nos códigos civís actuais de categorías, institucións, conceptos e normas do dereito romano tal e como foi compilado polo emperador Xustiniano. | ▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| | | | ▪ EFDB3.5.4. Elabora un pequeno traballo de investigación sobre a orixe e o sentido do código civil napoleónico no contexto da Revolución Francesa, e a súa enorme influencia na lexislación doutros moitos países que manteñen un dereito de código. | ▪ CAA<br>▪ CCL |
| | | | ▪ EFDB3.5.5. Utiliza a súa iniciativa para atopar información sobre algunha tradición xurídica de corte non occidental, como as do oriente asiático, a hindú, a musulmá, etc., e diserta argumentadamente sobre os seus trazos esenciais, analizándoa nos seus logros e nas súas carencias, e comparándoa co dereito de códigos continental e o dereito de casos anglosaxón. | ▪ CD<br>▪ CSIEE<br>▪ CCEC<br>▪ CSC |
| ▪ d<br>▪ h | ▪ B3.18. A lexitimación do dereito nas cosmovisións mítico-relixiosas. | ▪ B3.6. Describir o papel xogado polos discursos lexitimadores do dereito, e recoñecer algunha das primeiras xustificacións, producidas en sociedades onde imperaban as cosmovisións mitíco-relixiosas | ▪ EFDB3.6.1. Le algún texto de carácter mítico-relixioso no que se faga referencia á orixe e ao valor dos códigos xurídicos, e analízao e coméntao á luz do fragmento do Eutifrón platónico, onde se discute a fundamentación relixiosa da xustiza. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B3.19. Primeiros intentos de fundamentar filosoficamente o dereito. Debate entre *nomos* e *physis* na sofística grega. | ▪ B3.7. Explicar e valorar o papel dos pensadores sofistas ao debater sobre o criterio de validez das normas da pole, diferenciándoas claramente das leis naturais, e recoñecer algunha das posturas máis salientables neste debate. | ▪ EFDB3.7.1. Procura e selecciona información sobre a figura e o pensamento de autores sofistas como Protágoras, Critias, Antifonte, Gorgias, Hipias, Trasímaco, Calicles e outros, e, en colaboración grupal, realiza un cadro esquemático coas posturas máis salientables de cada un ao respecto da validez da norma social ou nomos. | ▪ CD<br>▪ CSC<br>▪ CCL |
| ▪ b<br>▪ d | ▪ B3.20. Iusnaturalismo<br>▪ B3.21. Posturas de Platón, o estoicismo e Cicerón ao | ▪ B3.8. Recoñecer os fitos máis importantes do iusnaturalismo, desde as posturas de Platón, o estoicismo e | ▪ EFDB3.8.1. Define a posición iusnaturalista e analiza textos clásicos de Platón, Cicerón e autores estoicos | ▪ CCL<br>▪ CSC |

| | Ética e Filosofía do Dereito. 2º Bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ e<br>▪ g<br>▪ h | respecto da lei natural.<br>▪ B3.22. A lei natural na escolástica de Tomé de Aquino.<br>▪ B3.23. O iusnaturalismo na modernidade en filosofía do dereito e en filosofía política. | Cicerón na antigüidade clásica, pasando pola reflexión sobre a lei natural en Tomé de Aquino, e identificar as características do iusnaturalismo na modernidade, comparando o iusnaturalismo en filosofía política co que se dá en filosofía do dereito. | onde se evidencie a existencia desa lei natural que pode ser coñecida polos seres humanos. | |
| | | | ▪ EFDB3.8.2. Expón a posición da lei natural no contexto da teoría da lei de Tomé de Aquino, identificando os ámbitos da acción humana nos que se manifesta, e argumentando a posición subsidiaria en que queda a lexislación positiva sobre eses ámbitos. | ▪ CCL |
| | | | ▪ EFDB3.8.3. Procura información en internet sobre o xurdimento do iusnaturalismo na modernidade nas obras de Grocio, Pufendorf ou Tomasio, e elabora un mapa conceptual onde se recollan tanto as características dese movemento que o diferencian do iusnaturalismo clásico, como as relacións de semellanza e distinción que gardan as escolas iusnaturalistas en filosofía do dereito e filosofía política. | ▪ CD<br>▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CAA |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ l<br>▪ m | ▪ B3.24. Positivismo xurídico ou iuspositivismo<br>▪ B3.25. Obra de Kelsen. Intento dunha teoría pura do dereito.<br>▪ B3.26. Límites do iuspositivismo | ▪ B3.9. Definir o positivismo xurídico ou iuspositivismo, comprendendo como e por que quen defende esta corrente, en especial o pensador HansKelsen, presenta unha separación radical entre moral e dereito como necesaria para a formulación dunha teoría pura do dereito, estimando o intento de facer do dereito un ámbito de estudo estritamente científico, pero sendo conscientes dos límites desta posición e avaliando criticamente un dereito que se pretenda completamente amoral. | ▪ EFDB3.9.1. Diserta sobre os problemas que formulan as fundamentacións iusnaturalistas do dereito, relacionándoos cos que se lles presentaban ás posicións obxectivistas en éica, e expón con rigor as teses básicas do iuspositivismo. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ EFDB3.9.2. Procura e selecciona información en distintas fontes sobre o libro "Teoría pura do dereito", de HansKelsen, e elabora, en colaboración grupal, un esquema dos temas máis importante tratados nel, facendo especial incidencia na separación entre dereito e moral, a concepción do dereito como unha árbore xerárquica baseada na norma fundante, ou o carácter coercitivo das normas, que apuntan ao exercicio do poder, e valorando o intento de "purificar" o coñecemento xurídico para o converter nun discurso estritamente científico. | ▪ CD<br>▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ EFDB3.9.3. Participa nun debate en grupo sobre os riscos contrarios de naturalizar ou positivizar completamente o dereito, expondo de xeito argumentado as súas propias conclusións sobre as limitacións de ambos os enfoques, e amosando respecto e tolerancia polas razóns achegadas por outras persoas que poidan disentir. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| | Bloque 4. A xustiza, a democracia e os dereitos humanos como puntos de encontro da ética, a filosofía do dereito e a filosofía política | | | |

| | Ética e Filosofía do Dereito. 2º Bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e | ▪ B4.1. A xustiza como ponte entre o dereito e a moral.<br>▪ B4.2. A xustiza como finalidade do dereito. | ▪ B4.1. Recoñecer a dimensión intersubxectiva da xustiza como elemento que lle permite funcionar como nexo entre a moral e o dereito, comprendendo o seu papel como finalidade dos ordenamentos xurídicos. | ▪ EFDB4.1.1. Identifica no concepto de xustiza a referencia á intersubxectividade e aos criterios para repartir bens, dereitos, obrigas e cargas entre os membros dun grupo, e explica como estes trazos permiten que sirva coma ponte entre o ámbito da moral e o do dereito, podendo ser tomada como a finalidade última dos ordenamentos xurídicos. | ▪ CSC<br>▪ CCL |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ m<br>▪ n | ▪ B4.3. Xustiza distributiva e os outros tipos de xustiza.<br>▪ B4.4. Criterios para a xustiza distributiva: necesidade, mérito e igualdade.<br>▪ B4.5. A xustiza como imparcialidade de Rawls: situación orixinaria e principios da xustiza. | ▪ B4.2. Definir os tipos de xustiza e distinguir os criterios que poden orientar a xustiza distributiva, valorando a teoría da xustiza como imparcialidade de JohnRawls ao respecto, e distinguindo as teses básicas desta teoría | ▪ EFDB4.2.1. Explica o concepto de xustiza distributiva, comparándoa cos outros tipos de xustiza. | ▪ CCL |
| | | | ▪ EFDB4.2.2. Usando a técnica de brainstorming en colaboración grupal, identifica as vantaxes e os inconvenientes que presenta cada un dos principais criterios de aplicación da xustiza distributiva (necesidade, igualdade e mérito), argumenta de xeito rotatorio a favor de cada un dos criterios e extrae as súas propias conclusións. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ EFDB4.2.3. Realiza, en colaboración grupal e usando a súa creatividade, unha presentación audiovisual onde se presenten as teses básicas da teoría da xustiza de JohnRawls, a da posición orixinal e os dous principios da xustiza, como criterios para comprobar a xustiza de determinadas situacións ou accións. | ▪ CSC<br>▪ CSIEE<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CCEC |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ m<br>▪ n | ▪ B4.6. Democracia: carácter específico da súa lexitimidade.<br>▪ B4.7. Léxico xurídico-político asociado ao concepto de democracia.<br>▪ B4.8. Valores democráticos: liberdade, igualdade, solidariedade e pluralismo político. | ▪ B4.3. Describir e valorar o carácter específico da lexitimidade democrática, usar con rigor o léxico xurídico-político asociado a este concepto, e distinguir na liberdade, a igualdade, a solidariedade e o pluralismo político os valores irrenunciables que inspiran os sistemas democráticos. | ▪ EFDB4.3.1. Explica como a democracia é a forma de goberno que máis se adecúa ao ideal de xustiza, comprendendo e valorando o carácter específico da lexitimidade democrática fronte a outras modalidades de lexitimación. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ EFDB4.3.2. Procura e selecciona información en internet e realiza, en colaboración grupal, unha wiki sobre a democracia, onde se recollan, polo menos, os seguintes ítems: as formas de goberno alternativas, as regras básicas do xogo democrático, as súas dimensións social e liberal, os seus tipos con respecto á distribución territorial da soberanía, a representatividade, os tipos de elección, os poderes, etc. | ▪ CD<br>▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ EFDB4.3.3. Identifica e define con rigor os valores esenciais dos sistemas democráticos (liberdade, igualdade, solidariedade e pluralismo político) e, en colaboración grupal, elabora a presentación dunha distopía onde un deses valores desaparecera. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE<br>▪ CCEC |

| | Ética e Filosofía do Dereito. 2º Bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B4.9. Problema para os dereitos humanos de que o dereito se identifique co Estado. O dereito universal como problema e como necesidade.<br>▪ B4.10. A Declaración Universal dos Dereitos Humanos como norma fundante dos ordenamentos xurídicos orientados á xustiza global.<br>▪ B4.11. Situación dos dereitos humanos no mundo do século XXI. | ▪ B4.4. Recoñecer os problemas que para a realización dos ideais de xustiza, democracia e dereitos humanos supón o feito de que haxa tantos ordenamentos xurídicos como estados, valorar os movementos a favor dunha internacionalización cada vez maior dos dereitos, e usar a Declaración Universal dos Dereitos Humanos como base xurídica de todos os dereitos internacionais, e ideal desde onde analizar ética e xuridicamente os acontecementos máis salientables da actualidade. | ▪ EFDB4.4.1. Explica as limitacións aos ideais de democracia, xustiza e dereitos humanos derivadas do feito de que os ordenamentos xurídicos sexan estatais, reflexiona sobre a problemática do dereito internacional, e formula as súas propias conclusións ao respecto dos medios para facer real unha xustiza global, valorando a contribución das institucións internacionais nese sentido. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ EFDB4.4.2. Analiza os artigos da Declaración e valóraos como posible norma fundante (no sentido de Kelsen) dos ordenamentos xurídicos xustos. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ EFDB4.4.3. Selecciona e integra fontes de información diferentes, e transfire conceptos desenvolvidos ao longo do proceso de aprendizaxe a situacións e acontecementos salientables da actualidade (discriminación, tortura, terrorismo, fundamentalismo, ausencia de liberdades, etc.), examinándoos á luz da Declaración Universal dos Dereitos Humanos e argumentando sobre eles, amosando tolerancia e respecto cara ás opinión das demais persoas, pero guiándose polo rigor, a coherencia e a solidez dos argumentos empregados. | ▪ CD<br>▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CMCCT |

# Filosofía da Ciencia e da Tecnoloxía

## Introdución

Podemos afirmar que a influencia do progreso científico e tecnolóxico é tan grande na sociedade actual que sen iso sería impensable a globalización en que estamos insertos/as. Non hai dúbida de que a nosa vida é condicionada e mediatizada actualmente polos avances científicos e tecnolóxicos; a nosa forma de vivir e pensar, e a nosa imaxe do mundo están condicionadas pola ciencia e a tecnoloxía de maneira evidente e profunda.
Os/as nosos/as estudantes pasaron ao longo do sistema educativo por multitude de ciencias e tecnoloxías, sen reflexionar sobre o aprendido. É preciso, ademais de saber ciencia, reflexionar sobre ela. É lóxico, por tanto, que dentro do sistema educativo se arbitre unha materia como Filosofía da Ciencia e da Tecnoloxía como espazo onde se reflexione sobre o valor e a natureza da ciencia e, ademais, sobre as repercusións ambientais, políticas, sociais e para o propio ser humano da tecnoloxía.

Toda materia debe contribuír á adquisición das competencias clave do bacharelato, e estas deben estar perfectamente integradas no currículo para que isto sexa así. A nosa materia contribúe á adquisición da competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía de maneira evidente, dada a temática que nos ocupa; da competencia dixital, pola utilización de ferramentas e o uso que se fai delas a través do currículo; da competencia en comunicación Lingüística tanto en comprensión coma en expresión oral e escrita; da de sentido de iniciativa e espírito emprendedor, da de capacidade de aprender a aprender, etc.

O anterior non sería posible sen unha metodoloxía axeitada baseada nun proceso de ensino e aprendizaxe centrado na adquisición de competencias clave e onde a concreción na aula por parte do profesorado vai ser crucial. Aquí, como se pode observar, propíciase a adquisición das devanditas competencias a través do traballo colaborador, a utilización de ferramentas das tecnoloxías da información e da comunicación, o dominio da linguaxe e a súa expresión oral ou escrita a través de distintos formatos, a utilización de fontes variadas, o fomento da análise crítica, etc. Por outra banda, ten especial importancia a avaliación, que terá que ir en consonancia con todo iso e utilizar ferramentas que sexan capaces de valorar a adquisición das devanditas competencias de xeito fiable.

A materia está organizada en cinco bloques: o primeiro deles simplemente introdutorio, onde se defínen os conceptos fundamentais do que vai tratar a materia; mediante o segundo bloque preténdese facer un percorrido histórico pola ciencia que axude a comprendela, a valorala e a reflexionar sobre ela; o terceiro bloque ocuparase da filosofía da ciencia desde a súa orixe ata as cuestións que máis preocupan na actualidade; no cuarto bloque faise unha análise da ciencia mediante unha serie de conceptos básicos, como son o método e os enunciados científicos, para se centrar despois nos conceptos de racionalidade, obxectividade e verdade; e finalízase cun bloque dedicado á filosofía da tecnoloxía facendo un breve percorrido histórico e rematando coas reflexións sobre a tecnoloxía cos conceptos de democracia, ambiente, ser humano, progreso e responsabilidade.

| | Filosofía da Ciencia e da Tecnoloxía. 2º Bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. Introdución. | | | |
| ▪ e<br>▪ d<br>▪ i<br>▪ h | ▪ B1.1. Filosofía e ciencia: unha orixe común. Ciencia e a Filosofía da ciencia. | ▪ B1.1. Recoñecer e valorar a orixe común da filosofía e da ciencia, identificar a diferenciación e a separación entre ambas, e establecer as relacións e as diferenzas entre ciencia e filosofía da ciencia. | ▪ FCTB1.1.1. Recoñece e valora a orixe común da filosofía e da ciencia desde Grecia e identifica a diferenciación e a separación da ciencia e a filosofía, e explica relacións e as diferenzas entre ciencia e filosofía da ciencia como reflexións sobre a natureza e o alcance do coñecemento científico. | ▪ CCEC<br>▪ CAA |

| | Filosofía da Ciencia e da Tecnoloxía. 2º Bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 2 . A ciencia desde a súa orixe ata a actualidade | | | |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B2.1. A ciencia na súa orixe en Grecia ata a Idade Media. | ▪ B2.1. Explicar e valorar as achegas de Grecia á ciencia canto ao principio constitutivo da natureza e as achegas da ciencia helenística, así como das traducións medievais. | ▪ FCTB2.1.1. Localiza e selecciona textos a través de internet sobre as achegas de Grecia á ciencia canto ao principio constitutivo da natureza nos presocráticos (Escola de Mileto e atomistas), en Aristóteles, etc. | ▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CCL |
| | | | ▪ FCTB2.1.2. Explica e recoñece a importancia das achegas da ciencia helenística en medicina, astronomía e matemática, e a do científico Arquímedes. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ FCTB2.1.3. Recoñece e valora as achegas dos tradutores medievais como transmisores da cultura científica, e a síntese medieval dos elementos científicos da Antigüidade. | ▪ CAA<br>▪ CCEC |
| ▪ d<br>▪ e | ▪ B2.2. Ciencia moderna: orixe e desenvolvemento. | ▪ B2.2. Recoñecer e explicar o nacemento da ciencia experimental (física), a noción de dominio da natureza e a importancia da mecánica newtoniana para a ciencia moderna. | ▪ FCTB2.2. Elabora un mapa conceptual mediante traballo colaborativo sobre a ciencia moderna, expresando a importancia da experimentación e da teoría, e a noción de dominio da natureza e da mecánica newtoniana para a ciencia moderna. | ▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CSIEE |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B2.3. A ciencia no mundo contemporáneo.<br>▪ B2.4. Positivismo e neopositivismo. | ▪ B2.3. Recoñecer e identificar o positivismo dentro da ciencia do século XIX e o neopositivismo no século XX. | ▪ FCTB2.3.1. Describe e distingue o positivismo dentro da ciencia do século XIX e o neopositivismo no século XX. | ▪ CCL |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B2.5. Novas ciencias. | ▪ B2.4. Analizar e valorar a aparición das ciencias ao longo dos séculos XIX e XX. | ▪ FCTB2.4.1. Realiza un mapa conceptual colaborativo e grupal sobre a aparición das ciencias ao longo dos séculos XIX e XX, onde reflicta a aparición como ciencia independente da bioloxía e a teoría da evolución, e o nacemento das ciencias humanas (a economía; a orixe da socioloxía como ciencia; a orixe da psicoloxía como aplicación do método experimental ao ser humano; a antropoloxía cultural, a teoría política, a historia e a pedagoxía). | ▪ CCL<br>▪ CSIEE |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B2.6. Revolucións científicas do século XX. | ▪ B2.5. Analizar a importancia das novas teorías no ámbito da física do século XX, das achegas da bioloxía molecular e da revolución da ciencia informática. | ▪ FCTB2.5.1. Utiliza a súa capacidade de aprender a aprender, realizando os seus mapas conceptuais acerca das novas teorías no ámbito da física do século XX (teoría da relatividade de Einstein, física cuántica de MaxPlanck e física do caos). | ▪ CAA<br>▪ CCL |
| | | | ▪ FCTB2.5.2. Analiza e aprecia as achegas da bioloxía molecular (descubrimento do ADN, xenética e bioxenética). | ▪ CSC<br>▪ CCL |

| | Filosofía da Ciencia e da Tecnoloxía. 2º Bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | ▪ FCTB2.5.3. Realiza unha presentación con medios informáticos e analiza criticamente en colaboración grupal a revolución da ciencia informática. | ▪ CD<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ FCTB2.5.4. Utiliza a súa iniciativa persoal para expor as conclusións máis importantes de xeito argumentado sobre a historia da ciencia. | ▪ CSIEE |
| | Bloque 3. A reflexión filosófica sobre as ciencias: breve consideración histórica | | | |
| ▪ d<br>▪ h<br>▪ i | ▪ B3.1. Reflexións filosóficas desde Grecia ata a modernidade. | ▪ B3.1. Valorar e identificar como os ideais sobre a ciencia de Aristóteles inflúen ata o século XVII e as formulacións respecto da ciencia no racionalismo e no empirismo, sendo conscientes das súas limitacións. | ▪ FCTB3.1.1. Valora e aprecia como os ideais sobre a ciencia de Aristóteles inflúen ata o século XVII, e analiza a diferenza entre metafísica e outras ciencias, e as nocións de demostración e a dedución nese autor, e das formulacións respecto á ciencia no racionalismo (mecanicismo cartesiano) e do empirismo (indutivismo e empirismo de Bacon). | ▪ CAA<br>▪ CCL |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B3.2. Síntese kantiana sobre a ciencia. | ▪ B3.2. Explicar a síntese kantiana respecto á ciencia. | ▪ FCTB3.2.1. Explica a síntese kantiana respecto á ciencia mediante textos representativos da súa postura. | ▪ CCL |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B3.3. Mecánica newtoniana. | ▪ B3.3. Explicar e analizar a xustificación da validez da mecánica newtoniana. | ▪ FCTB3.3.1 Comenta e analiza a xustificación da validez da mecánica newtoniana. | ▪ CCL |
| ▪ d<br>▪ h | ▪ B3.4. Teses do positivismo. | ▪ B3.4. Interpretar o positivismo como redución da ciencia a fenómenos observables e eliminación do coñecemento por causas. | ▪ FCTB3.4.1. Recoñece o positivismo como redución da ciencia a fenómenos observables e eliminación do coñecemento por causas. | ▪ CAA<br>▪ CCL |
| ▪ d | ▪ B3.5. Aparición da filosofía da ciencia. | ▪ B3.5. Recoñecer a aparición da filosofía da ciencia como ciencia independente. | ▪ FCTB3.5.1. Recoñece a aparición da filosofía da ciencia como ciencia independente. | ▪ CCL |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B3.6. Correntes convencionalistas | ▪ B3.6. Identificar as correntes convencionalistas. | ▪ FCTB3.6.1. Describe e compara as correntes convencionalistas (convecionalismo de Mach e instrumentalismo de Poincaré e Duhem) e a ciencia como construcións convencionais como instrumento de dominio da natureza. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ d<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B3.7. Positivismo lóxico. | ▪ B3.7. Recoñecer a corrente do positivismo lóxico. | ▪ FCTB3.7.1. Realiza unha presentación utilizando métodos informáticos sobre positivismo lóxico onde aparezan as teses básicas dos autores do Círculo de Viena e as críticas de Popper. | ▪ CD<br>▪ CCL |
| ▪ b | ▪ B3.8.Correntes actuais na filosofía da ciencia. | ▪ B3.8. Identificar as correntes actuais en filosofía da | ▪ FCTB3.8.1. En colaboración grupal, identifica e valora | ▪ CSIEE |

| | Filosofía da Ciencia e da Tecnoloxía. 2º Bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h | | ciencia a través de autores como Popper, Kuhn, Lakatos e Feyerabend, e as correntes do realismo e antirrealismo, e a socioloxía do coñecemento científico. | as achegas das correntes actuais en filosofía da ciencia a través dos seguintes autores: Popper (racionalismo crítico), Kuhn (enfoque histórico-sociolóxico das ciencias da natureza), Lakatos (ciencia como programas de investigación), Feyerabend (teoría anarquista do coñecemento), e as correntes do realismo e do antirrealismo, e a socioloxía do coñecemento científico. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ FCTB3.8.2. Extrae conclusións de maneira persoal sobre o punto anterior. | ▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| | Bloque 4. A natureza da ciencia e a súa valoración desde a filosofía. | | | |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B4.1. Obxectivos e tipos de ciencias. | ▪ B4.1 Clasificar os obxectivos e as ciencias en ciencias experimentais, ciencias humanas e ciencias empíricas e formais. | ▪ FCTB4.1.1. Procura e selecciona información, a través de páxinas web, sobre os obxectivos da ciencia e a clasificación das ciencias: experimentais (coñecemento da natureza para a dominar e controlar), humanas, e empíricas e formais. | ▪ CCL<br>▪ CD |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ l | ▪ B4.2. Método científico. | ▪ B4.2. Analizar o método científico. | ▪ FCTB4.2.1. Analiza e aprecia o método científico como procura de teorías que poidan someterse a control experimental, así como o contexto de descubrimento (construción) e de xustificación (validez). | ▪ CAA<br>▪ CCL |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ l | ▪ B4.3. Método indutivo e método axiomático e dedutivo. | ▪ B4.3. Describir e comparar os métodos de indución e o método axiomático-dedutivo. | ▪ FCTB4.3.1. Describe, compara e extrae as diferenzas dos métodos de indución e axiomático-dedutivo, valorando as fortalezas e as debilidades de cada un. | ▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CMCCT |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ l | ▪ B4.4. Método hipotético-dedutivo. | ▪ B4.4. Recoñecer as características e os elementos do método hipotético-dedutivo, e o mantemento do seu valor na práctica científica actual. | ▪ FCTB4.4.1. Realiza un esquema que recolla as características e os elementos máis definitorios do método hipotético-dedutivo: formulación de hipóteses, asimetría da lóxica entre verificación e falsación de hipóteses, contraste de hipóteses e criterios para xulgar a súa validez. | ▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CMCCT |
| ▪ g<br>▪ e<br>▪ l | ▪ B4.5. O método nas ciencias humanas. | ▪ B4.5. Valorar a singularidade do método nas ciencias humanas. | ▪ FCTB4.5.1 Elabora unha presentación utilizando medios informáticos na que apareza o método nas ciencias humanas (dificultades no ámbito do método das ciencias humanas en virtude da peculiaridade do seu obxecto: o ser humano). | ▪ CD |
| ▪ d<br>▪ i | ▪ B4.6. Elementos das teorías científicas: conceptos científicos | ▪ B4.6. Distinguir os tipos de conceptos científicos (clasificatorios, comparativos e métricos) e valorar a importancia dos conceptos cuantitativos na ciencia | ▪ FCTB4.6.1. Distingue e identifica os tipos de conceptos científicos (clasificatorios, comparativos e métricos) e valora a importancia dos conceptos cuantitati- | ▪ CAA<br>▪ CCL |

| | Filosofía da Ciencia e da Tecnoloxía. 2º Bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | experimental. | vos na ciencia experimental. | |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ i | ▪ B4.7. Elementos das teorías científicas: enunciados | ▪ B4.7. Recoñecer o carácter hipotético dos enunciados observacionais e as leis experimentais como base da actividade científica. | ▪ FCT4.7.1. Explica e recoñece o carácter hipotético dos enunciados observacionais e as leis experimentais como base da actividade científica. | ▪ CCL |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i | ▪ B4.8. Elementos das teorías científicas: leis. | ▪ B4.8. Identificar as características das leis científicas destacando a singularidade e a importancia das leis causais na ciencia. | ▪ FCT4.8.1 Elabora un mapa conceptual, utilizando a súa capacidade de aprender a aprender, onde sinale a utilidade e as características das leis (como fundamento das medicións, como base para a construción de teorías explicativas e como coñecemento máis seguro da ciencia experimental), valorando tamén o seu carácter aproximado, provisional e relativo. | ▪ CAA |
| | | | ▪ FCTB4.8.2. Elabora unha argumentación e fai unha exposición oral sobre a importancia das leis causais na ciencia, utilizando distintas fontes de información (TIC e libros). | ▪ CCL |
| ▪ d<br>▪ i | ▪ B4.9. Características das teorías científicas. | ▪ B4.9. Analizar e valorar ás teorías científicas. | ▪ FCTB4.9.1. Compara e valora as teorías científicas: a concepción tradicional (características das teorías científicas) e a nova concepción das teorías científicas (Kunh e os criterios de aceptabilidade das teorías científicas). | ▪ CAA<br>▪ CCL |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ h<br>▪ i | ▪ B4.10. Progreso científico. | ▪ B4.10. Reflexionar sobre o concepto de progreso científico e valoralo criticamente, na estrutura das revolucións científicas e as alternativas a esta posición en autores como Lakatos e Feyerabend, Agazzi, e a teoría de modelos. | ▪ FCTB4.10.1. Analiza e valora criticamente o concepto de progreso científico na estrutura das revolucións científicas de Kuhn e as alternativas a esta posición en autores como Lakatos e Feyerabend, Agazzi, e a teoría de modelos. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT |
| ▪ d<br>▪ h | ▪ B4.11. Valoración das ciencias desde a filosofía. Racionalidade, obxectividade e verdade. | ▪ B4.11. Reflexionar sobre a ciencia e valorala á luz da filosofía a través dos seguintes conceptos: racionalidade, obxectividade e verdade. | ▪ FCTB4.11.1. Relaciona e valora a ciencia á luz da filosofía a través dos seguintes conceptos, onde aprecia as características de cada un e as relacións entre eles (racionalidade, obxectividade e verdade). | ▪ CAA<br>▪ CCL |
| | Bloque 5. A filosofía da tecnoloxía. | | | |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ i | ▪ B5.1. Ciencia, técnica, tecnoloxía e filosofía da tecnoloxía. | ▪ B5.1. Definir e relacionar as nocións de ciencia, técnica, tecnoloxía e filosofía da tecnoloxía. | ▪ FCTB5.1.1. Describe e relaciona as nocións de ciencia e técnica (identificando as súas finalidades), tecnoloxía e filosofía da tecnoloxía. | ▪ CCL |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B5.2. Breve consideración histórica da filosofía da tecnoloxía. | ▪ B5.2. Valorar e coñecer o concepto de técnica desde a Antigüidade grega ata a actualidade, tendo en conta os seguintes puntos: | ▪ FCTB5.2.1. Elabora mediante traballo colaborativo-grupal un marco de referencia global da historia da tecnoloxía desde a Antigüidade ata a actualidade, ten- | ▪ CSIEE<br>▪ CCEC<br>▪ CMCCT |

| | Filosofía da Ciencia e da Tecnoloxía. 2º Bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ i | | – Prexuízos ante a técnica de Platón e Aristóteles.<br>– Concepción moderna e contemporánea. Concepción positiva da técnica na modernidade e na Ilustración, e en Marx como motor da emancipación, e as achegas da Escola de Fráncfort.<br>– Kapp.<br>– Concepción de Dessauer e Engelmeier.<br>– Tradición humanística da tecnoloxía.<br>– Tecnoloxía a partir dos anos 60 do século XX. | do en conta os seguintes puntos:<br>– Concepto de técnica na Antigüidade grega (prexuízos ante a técnica de Platón e Aristóteles).<br>– Concepción moderna da técnica (concepción positiva da técnica na modernidade) e a Ilustración, e en Marx como motor da emancipación, e as achegas da Escola de Fráncfort).<br>– Kapp en1877 como o primeiro que emprega a noción de *Philosophie der Technik.*<br>– Concepción platónica de Dessauer e Engelmeier dentro da tradición da enxeñaría.<br>– Tradición humanística da tecnoloxía a través de autores como Ortega e Gasset; Heidegger ou Ellul.<br>– Tecnoloxía a partir dos anos 60 do século XX. | ▪ CSC |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i | ▪ B5.3. Reflexións filosóficas sobre a tecnoloxía: democracia, ambiente, ser humano e progreso.<br>▪ | ▪ B5.3. Reflexionar sobre a tecnoloxía e xulgala criticamente, desde conceptos como democracia, ambiente, ser humano e progreso. | ▪ FCTB5.3.1. Comenta e valora criticamente, en colaboración grupal, a tecnoloxía desde as súas posibles repercusións nos seguintes eidos: democracia, ambiente, ser humano e progreso. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE<br>▪ CSC |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B5.4. Tecnoloxía e responsabilidade. | ▪ B5.4. Analizar e apreciar o concepto de responsabilidade relacionado coa tecnoloxía desde varias dimensións (xurídica, moral, social, profesional e relixiosa). | ▪ FCTB5.4.1. Analiza e elabora conclusións sobre o concepto de responsabilidade desde os campos implicados (xurídico, moral, social, profesional e relixioso). | ▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC |

# Literatura Galega do Século XX e da Actualidade

## Introdución

Como complemento á de Lingua galega e literatura, esta materia pretende que o alumnado galego poida ampliar o seu coñecemento da cultura da comunidade da que forman parte, aumentar o seu coñecemento do mundo, analizar de forma crítica a realidade e, así, mellorar as súas posibilidades comunicativas e estéticas.

Nesta materia de literatura galega preséntanse contidos referentes á literatura do século XX e da actualidade por estaren próximos á sensibilidade da xuventude, proximidade que facilitará a relación coa obra literaria a nivel contextual, textual e estético.

Todo o alumnado cursa Lingua galega e literatura, co cal adquire unha visión xeral da creación literaria. Por tanto, para o desenvolvemento desta materia débese partir da materia común, de forma que non se produza unha redundancia de contidos e se favoreza o afondamento na formación literaria do alumnado.

Esta materia permitiralle ao alumnado, ademais da ampliación de coñecementos literarios, a mellora na utilización de procedementos, técnicas, habilidades e estratexias que axudarán na análise, na investigación, no desenvolvemento do xuízo crítico e na reutilización da información, aplicables non só no campo do literario senón tamén noutros campos do saber e en situacións da súa vida cotiá.

A lectura será actividade fundamental nesta materia, entendida como acción complexa que implica comprender, explicar, analizar, interpretar e valorar a obra literaria, de forma que se perciba como algo vivo, creativo e lúdico, que conforme lectores/as sensibles, curiosos/as, reflexivos/as e respectuosos/as cara a todas as manifestacións literarias, artísticas e de pensamento ou opinión.

É fundamental propiciar o traballo da aula que estimule as inquedanzas literarias do alumnado e no que se fomente o espírito crítico, a escoita e o respecto polas distintas ideas e opinións sobre unha obra, a autoría ou un tema. O desenvolvemento destas actitudes conseguirá non só que os alumnos e as alumnas afonden nos seus coñecementos literarios, senón tamén que completen a súa personalidade como persoas responsables, críticas e tolerantes, que sexan quen de expor as súas opinións de xeito argumentado e de captar e aceptar as opinións das outras persoas.

Os contidos desta materia preséntanse agrupados en seis bloques: o primeiro "Aspectos comúns", que estarán presentes no tratamento dos contidos dos restantes bloques; o segundo "Narrativa"; o terceiro "Poesía"; o cuarto "Teatro"; o quinto "Ensaio", e o sexto "A literatura e outras artes".

| | Literatura Galega do Século XX e da Actualidade. 2º Bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. Aspectos comúns | | | |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ p | ▪ B1.1. Lectura e interpretación de textos significativos do século XX e da actualidade, descrición neles dos aspectos formais e temáticos que os individualizan e valoración destes como expresión da sensibilidade autorial e da identidade cultural de Galicia. | ▪ B1.1. Ler e interpretar textos significativos do século XX e da actualidade, identificar neles os aspectos formais e temáticos que os individualizan e valoralos como expresión da sensibilidade autorial e da identidade cultural de Galicia. | ▪ LGSXX1.1.1. Le e interpreta textos significativos do século XX e da actualidade, identifica neles os aspectos formais e temáticos que os individualizan e valóraos como expresión da sensibilidade autorial e da identidade cultural de Galicia. | ▪ CCL<br>▪ CCEC |
| ▪ n<br>▪ e | ▪ B1.2. Análise dos elementos intratextuais e extratextuais que impregnan as obras literarias, así como da estrutura e a técnica que os sustentan. | ▪ B1.2. Analizar os elementos intratextuais e extratextuais que impregnan as obras literarias, así como a estrutura e técnica que os sustentan. | ▪ LGSXX1.2.1. Analiza e describe os elementos intratextuais e extratextuais que impregnan as obras literarias, así como a estrutura e técnica que os sustentan. | ▪ CCL<br>▪ CCEC |

| | Literatura Galega do Século XX e da Actualidade. 2º Bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ p | | | | |
| ▪ e<br>▪ h<br>▪ p | ▪ B1.3. Estudo da relación entre a obra literaria e o contexto sociocultural en que foi creada, e recoñecemento das influencias literarias e non literarias presentesnela. | ▪ B1.3. Estudar a relación entre a obra literaria e o contexto sociocultural en que foi creada, e recoñecer as influencias literarias e non literarias presentes nela. | ▪ LGSXX1.3.1. Estuda e describe a relación entre a obra literaria e o contexto sociocultural en que foi creada, e recoñece as influencias literarias e non literarias presentes nela. | ▪ CCL<br>▪ CCEC |
| ▪ e<br>▪ h<br>▪ p | ▪ B1.4. Valoración da pluralidade de estéticas e temáticas literarias do século XX e da actualidade a través da análise do seu tratamento por diferentes autoras e autores. | ▪ B1.4. Valorar a pluralidade de estéticas e temáticas literarias do século XX e da actualidade a través da análise do seu tratamento por diferentes autoras e autores. | ▪ LGSXX1.4.1. Valora e describe a pluralidade de estéticas e temáticas literarias do século XX e da actualidade a través da análise do seu tratamento por diferentes autoras e autores. | ▪ CCL<br>▪ CCEC |
| ▪ e<br>▪ h<br>▪ p | ▪ B1.5. Análise da relación entre textos da literatura galega do século XX e da actualidade con textos doutras literaturas, e descrición das conexións formais e temáticas existentes entre eles. | ▪ B1.5. Analizar a relación entre textos da literatura galega do século XX e da actualidade con textos doutras literaturas, e explicar as conexións formais e temáticas existentes entre eles. | ▪ LGSXX1.5.1. Analiza e describe a relación entre textos da literatura galega do século XX e da actualidade con textos doutras literaturas, e explica as conexións formais e temáticas existentes entre eles. | ▪ CCL<br>▪ CCEC |
| ▪ e<br>▪ h<br>▪ p | ▪ B1.6. Estudo da relación entre a obra literaria e outras artes (cine, pintura, música, etc.) e descrición de influencias e hibridacións. | ▪ B1.6. Estudar a relación entre a obra literaria e outras artes (cine, pintura, música, etc.) e describir influencias e hibridacións. | ▪ LGSXX1.6.1. Estuda e describe a relación entre a obra literaria e outras artes (cine, pintura, música, etc.) e describe influencias e hibridacións. | ▪ CCL<br>▪ CCEC |
| ▪ e<br>▪ h<br>▪ l<br>▪ p | ▪ B1.7. Elaboración de traballos de investigación escritos e/ou orais sobre algunha obra ou aspecto salientable dela, empregando as fontes de documentación necesarias e cunha opinión persoal argumentada. | ▪ B1.7. Elaborar traballos de investigación escritos e/ou orais sobre algunha obra ou aspecto salientable dela, empregando as fontes de documentación necesarias, e emitir unha opinión persoal argumentada. | ▪ LGSXX1.7.1. Elabora traballos de investigación escritos e/ou orais sobre algunha obra ou aspecto salientable dela, empregando as fontes de documentación necesarias, e emite unha opinión persoal argumentada. | ▪ CCL<br>▪ CCEC |
| ▪ e<br>▪ h<br>▪ p | ▪ B1.8. Creación de textos de intención literaria nos que se teñan presentes as técnicas e os coñecementos adquiridos no estudo e na análise das obras da literatura galega do século XX e da actualidade. | ▪ B1.8. Crear textos de intención literaria nos que se teñan presentes as técnicas e os coñecementos adquiridos no estudo e na análise das obras da literatura galega do século XX e da actualidade. | ▪ LGSXX1.8.1. Crea textos de intención literaria nos que ten presentes as técnicas e os coñecementos adquiridos no estudo e na análise das obras da literatura galega do século XX e da actualidade. | ▪ CCL<br>▪ CCEC |
| | Bloque 2. Narrativa | | | |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ p | ▪ B2.1. Análise da narrativa galega do século XX e da actualidade, e descrición dos seus paradigmas, os seus contextos e as súas influencias. | ▪ B2.1. Analizar a narrativa galega do século XX e da actualidade determinando os seus paradigmas, os contextos e as influencias. | ▪ LGSXX2.1.1. Analiza a narrativa galega do século XX e da actualidade, e determina os seus paradigmas, os contextos e as influencias. | ▪ CCL<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ LGSXX2.1.2. Comenta e compara textos narrativos da literatura galega do século XX e da actualidade, e describe a coincidencia ou diverxencia temática, formal ou estilística. | ▪ CCL<br>▪ CCEC |
| ▪ d<br>▪ e | ▪ B2.2. Estudo do relato e descrición das súas principais características: estrutura, técnicas, extensión. | ▪ B2.2. Estudar o relato e sinalar as súas principais características: estrutura, técnicas, extensión. | ▪ LGSXX2.2.1. Analiza o relato e sinala as súas principais características: estrutura, técnicas, extensión. | ▪ CCL<br>▪ CCEC |

| | Literatura Galega do Século XX e da Actualidade. 2º Bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ h<br>▪ p | | | | |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ p | ▪ B2.3. Estudo da novela e descrición dos seus trazos definitorios: tipo de narrador, deseño de personaxes e tratamento das categorías de espazo e tempo. | ▪ B2.3. Estudar a novela e describir os seus trazos definitorios: tipo de narrador, deseño de personaxes e tratamento das categorías de espazo e tempo. | ▪ LGSXX2.3.1. Analiza a novela e describe os seus trazos definitorios: tipo de narrador, deseño de personaxes e tratamento das categorías de espazo e tempo. | ▪ CCL<br>▪ CCEC |
| | Bloque 3. Poesía | | | |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ p | ▪ B3.1. Análise da poesía galega do século XX e da actualidade determinando os seus paradigmas, os seus contextos e as súas influencias. | ▪ B3.1. Analizar a poesía galega do século XX e da actualidade determinando os seus paradigmas, os seus contextos e as súas influencias. | ▪ LGSXX3.1.1. Analiza a poesía galega do século XX e da actualidade determinando os seus paradigmas, os seus contextos e as súas influencias. | ▪ CCL<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ LGSXX3.1.2. Comenta e compara textos poéticos da literatura galega do século XX e da actualidade e describe a coincidencia ou diverxencia temática, formal ou estilística. | ▪ CCL<br>▪ CCEC |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ p | ▪ B3.2. Estudo do fondo ou contido dos principais textos poéticos do período, determinando temas e motivos. | ▪ B3.2. Estudar o fondo ou contido dos principais textos poéticos do período, determinando temas e motivos. | ▪ LGSXX3.2.1. Describe o fondo ou contido dos principais textos poéticos do período e describe temas e motivos. | ▪ CCL<br>▪ CCEC |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ p | ▪ B3.3. Estudo da forma ou expresión dos principais textos poéticos do período, determinando o nivel actancial (actores e personaxes), a enunciación (voz, perspectiva e suxeito lírico), a estrutura e a figuración (tropos, figuras de dicción e figuras de pensamento). | ▪ B3.3. Estudar a forma ou expresión dos principais textos poéticos do período, determinando o nivel actancial (actores e personaxes), a enunciación (voz, perspectiva e suxeito lírico), a estrutura e a figuración (tropos, figuras de dicción e figuras de pensamento). | ▪ LGSXX3.3.1. Analiza a forma ou expresión dos principais textos poéticos do período e describe o nivel actancial (actores e personaxes), a enunciación (voz, perspectiva e suxeito lírico), a estrutura e a figuración (tropos, figuras de dicción e figuras de pensamento). | ▪ CCL<br>▪ CCEC |
| | Bloque 4. Teatro | | | |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ p | ▪ B4.1. Análise do teatro galego do século XX e da actualidade determinando os seus paradigmas, os seus contextos e as súas influencias. | ▪ B4.1. Analizar o teatro galego do século XX e da actualidade determinando os seus paradigmas, os seus contextos e as súas influencias. | ▪ LGSXX4.1.1. Analiza o teatro galego do século XX e da actualidade e determina os seus paradigmas, os seus contextos e as súas influencias. | ▪ CCL<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ LGSXX4.1.2. Comenta e compara textos teatrais da literatura galega do século XX e da actualidade, e describe a coincidencia ou diverxencia temática, formal ou estilística. | ▪ CCL<br>▪ CCEC |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B4.2. Análise do teatro desde a súa compoñente literaria e caracterización da traxedia, a comedia e o drama do período. | ▪ B4.2. Analizar o teatro desde a súa compoñente literaria e caracterizar a traxedia, a comedia e o drama do período. | ▪ LGSXX4.2.1. Analiza o teatro desde a súa compoñente literaria e caracteriza a traxedia, a comedia e o drama do período. | ▪ CCL<br>▪ CCEC |

| | Literatura Galega do Século XX e da Actualidade. 2º Bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ p | | | | |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ p | ▪ B4.3. Análise do teatro como espectáculo e descrición do funcionamento dos elementos e axentes escénicos. | ▪ B4.3. Analizar o teatro como espectáculo e describir o funcionamento dos elementos e axentes escénicos. | ▪ LGSXX4.3.1. Analiza o teatro como espectáculo e describe o funcionamento dos elementos e axentes escénicos. | ▪ CCL<br>▪ CCEC |
| | Bloque 5. Ensaio | | | |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ p | ▪ B5.1. Análise do ensaio galego do século XX e da actualidade determinando os seus paradigmas, os seus contextos e as súas influencias. | ▪ B5.1. Analizar o ensaio galego do século XX e da actualidade determinando os seus paradigmas, os seus contextos e as súas influencias. | ▪ LGSXX5.1.1. Analiza o ensaio galego do século XX e da actualidade e determina os seus paradigmas, os seus contextos e as súas influencias. | ▪ CCL<br>▪ CCEC |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ p | ▪ B5.2. Análise de diferentes tipos de ensaios literarios: (auto)biografías, libros de viaxe, memorias, diarios e críticas literarias. | ▪ B5.2. Analizar diferentes tipos de ensaios literarios: (auto)biografías, libros de viaxe, memorias, diarios e críticas literarias. | ▪ LGSXX5.2.1. Analiza diferentes tipos de ensaios literarios: (auto)biografías, libros de viaxe, memorias, diarios e críticas literarias. | ▪ CCL<br>▪ CCEC |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ p | ▪ B5.3. Análise de diferentes tipos de ensaios xornalísticos: artigos de opinión, crónicas e entrevistas. | ▪ B5.3. Analizar diferentes tipos de ensaios xornalísticos: artigos de opinión, crónicas e entrevistas. | ▪ LGSXX5.3.1. Analiza diferentes tipos de ensaios xornalísticos: artigos de opinión, crónicas e entrevistas. | ▪ CCL<br>▪ CCEC |
| | Bloque 6. A literatura e outras artes | | | |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ p | ▪ B6.1. Análise das relacións, influencias e producións hibridadas da literatura e o cine. | ▪ B6.1. Analizar as relacións, influencias e producións hibridadas da literatura e o cine. | ▪ LGSXX6.1.1. Analiza e describe as relacións, influencias e producións hibridadas da literatura e o cine. | ▪ CCL<br>▪ CCEC |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ p | ▪ B6.2. Análise das relacións, influencias e producións hibridadas da literatura e a música. | ▪ B6.2. Analizar as relacións, influencias e producións hibridadas da literatura e a música. | ▪ LGSXX6.2.1. Analiza e describe as relacións, influencias e producións hibridadas da literatura e a música. | ▪ CCL<br>▪ CCEC |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ p | ▪ B6.3. Análise das relacións, influencias e producións hibridadas da literatura e as artes plásticas. | ▪ B6.3. Analizar as relacións, influencias e producións hibridadas da literatura e as artes plásticas. | ▪ LGSXX6.3.1. Analiza e describe as relacións, influencias e producións hibridadas da literatura e as artes plásticas. | ▪ CCL<br>▪ CCEC |

| | Literatura Galega do Século XX e da Actualidade. 2º Bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ p | ▪ B6.4. Análise das relacións, influencias e producións hibridadas da literatura e a fotografía. | ▪ B6.4. Analizar as relacións, influencias e producións hibridadas da literatura e a fotografía. | ▪ LGSXX6.4.1. Analiza e describe as relacións, influencias e producións hibridadas da literatura e a fotografía. | ▪ CCL<br>▪ CCEC |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ p | ▪ B6.5. Análise das relacións, influencias e producións hibridadas da literatura e a banda deseñada. | ▪ B6.5. Analizar as relacións, influencias e producións hibridadas da literatura e a banda deseñada. | ▪ LGSXX6.5.1. Analiza e describe as relacións, influencias e producións hibridadas da literatura e a banda deseñada. | ▪ CCL<br>▪ CCEC |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ p | ▪ B6.6. Análise das relacións, influencias e producións hibridadas da literatura e as novas tecnoloxías. | ▪ B6.6. Analizar as relacións, influencias e producións hibridadas da literatura e as novas tecnoloxías. | ▪ LGSXX6.6.1. Analiza e describe as relacións, influencias e producións hibridadas da literatura e as novas tecnoloxías. | ▪ CCL<br>▪ CCEC |

# Literaturas Hispánicas

## Introdución

A lectura de fragmentos ou obras completas representativas das literaturas hispánicas contribúe a desenvolver a competencia lingüística, as competencias sociais e cívicas, e a competencia de conciencia e expresión cultural dos alumnos e das alumnas que se adquiriron durante a ESO nas materias comúns de Lingua Castelá e Literatura e de Lingua Galega e Literatura.

No que á educación se refire, a lectura é o alicerce esencial do proceso educativo e a clave fundamental que fai posible iso que chamamos a aprendizaxe ao longo da vida. É o desempeño instrumental máis importante, pois a competencia de lectura, entendida como a capacidade de comprender, procesar e relacionar a información que se le, é a condición previa e indispensable para a adquisición de todos os tipos de coñecementos.

En contra do que se adoita pensar, as disciplinas científicas esixen tamén unha adecuada competencia lectora. Por iso non é de estrañar que personalidades de recoñecido prestixio que contribuíron á investigación científica fosen tamén grandes lectoras e mesmo grandes escritoras.

A lectura é a clave do coñecemento no seu sentido máis amplo, e a través dela ampliamos os nosos horizontes, abrimos as nosas mentes a outras realidades, desenvolvemos a nosa liberdade e o noso sentido crítico e, en definitiva, enriquecemos a nosa imaxinación.

O obxectivo da educación literaria é contribuír á formación da persoa, indisolublemente ligada á construción da sociabilidade e realizada a través da comparación de textos que amosan a diversidade social, artística e cultural, así como as distintas correntes filosóficas, ao longo da Historia.

O estudo das literaturas hispánicas persegue como obxectivo abordar a lectura crítica de obras da literatura tanto española como hispanoamericana, a análise e a interpretación dos seus textos e dos autores as autoras máis salientables, e a procura de información utilizando fontes de diversos tipos, prestándolle especial atención ao coñecemento da produción literaria noutras linguas peninsulares máis significativa pola súa contribución ao ámbito cultural común. O eixo fundamental para esta abordaxe deberá ser un estudo histórico dos xéneros literarios e unha valoración comparada con outras artes (a música, a pintura, o cine, etc.) e outros discursos culturais que axuden a que o alumnado aprecie a relación das literaturas hispánicas coa literatura universal.

Os contidos organízanse en dous bloques: o primeiro, chamado "Literaturas hispánicas: temas e formas", abrangue contidos comúns, centrados na lectura, a interpretación, a análise e a valoración dos textos literarios (obras completas ou fragmentos seleccionados), e concíbese como a construción compartida do sentido das obras e a explicación das súas convencións literarias. Este bloque inclúe tamén o estudo das relacións significativas entre as obras literarias e o resto das artes (obras musicais, cinematográficas, pictóricas, etc.). O segundo bloque ("Procesos e estratexias") incide na realización de traballos e de exposicións tanto orais como escritas, consultando diversas fontes de información, utilizando os medios audiovisuais e as tecnoloxías da información e da comunicación, e achegando unha interpretación persoal. Ademais, inclúese neste segundo bloque a composición de textos de intención literaria por parte do alumnado.

En definitiva, esta materia facilita o desenvolvemento do individuo como lector competente, capaz de comparar textos literarios de distintas épocas e de diferentes autores e autoras, e capaz de descubrir neles/as recorrencias temáticas, así como semellanzas ou diverxencias expresivas. Deste xeito, o alumnado aprenderá a transferir os seus coñecementos, relacionando o contido e as formas de expresión dunha obra literaria co contexto histórico e cultural en que se inscribe, o que favorecerá a aprendizaxe autónoma.

| | Literaturas Hispánicas. 1º Bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |

| | Literaturas Hispánicas. 1º Bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. Literaturas hispánicas. Temas e formas | | | |
| ▪ h<br>▪ l<br>▪ n | ▪ B1.1. Lectura e comentario de fragmentos, antoloxías e obras completas significativas das literaturas hispánicas. | ▪ B1.1. Ler, comprender, analizar e comentar obras breves, fragmentos ou obras completas significativas das literaturas hispánicas, interpretando o seu contido de acordo cos coñecementos adquiridos sobre temas e formas literarias, así como sobre períodos e autores/as salientables. | ▪ LHB1.1.1. Le fragmentos significativos ou textos completos de obras das literaturas hispánicas, identificando algúns elementos, mitos ou arquetipos creados pola literatura e que chegaron a se converter en puntos de referencia da cultura universal. | ▪ CSC<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ LHB1.1.2. Interpreta obras ou fragmentos representativos das literaturas hispánicas, situándoas no seu contexto histórico, social e cultural, identificando a presenza de determinados temas e motivos, e recoñecendo as características do xénero e do movemento en que se inscriben, así como os trazos máis destacados do estilo literario. | ▪ CCEC<br>▪ CSC<br>▪ CAA |
| ▪ h<br>▪ l<br>▪ n | ▪ B1.2. Identificación e situación no seu contexto sociocultural das autoras e os autores máis relevantes das literaturas hispánicas. | ▪ B1.2. Identificar e situar no seu contexto sociocultural as autoras e os autores máis relevantes das literaturas hispánicas. | ▪ LHB1.2.1. Identifica e sitúa no seu contexto sociocultural as autoras e os autores máis relevantes das literaturas hispánicas. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ c<br>▪ h<br>▪ l<br>▪ n | ▪ B1.3. Interpretación das relacións entre obras pertencentes ás literaturas hispánicas e o resto das artes. | ▪ B1.3. Interpretar obras narrativas, líricas e dramáticas das literaturas hispánicas nomeadamente significativas, relacionando a súa forma e o seu contido coas ideas estéticas dominantes do momento en que se escribiron e coas transformacións artísticas e históricas producidas no resto das artes. | ▪ LHB1.3.1. Interpreta determinadas obras narrativas, líricas e dramáticas das literaturas hispánicas nomeadamente significativas, e relaciónaas coas ideas estéticas dominantes do momento en que se escribiron, analizando as vinculacións entre elas e comparando a súa forma de expresión. | ▪ CCL<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ LHB1.3.2. Establece relacións significativas entre as literaturas hispánicas e o resto das artes, interpretando de xeito crítico algunhas obras ou fragmentos significativos adaptados a outras manifestacións artísticas, analizando as relacións, similitudes e diferenzas entre as linguaxes expresivas. | ▪ CCEC<br>▪ CSC<br>▪ CAA |
| ▪ c<br>▪ h<br>▪ l<br>▪ n | ▪ B1.4. Observación, recoñecemento e valoración da evolución de formas e temas creados polas literaturas hispánicas nas diversas formas artísticas da cultura universal. Selección e análise de exemplos representativos. Superación de estereotipos de xénero, de clase, de crenza, etc. | ▪ B1.4. Observar, recoñecer e valorar a evolución dalgunhas formas e algúns temas creados polas literaturas hispánicas e o seu valor permanente en diversas manifestacións artísticas da cultura universal. | ▪ LHB1.4.1. Observa, recoñece e valora textos literarios de diferentes épocas, e describe a evolución de formas e temas creados polas literaturas hispánicas. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ LHB1.4.2. Recoñece o valor permanente destes temas e destas formas da literatura noutras manifestacións artísticas da cultura universal. | ▪ CCL<br>▪ CCEC |
| | Bloque 2. Procesos e estratexias | | | |
| ▪ e | ▪ B2.1. Realización de traballos críticos sobre a lectura | ▪ B2.1. Realizar traballos críticos sobre a lectura dunha | ▪ LHB2.1.1. Realiza traballos críticos sobre unha obra | ▪ CCL |

| Literaturas Hispánicas. 1º Bacharelato | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ g<br>▪ h<br>▪ n | dunha obra ou dun fragmento significativos das literaturas hispánicas dunha época, interpretándoos en relación co seu contexto histórico e literario, obtendo a información bibliográfica necesaria e efectuando unha valoración persoal. | obra ou un fragmento significativos dunha época, interpretándoos en relación co seu contexto histórico e literario, obtendo a información bibliográfica necesaria e efectuando unha valoración persoal. | ou fragmento significativos dunha época, relacionándoos co seu contexto histórico, social e literario e, de ser o caso, co significado e a relevancia do seu autor ou a súa autora na época ou na historia da literatura, consultando fontes de información diversas. | ▪ CD<br>▪ CSC |
| ▪ e<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ n | ▪ B2.2. Realización de exposicións orais ou escritas acerca dunha obra das literaturas hispánicas, unha época ou un autor ou autora, con axuda de medios audiovisuais e das tecnoloxías da información e da comunicación, expresando as propias opinións, seguindo un esquema preparado previamente, e valorando as obras literarias como punto de encontro de ideas e sentimentos colectivos e como instrumentos para acrecentar o caudal da propia experiencia. | ▪ B2.2. Realizar exposicións orais ou escritas acerca dunha obra, dunha época ou dun autor ou unha autora das literaturas hispánicas con axuda de medios audiovisuais e das tecnoloxías da información e da comunicación, expresando as propias opinións, seguindo un esquema preparado previamente, e valorando as obras literarias como punto de encontro de ideas e sentimentos colectivos, e como instrumentos para acrecentar o caudal da propia experiencia. | ▪ LHB2.2.1. Realiza presentacións orais ou escritas planificadas integrando coñecementos literarios e lectura, cunha correcta estruturación do contido, argumentación coherente e clara das propias opinións, consulta e cita de fontes, selección de información relevante, e utilización do rexistro apropiado e da terminoloxía literaria necesaria. | ▪ CCL<br>▪ CD |
| | | | ▪ LHB2.2.2. Explica oralmente ou por escrito os cambios significativos na concepción da literatura e dos xéneros literarios, relacionándoos co conxunto de circunstancias históricas, sociais e culturais, e establecendo relacións entre a literatura e o resto das artes. | ▪ CCL<br>▪ CCEC |
| ▪ h<br>▪ n | ▪ B2.3. Composición de textos escritos con intención literaria e conciencia de estilo. | ▪ B2.3. Compor textos con intención literaria e conciencia de estilo. | ▪ LHB2.3.1. Compón textos con intención literaria e conciencia de estilo. | ▪ CCL<br>▪ CSIEE |

# Métodos Estatísticos e Numéricos

## Introdución

As matemáticas proporcionan ferramentas para a creación de modelos no estudo de diferentes fenómenos. En ocasións é posible definir relacións funcionais entre as magnitudes implicadas, obténdose modelos deterministas, pero moitos fenómenos son tan complexos no seu comportamento e interveñen neles tantas magnitudes que precisan modelos estocásticos para un mellor estudo. Faise necesario, xa que logo, complementar a formación científica xeral que o alumnado de bacharelato alcanza a partir doutras materias cunha educación neste pensamento estatístico e probabilístico.

A materia de Métodos Estatísticos e Numéricos contribúe especialmente ao desenvolvemento da competencia matemática, recoñecida como clave pola Unión Europea co nome de "competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía". Esta consiste en formular, transformar e resolver problemas a partir de situacións da vida cotiá, doutras ciencias e das propias matemáticas. Para lograr isto cómpre analizar a situación, identificar o que é verdadeiramente relevante, establecer relacións, facer a modelización e ser quen de representala e comunicala utilizando diferentes linguaxes e rexistros, formular outros problemas, outras preguntas e mesmo atopar outras respostas que aparezan tras a análise, o traballo, a argumentación e a resolución da situación de partida. É necesario utilizar conceptos, propiedades, procedementos e as linguaxes axeitadas para expresar as ideas matemáticas, e resolver os problemas asociados coa situación en cuestión. Estas actividades esixen a argumentación e a análise dos procedementos empregados e as solucións propostas. É dicir, a competencia matemática consiste en adquirir un hábito de pensamento matemático que permita establecer hipóteses e contrastalas, elaborar estratexias de resolución de problemas e axudar na toma de decisións adecuadas, tanto na vida persoal como na súa futura vida profesional.

A habilidade de formular, interpretar e resolver problemas, e de modelizar a realidade, poñen en xogo distintas formas de pensamento: o pensamento converxente, indispensable para estruturar coñecementos de forma lóxica; o pensamento diverxente, que permite incorporar novas solucións ou asociacións non convencionais ao problema investigado; e os pensamentos abstracto, algorítmico e computacional, vinculados á capacidade de abordar un problema automatizando o proceso e procurando solucións transferibles ou xeneralizables. Neste proceso están involucradas todas competencias; a de comunicación lingüística, ao ler de forma comprensiva os enunciados e comunicar os resultados obtidos; a de aprender a aprender, ao desenvolver a capacidade de abstraer e simplificar; a de sentido de iniciativa e espírito emprendedor, ao establecer un plan de traballo en revisión e modificación continua, á medida que se vai resolvendo o problema; a competencia dixital, ao tratar adecuadamente a información e, de ser o caso, servir de apoio á resolución do problema, a comprobación da solución e a presentación de resultados; a competencia social e cívica, ao implicar unha actitude aberta ante diferentes enfoques e solucións; e a de conciencia e expresións culturais, na medida en que o proxecto incorpore elementos culturais ou artísticos con base matemática.

Seguindo as recomendacións da Orde ECD/65/2015, para potenciar a motivación da aprendizaxe destas competencias é desexable unha metodoloxía activa e contextualizada, baseada nunha aprendizaxe cooperativa, onde cada persoa poida desenvolver distintos papeis, achegtando ou incorporando ideas, asumindo responsabilidades e aceptando erros. Unha metodoloxía baseada na resolución de problemas faise imprescindible para desenvolver capacidades como a comprensión e o emprego de diferentes linguaxes matemáticas, a análise de datos, a formulación, a comprobación e a aceptación ou o rexeitamento de hipóteses, o deseño, o emprego e o contraste de estratexias, a toma de decisións, etc. Ademais, é resolvendo problemas que traten situacións reais onde os conceptos e os métodos estatísticos e numéricos empregados amosan tanto a súa potencia como a súa relevancia.

Os contidos de estatística e probabilidade seleccionados para estes métodos estatísticos e numéricos apóianse nos estudados na educación secundaria obrigatoria e nas Matemáticas do bacharelato, ampliándoos nalgúns casos. Así sucede coas series temporais, coa mostraxe e a estatística inferencial e coa probabilidade condicionada, que ademais proporcionan bases para modelar e resolver unha gama máis ampla de problemas. Así mesmo, os métodos numéricos proporcionan modos de resolución de problemas, que non poderían abordarse de maneira simbólica e para cuxa realización se precisan a calculadora ou programas informáticos. O emprego destas ferramentas tecnolóxicas non só libera tempo de tarefas repetitivas para outras como a reflexión, o razoamento, a toma de decisións e a interpretación dos resultados, etc., senón que é tamén unha axuda no ensino de conceptos e propiedades.

Os contidos están estruturados en seis bloques: "Mostraxe", "Estatística inferencial", "Probabilidade condicionada", "Series temporais", "Programación lineal" e "Métodos numéricos". O coñecemento dos contidos que se propoñen e dalgunhas das múltiples aplicacións que a estatística ten no mundo biolóxico, físico, económico, histórico, xeográfico, social ou político proporciónalles aos/ás estudantes as bases para abordar estudos posteriores. Así mesmo, cos coñecementos adquiridos a través desta materia pódense analizar diversas situacións cotiás ou as informacións que, revestidas dun formalismo estatístico, aparecen nos medios, contribuíndo á formación dos alumnos e das alumnas como cidadáns e cidadás con autonomía e criterio propio, e achegándoos/as ás técnicas necesarias para alcanzar un coñecemento máis profundo da complexidade do mundo.

| | Métodos Estatísticos e Numéricos. 2º Bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. Mostraxe | | | |
| ▪ h<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ m | ▪ B1.1. Fundamentos probabilísticos. Distribucións de probabilidade. | ▪ B1.1. Identificar os fenómenos que poden modelizarse mediante as distribucións de probabilidade binomial e normal, calculando os seus parámetros, asignando a probabilidade aos sucesos correspondentes e tomando decisións ante situacións que se axusten a unha distribución binomial ou normal, por medio da asignación de probabilidades aos sucesos correspondentes. | ▪ MEN.B1.1.1. Distingue fenómenos aleatorios, discretos ou continuos, que poden modelizarse mediante unha distribución binomial ou normal e manexa con soltura as correspondentes táboas para asignarlles probabilidades aos sucesos, analizándoos e decidindo a opción máis conveniente. | ▪ CMCCT |
| ▪ i<br>▪ l | ▪ B1.2. Poboación e mostra.<br>▪ B1.3. Mostraxe: tipos.<br>▪ B1.4. Parámetros poboacionais e estatísticos dunha mostra.<br>▪ B1.5. Distribucións dunha mostra. | ▪ B1.2. Planificar e realizar estudos concretos partindo da elaboración de enquisas, selección da mostra e estudo estatístico dos datos obtidos acerca de determinadas características da poboación estudada para inferir conclusións, asignándolles unha confianza medible. | ▪ MENB1.2.1. Valora a representatividade dunha mostra a partir do seu proceso de selección. | ▪ CMCCT<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ MENB1.2.2. Aplica os conceptos relacionados coa mostraxe para obter datos estatísticos dunha poboación e extrae conclusións sobre aspectos determinantes da poboación de partida. | ▪ CMCCT |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ m<br>▪ n<br>▪ ñ<br>▪ o<br>▪ p | ▪ B1.6. Identificación das fases e tarefas dun estudo estatístico. Elaboración e presentación da información estatística. Análise e descrición de traballos relacionados coa estatística e o azar, interpretando a información e detectando erros e manipulacións. | ▪ B1.3. Presentar e describir ordenadamente información estatística utilizando vocabulario e unhas representacións adecuados, e analizar de forma crítica e argumentada informes estatísticos presentes nos medios de comunicación, publicidade e outros ámbitos, prestando especial atención á súa ficha técnica e detectando posibles erros e manipulacións na súa presentación e conclusións e analizando, de forma crítica, informes estatísticos presentes nos medios de comunicación e noutros ámbitos, detectando posibles erros e manipulacións na presentación de determinados datos. | ▪ MENB1.3.1. Analiza de forma crítica e argumentada información estatística presente nos medios de comunicación e outros ámbitos da vida cotiá, valorando a incidencia dos medios tecnolóxicos no tratamento e representación gráfica de datos estatísticos que proveñen de diversas fontes. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |

| | Métodos Estatísticos e Numéricos. 2º Bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 2. Estatística inferencial | | | |
| ▪ i<br>▪ l | ▪ B2.1. Estimación puntual e por intervalos.<br>▪ B2.2. Decisións estatísticas. Hipóteses estatísticas. Contraste de hipóteses. Cálculo das rexións de aceptación e rexeitamento, e formulación da regra de decisión.<br>▪ B2.3. Erros de tipo I e II. Nivel de significación. Potencia dun contraste. Relacións entre σ, μ e o tamaño da mostra. | ▪ B2.1. Estimar parámetros descoñecidos dunha poboación cunha fiabilidade ou un erro prefixados. | ▪ MENB2.1.1. Obtén estimadores puntuais de diversos parámetros poboacionais e os intervalos de confianza de parámetros poboacionais en problemas contextualizados, partindo das distribucións mostrais correspondentes. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MENB2.1.2. Leva a cabo un contraste de hipóteses sobre unha poboación, formula as hipóteses nula e alternativa dun contraste, entende os erros de tipo I e de tipo II, e define o nivel de significación e a potencia do contraste. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA |
| | Bloque 3. Probabilidade condicionada | | | |
| ▪ i<br>▪ l | ▪ B3.1. Experimentos simples e compostos. Probabilidade condicionada. Dependencia e independencia de sucesos.<br>▪ B3.2. Regra do produto. Regra das probabilidades totais. Regra de Bayes. | ▪ B3.1. Asignar probabilidades a sucesos aleatorios en experimentos simples e compostos. | ▪ MENB3.1.1. Aplica as regras do produto, as probabilidades totais e a regra de Bayes ao cálculo de probabilidades de sucesos. | ▪ CMCCT |
| ▪ i<br>▪ l | ▪ B3.3. Cadeas de Markov. Distribucións estacionarias. Cadeas absorbentes.<br>▪ B3.4. Clasificación, identificación e cálculo das probabilidades dos estados en cadeas de Markov. | ▪ B3.2. Modelar situacións contextualizadas dos mundos científico, tecnolóxico, económico e social, utilizando as cadeas de Markov para estudar a súa evolución, asignándolles probabilidades aos diferentes estados. | ▪ MENB3.2.1. Identifica fenómenos da vida cotiá que se modelizan mediante cadeas de Markov, distingue os seus estados, represéntaos e calcula as probabilidades correspondentes, utilizando as operacións con matrices ou outros métodos. | ▪ CMCCT |
| | Bloque 4. Series temporais | | | |
| ▪ i<br>▪ l | ▪ B4.1. Series de tempo: compoñentes.<br>▪ B4.2. Curva de tendencia. Determinación de curvas de tendencia por diversos métodos como o axuste por mínimos cadrados.<br>▪ B4.3. Índice estacional. Índices cíclicos. Variación irregular. | ▪ B4.1. Analizar e interpretar cuantitativa e cualitativamente series cronolóxicas mediante o estudo das compoñentes que aparecen nelas. | ▪ MENB4.1.1. Describe e interpreta, cualitativa e cuantitativamente, os compoñentes das series de tempo que representan distintos fenómenos científicos ou sociais cando veñen dadas por unha táboa ou por unha gráfica, e calcula e utiliza a curva de tendencia e os índices cíclicos e estacionais como modelos matemáticos que permiten realizar predicións. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT |
| | Bloque 5. Programación lineal | | | . . |
| ▪ i<br>▪ l | ▪ B5.1. Desigualdades. Inecuacións lineais. Problema estándar de programación lineal. Función obxectivo. Solución factible.<br>▪ B5.2. Problema dual.<br>▪ B5.3. Formulación e resolución de problemas de | ▪ B5.1. Resolver problemas de optimización extraídos de situacións reais de carácter científico, tecnolóxico, económico e social enunciados na linguaxe natural, traducíndoos á linguaxe alxébrica e utilizando as técnicas de programación lineal, e interpreta as solucións | ▪ MENB5.1.1. Resolve problemas provenientes de diversos campos, utilizando a linguaxe alxébrica con soltura e a programación lineal con dúas variables para obter a solución, e interpreta os resultados obtidos no contexto do problema formulado. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CSC |

| | Métodos Estatísticos e Numéricos. 2º Bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | programación lineal con dúas variables por métodos gráficos e interpretación das solucións obtidas. | obtidas. | | |
| | Bloque 6. Métodos numéricos | | | |
| ▪ i<br>▪ l | ▪ B6.1. Díxitos significativos. Truncamento e arrendondamento. Erro acumulado. Erros absoluto e relativo.<br>▪ B6.2. Converxencia.<br>▪ B6.3. Métodos de resolución de ecuacións cunha incógnita.<br>▪ B6.4. Métodos de resolución de sistemas lineais.<br>▪ B6.5. Métodos de cálculo de integrais definidas. Cálculo de superficies. | ▪ B6.1. Utilizar as técnicas de cálculo numérico na resolución de problemas contextualizados dos campos científico, tecnolóxico ou económico, traducíndoos á linguaxe alxébrica adecuada e estudando as relacións funcionais que interveñen neles. | ▪ MENB6.1.1. Analiza os problemas e determina o método de cálculo da solución apropiado a cada caso, empregando números aproximados e acoutando o erro cometido, e contrasta o resultado coa situación de partida. | ▪ CMCCT<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ MENB6.1.2. Calcula áreas utilizando métodos numéricos. | ▪ CMCCT |
| ▪ i<br>▪ l | ▪ B6.6. Interpolación polinómica. | ▪ B6.2. Utilizar táboas e gráficas como instrumento para o estudo de situacións empíricas, axustándoas a unha función, e obter os seus parámetros para adquirir información suplementaria, empregando os métodos de interpolación e extrapolación adecuados. | ▪ MENB6.2.1. Axusta os datos obtidos a partir dunha situación empírica a unha función e obtén valores descoñecidos, utilizando técnicas de interpolación e extrapolación. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ MENB6.2.2. Analiza relacións entre variables que non se axusten a ningunha fórmula alxébrica e amosa destreza no manexo de datos numéricos. | ▪ CMCCT |

# Patrimonio Artístico e Cultural de Galicia

## Introdución

O patrimonio artístico e cultural galego caracterízase pola súa riqueza, diversidade e extensión xeográfica, así como pola vinculación á paisaxe que o rodea. Abundan os monumentos megalíticos, como dolmens, gravados rupestres ou castros e poboados fortificados da Idade do Ferro, e son numerosos os restos romanos, entre os que destaca a muralla de Lugo ou a torre de Hércules, da Coruña.

Pero se algo a converte en referente europeo son as múltiples arterias do camiño que conduce a Santiago de Compostela. Os Camiños de Santiago, que tiveron o seu esplendor na Idade Media, foron declarados polo Consello de Europa Primeiro Itinerario Cultural Europeo e actualmente son percorridos cada ano por milleiros de persoas. Na meta da ruta xacobea está a catedral de Santiago de Compostela, un dos principais símbolos de Galicia polo seu valor patrimonial, pola súa importancia histórica na conformación da propia identidade europea e pola súa proxección para a imaxe da comunidade galega no exterior.

Durante a Idade Moderna, cunha sucesión de crises económicas e culturais, a arte entra en certa decadencia, polo que o Renacemento non é un período destacable na historia da arte galega. Todo o contrario sucede co Barroco, que tivo en Compostela un desenvolvemento específico e frutífero.

No discorrer do século XIX, coa revitalización cultural que supuxo o Rexurdimento, Galicia é influída polos movementos artísticos e culturais que marcaron Europa, entre eles o modernismo.

Finalmente, no século XX e no actual XXI atopamos unha xeración de artistas que crean unha escola galega que conecta coas correntes internacionais, destacando entre outros Francisco Asorey, Carlos Maside, Luís Seoane, Maruxa Mallo ou Isaac Díaz Pardo.

Por outra banda, a materia proposta non esquece que ao longo do territorio galego dominan tamén as construcións en pedra, principalmente castelos, torres, pazos, hórreos e cruceiros, ademais dos innumerables exemplos do patrimonio industrial, tales como antigas fábricas, obradoiros, minas, muíños, fornos, pontes, medios de transporte, vías, inmobles, etc., e a propia paisaxe modificada pola actividade humana, así como as innumerables testemuñas da riqueza do patrimonio cultural de Galicia.

Porén, a materia de Patrimonio Artístico e Cultural de Galicia vén, dalgún xeito, recoñecer e pór en valor a inmensa riqueza do acervo artístico e cultural galego; unha maneira máis de contribuír ao mantemento do noso singularísimo patrimonio material ao longo do devir xeracional, adecuando a difusión do coñecemento do propio aos estilos de aprendizaxe actuais, representados nas competencias clave. De aí que, dun xeito máis ou menos específico, as distintas competencias clave desenvólvense ao longo da materia, sexa mediante contidos que son propios da historia da arte de Galicia, sexa mediante o estudo e aprecio do patrimonio, sexa a través das vertentes máis actitudinais e procedementais das competencias.

O tratamento metodolóxico da materia débese axustar ao nivel competencial inicial do alumnado, respectando distintos ritmos e estilos de aprendizaxe que teñan en conta a atención á diversidade. A materia de Patrimonio Artístico e Cultural permite desenvolver metodoloxías activas, nas que o traballo individual e cooperativo estean permanentemente presentes, con elaboración de diferentes tipos de materiais, e integrando de forma especial as TIC.

| | Patrimonio Artístico e Cultural de Galicia. 2º Bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. As raíces da arte galega. | | | |
| ▪ b | ▪ B1.1. As imaxes e a súa representación simbólica. | ▪ B1.1. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e | ▪ PAB1.1.1. Identifica as imaxes rupestres de Galicia en | ▪ CCEC |

| | Patrimonio Artístico e Cultural de Galicia. 2º Bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ m<br>▪ n | | as características esenciais das primeiras manifestacións artísticas, e as posibles explicacións simbólicas das imaxes dos petróglifos, en relación cos seus respectivos contextos históricos e culturais. | relación coas imaxes tribais ou étnicas existentes no mundo. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ PAB1.1.2. Relaciona as imaxes cun posible significado iconolóxico. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ PAB1.1.3. Compara as imaxes prehistóricas coas de grupos étnicos da actualidade, e establece posibles paralelismos. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ PAB1.1.4. Relaciona a iconografía dos petróglifos con composicións de artistas actuais. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ n | ▪ B1.2. Construcións megalíticas. | ▪ B1.2. Analizar o Dolmen de Dombate e os labores de recreación e restauración efectuados no século XX. | ▪ PAB1.2. Analiza o Dolmen de Dombate e debate acerca da súa autenticidade simbólica e histórica. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CCEC |
| ▪ n | ▪ B1.3. Función social da arte prehistórica en Galicia. | ▪ B1.3. Explicar a función social, ritual, relixiosa e xerarquizadora da arte prehistórica en Galicia, especificando o papel desempeñado pola sociedade. | ▪ PAB1.3. Especifica a consideración social, xerarquizadora e relixiosa das expresións artísticas da prehistoria en Galicia. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ m<br>▪ n | ▪ B1.4. Comentario de obras de arte: arte da prehistoria en Galicia | ▪ B1.4. Analizar, comentar e clasificar obras significativas da arte prehistórica, aplicando un método que abranga diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico). | ▪ PAB1.4. 1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras prehistóricas: dolmen de Axeitos, dolmen de Dombate e lapa de Gargantás. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ PAB1.4.2. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras da arte prehistórica en Galicia: petróglifos de Mogor, Campo Lameiro, Cotobade e Castriño de Conxo; tesouro de Caldas de Reis e Casco de Leiro. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ m<br>▪ n<br>▪ p | ▪ B1.5. Traballo de investigación en patrimonio artístico e cultural de Galicia. | ▪ B1.5. Realizar e expor traballos de investigación, individualmente ou en grupo, utilizando tanto medios tradicionais como as novas tecnoloxías. | ▪ PAB1.5.1. Realiza un traballo de investigación sobre as construcións megalíticas en Galicia. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ PAB1.5.2. Realiza un traballo de investigación sobre os petróglifos en Galicia. | ▪ CCEC<br>▪ CCL |

| | Patrimonio Artístico e Cultural de Galicia. 2º Bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | | ▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CSIEE |
| ▪ h<br>▪ n<br>▪ p | ▪ B1.6. Conservación do patrimonio: arte prehistórica. | ▪ B1.6. Respectar as creacións artísticas da prehistoria en Galicia, valorando a súa calidade en relación coa súa época e a súa importancia como patrimonio escaso e insubstituíble que hai que conservar. | ▪ PAB1.6. Confecciona un catálogo, con breves comentarios, das obras máis salientables da arte prehistórica que se conservan en Galicia. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| | Bloque 2. Idade Antiga. | | | |
| ▪ n | ▪ B2.1. Cultura castrexa. | ▪ B2.1. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da cultura castrexa, relacionándoa co seu respectivo contexto histórico e cultural. | ▪ PAB2.1.1. Describe as características e as funcións dos principais tipos da arquitectura castrexa. | ▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CSIEE |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ m<br>▪ n | ▪ B2.2. Comentario de obras de arte: arte da época castrexa en Galicia | ▪ B2.2. Analizar, comentar e clasificar obras significativas da cultura castrexa e da arte romana, aplicando un método que abranga diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico). | ▪ PAB2.2.1. Explica os trazos principais dos castros, o urbanismo e os sistemas defensivos, a partir de fontes históricas ou historiográficas, a través do Castro de Viladonga ou do Castro de Baroña. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | ▪ B2.3. Utilizar a terminoloxía específica da arte nas exposicións orais e escritas, denominando con precisión os elementos e as técnicas principais. | ▪ PAB2.3.1. Especifica e explica a tipoloxía da escultura e a ourivaría castrexa: torque de Burela, cabeza de Rubiás e guerreiro de Armeá. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ n | ▪ B2.3. Arte romana. Época tardorromana. | ▪ B2.4. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte romana, en relación co seu respectivo contexto histórico e cultural. | ▪ PAB2.4.1. Describe as características e as funcións dos principais tipos de edificios romanos. | ▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ PAB2.4.2. Explica os trazos principais da cidade romana a partir de fontes históricas ou historiográficas e a través das murallas de Lugo. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ PAB2.4.3. Describe as características esenciais e a función da arquitectura relixiosa tardorromana a través do templo de Santalla de Bóveda. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ n | ▪ B2.4. Función social da arte castrexa e romana. | ▪ B2.5. Explicar a función social da arte romana, especificando o papel desempeñado por clientes/as e artistas, e as súas relacións. | ▪ PAB2.5.1. Especifica quen eran os/as principais clientes da arte romana, e a consideración social da arte e dos/das artistas. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ d | ▪ B2.5. Comentario de obras de arte: arte da idade | ▪ B2.6. Analizar, comentar e clasificar obras significativas da arquitectura romana en Galicia, aplicando un | ▪ PAB2.6.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas romanas: murallas de Lugo, to- | ▪ CCEC |

| | Patrimonio Artístico e Cultural de Galicia. 2º Bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ e<br>▪ m<br>▪ n | antiga en Galicia | método que abranga diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico). | rre de Hércules, termas de Lugo, ponte romana de Lugo, ponte maior de Ourense, ponte Lubiáns e ponte do Bibei. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ m<br>▪ n<br>▪ p | ▪ B2.6. Traballo de investigación en patrimonio artístico e cultural de Galicia. Arte da idade antiga en Galicia. | ▪ B2.7. Realizar e expor, individualmente ou en grupo, traballos de investigación, utilizando tanto medios tradicionais como as novas tecnoloxías. | ▪ PAB2.7.1. Realiza un traballo de investigación sobre un dos seguintes castros en Galicia: San Cibrao de Las, Viladonga, Baroña, Santa Trega, Borneiro, Elviña e Fazouro. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ PAB2.7.2. Realiza un traballo de investigación sobre as pontes romanas en Galicia. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CSIEE |
| ▪ h<br>▪ n<br>▪ p | ▪ B2.7. Conservación do patrimonio: arte na Idade Antiga en Galicia. | ▪ B2.8. Respectar as creacións artísticas da arte na idade antiga en Galicia, valorando a súa calidade en relación coa súa época e a súa importancia como patrimonio escaso e insubstituíble que hai que conservar. | ▪ PAB2.8.1. Explica as construcións castrexas en Galicia e a problemática da súa conservación. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CSC |
| | Bloque 3. Idade Media. | | | |
| ▪ n | • B3.1. Arte prerrománica. Achega cristiá á arquitectura e á iconografía. | ▪ B3.1. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte paleocristiá, en relación co seu respectivo contexto histórico e cultural. | ▪ PAB3.1.1. Explica a evolución da escultura paleocristiá | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ PAB3.1.2. Explica a evolución da pintura e o mosaico na arte paleocristiá, con especial referencia á iconografía. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ PAB3.1.3. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras escultóricas romanas: a estela de Tines e o cristograma de Quiroga. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ n | ▪ B3.2. Suevos e visigodos. | ▪ B3.2. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte prerrománica en Galicia, en relación cos seus respectivos contextos históricos e culturais. | ▪ PAB3.2.1. Define o concepto da arte prerrománica e especifica as súas manifestacións en Galicia. | ▪ CCEC<br>▪ CCL |
| | | | ▪ PAB3.2.2. Describe as características xerais das primeiras manifestacións artísticas do prerrománico en Galicia: mosteiro de San Pedro de Rocas e a Lauda | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |

| | Patrimonio Artístico e Cultural de Galicia. 2º Bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | de Modesa (Rebordáns). | |
| | | | ▪ PAB3.2.3. Describe as características xerais da arquitectura visigótica en Galicia: Santa Comba de Bande. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ n | ▪ B3.3. Séculos IX e X. | ▪ B3.3. Analizar, comentar e clasificar obras significativas da arte prerrománica en Galicia, aplicando un método que abranga diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico). | ▪ PAB3.3.1. Identifica, analiza e clasifica razoadamente no seu estilo as seguinte obras: San Xes de Francelos, Santa Eufemia de Ambía, Santa María do Cebreiro, Santo Antolín de Toques, Santa María de Mixós, Santa Comba de Bande e a capela de San Miguel de Celanova. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ n | ▪ B3.4. Configuración e desenvolvemento da arte románica. Igrexas e mosteiros. Iconografía románica. | ▪ B3.4. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte románica en Galicia, en relación cos seus respectivos contextos históricos e culturais. | ▪ PAB3.4.1. Describe as características xerais da arte románica en Galicia a partir de fontes históricas ou historiográficas. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ PAB3.4.2. Describe as características e a función das igrexas e dos mosteiros na arte románica en Galicia a través dos mosteiros da Ribeira Sacra: Santo Estevo de Ribas de Sil, Santa Cristina de Ribas de Sil e Santa María de Ferreira de Pantón. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ PAB3.4.3. Explica as características da escultura e a pintura románica en Galicia, con especial referencia á iconografía. | ▪ CCEC<br>▪ CCL |
| ▪ n | ▪ B3.5. Primeiro Románico. | ▪ B3.5. Analizar, comentar e clasificar obras significativas do primeiro Románico en Galicia, aplicando un método que abranga diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico). | ▪ PAB3.5.1. Describe as características xerais da arquitectura no primeiro Románico en Galicia a través das seguintes obras: basílica de San Martiño de Mondoñedo e San Xoán de Vilanova. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ n | ▪ B3.6. Románico pleno: Catedral de Santiago. O Románico no Camiño de Santiago. | ▪ B3.6. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da Catedral de Santiago e a importancia do Camiño, en relación co seu respectivo contexto histórico e cultural. | ▪ PAB3.6.1. Relaciona o Camiño de Santiago e a súa importancia relixiosa coa aplicación da arte románica. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ PAB3.6.2. Relaciona a influencia do Camiño co desenvolvemento de Santiago. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ n | ▪ B3.7. Tardorrománico. Arquitectura do Císter. | ▪ B3.7. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais do Románico de transición, en relación co seu respectivo contexto histórico e cultural. | ▪ PAB3.7.1. Describe as características xerais da arquitectura no tardorrománico ou protogótico en Galicia a través das seguintes obras: San Lourenzo de Carboeiro, mosteiro de Santa María de Oseira e mos- | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |

| | Patrimonio Artístico e Cultural de Galicia. 2º Bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | teiro de Santa María de Armenteira. | |
| ▪ n | ▪ B3.8. Función social da arte románica. | ▪ B3.8. Explicar a función social da arte románica, especificando o papel de clientes/as e artistas, e as súas relacións. | ▪ PAB3.8.1. Especifica as relacións entre artistas e clientes/as da arte románica. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CAA |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ m<br>▪ n | ▪ B3.9. Comentario de obras de arte: arte románica en Galicia | ▪ B3.9. Analizar, comentar e clasificar obras significativas da arte románica en Galicia, aplicando un método que abranga diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico). | ▪ PAB3.9.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras da arquitectura románica: catedral de Santiago de Compostela, Santa María de Cambre, Santa María do Campo, igrexa de Santiago en A Coruña, colexiata de Santa María de Sar, Santa María de Salomé, igrexa de Vilar de Donas, San Nicolas de Portomarín, catedral de Ourense, Santa María de Baiona e catedral de Santa María de Tui. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ PAB3.9.2. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras da escultura románica: fachada de Praterías, Pórtico da Gloria e portada de Santo Estevo de Ribas de Miño. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ n | ▪ B3.10. Achega da arte gótica, expresión dunha cultura urbana. Catedral e arquitectura civil. Modalidades na escultura. Orixe da pintura moderna. | ▪ B3.10. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte gótica, en relación cos seus respectivos contextos históricos e culturais. | ▪ PAB3.10.1. Describe as características xerais da arte gótica en Galicia a partir de fontes históricas ou historiográficas. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ PAB3.10.2. Describe as características e a evolución da arquitectura gótica en Galicia e especifica os cambios introducidos respecto á románica. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ PAB3.10.3. Describe as características e evolución da escultura gótica en Galicia e especifica as súas diferenzas tipolóxicas, formais e iconográficas respecto á escultura románica. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ n | ▪ B3.11. Función social da arte gótica. | ▪ B3.11. Explicar a función social da arte gótica en Galicia, especificando o papel de clientes/as e artistas, e as súas relacións. | ▪ PAB3.11.1. Especifica as relacións entre artistas e clientes/as da arte gótica. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CAA |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ m | ▪ B3.12. Comentario de obras de arte: arte gótica en Galicia | ▪ B3.12. Analizar, comentar e clasificar obras significativas da arte gótica en Galicia, aplicando un método que abranga diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico). | ▪ PAB3.12.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras da arquitectura gótica nas ordes mendicantes: San Domingos de Bonaval, San Domingos de Pontevedra e San Francisco de Betanzos. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |

| | Patrimonio Artístico e Cultural de Galicia. 2º Bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ n | | | ▪ PAB3.12.2. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras da escultura gótica: pórtico da catedral de Tui, porta do Colexio de San Xerome e sepulcro de Fernán Peres de Andrade o Boo. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ m<br>▪ n<br>▪ p | ▪ B3.13. Traballo de investigación en patrimonio histórico e cultural de Galicia. | ▪ B3.13. Realizar e expor, individualmente ou en grupo, traballos de investigación, utilizando tanto medios tradicionais como as novas tecnoloxías. | ▪ PAB3.13.1. Realiza un traballo de investigación sobre os mosteiros románicos situados na Ribeira Sacra. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ PAB3.13.2. Realiza un traballo de investigación sobre o tratamento iconográfico e significado do Pórtico da Gloria. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CSIEE |
| ▪ h<br>▪ n<br>▪ p | ▪ B3.14. Conservación do patrimonio: arte na idade media en Galicia. | ▪ B3.14. Respectar as creacións artísticas da arte na idade media en Galicia, valorando a súa calidade en relación coa súa época e a súa importancia como patrimonio escaso e insubstituíble que hai que conservar. | ▪ PAB3.14.1. Explica a importancia da arte románica no Camiño de Santiago. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ PAB3.14.2. Confecciona un catálogo, con breves comentarios, das obras máis salientables da arquitectura prerrománica en Galicia. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ PAB3.14.3. Confecciona un catálogo, con breves comentarios, das obras máis salientables da arquitectura románica en Galicia. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| | Bloque 4. Idade Moderna. | | | |
| ▪ n | ▪ B4.1. Renacemento. Patróns e artistas. Iconografía na arquitectura do século XVI. Orixe e desenvolvemento da nova linguaxe en arquitectura, escultura e pintura. | ▪ B4.1. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte do Renacemento, en relación cos seus respectivos contextos históricos e culturais. | ▪ PAB4.1.1. Explica as características esenciais do Renacemento en Galicia e a súa periodización a partir de fontes históricas ou historiográficas. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ PAB4.1.2. Especifica as características da arquitectura renacentista galega e explica a súa evolución. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |

| | Patrimonio Artístico e Cultural de Galicia. 2º Bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | ▪ PAB4.1.3. Especifica as características da escultura renacentista galega e explica a súa evolución. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ n | ▪ B4.2. Función social da arte renacentista en Galicia. | ▪ B4.2. Explicar a función social da arte do Renacemento, especificando o papel desempeñado por clientes/as e artistas, e as súas relacións. | ▪ PAB4.2.1. Especifica as relacións entre artistas e clientes/as da arte do Renacemento en Galicia. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CAA |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ m<br>▪ n | ▪ B4.3. Comentario de obras de arte: arte do renacemento en Galicia. | ▪ B4.3. Analizar, comentar e clasificar obras significativas da arte renacentista en Galicia, aplicando un método que abranga diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico). | ▪ PAB4.3.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras da arquitectura renacentista en Galicia: colexio de Nosa Señora da Antiga de Monforte, mosteiro de Santa María de Montederramo, Hospital Real de Santiago e Pazo de Fonseca. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ PAB4.3.2. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras da escultura renacentista en Galicia: estatuas da fachada do mosteiro de San Martiño Pinario e retablo da igrexa de Santa María de Castro Caldelas. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ n | ▪ B4.4. Unidade e diversidade do Barroco. Linguaxe artística ao servizo do poder civil e eclesiástico. Barroco compostelán. Urbanismo barroco. Igrexas e pazos. Principais tendencias. | ▪ B4.4. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte do Barroco, en relación cos seus respectivos contextos históricos e culturais. | ▪ PAB4.4.1. Explica as características esenciais do Barroco en Galicia a partir de fontes históricas ou historiográficas. | ▪ CCEC<br>▪ CCL |
| | | | ▪ PAB4.4.2. Especifica as diferenzas entre a concepción barroca da arte e a renacentista. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ PAB4.4.3. Especifica as características da arquitectura barroca galega e explica a súa evolución. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ PAB4.4.4. Especifica as características da escultura barroca galega e explica a súa evolución. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ PAB4.4.5. Especifica as características da pintura barroca galega a través da obra de Xoán Antonio García de Bouzas. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ n | ▪ B4.5. Función social da arte do Barroco en Galicia. | ▪ B4.5. Explicar a función social da arte do Barroco en Galicia, especificando o papel desempeñado por clientes/as e artistas, e as súas relacións. | ▪ PAB4.5.1. Describe o papel desenvolto pola igrexa e a baixa nobreza ou fidalguía na arte do Barroco en Galicia. | ▪ CCEC<br>▪ CCL |

| | Patrimonio Artístico e Cultural de Galicia. 2º Bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | | ▪ CSC<br>▪ CAA |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ m<br>▪ n | ▪ B4.6. Comentario de obras de arte: arte do Barroco en Galicia | ▪ B4.6. Analizar, comentar e clasificar obras significativas da arte do Barroco en Galicia, aplicando un método que abranga diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico). | ▪ PAB4.6.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras da arquitectura barroca relixiosa en Galicia: obras de Domingo de Andrade, Fernando de Casas, Simón Rodríguez, Clemente F. Sarela, Pedro de Monteagudo (mosteiros de San Xoán de Poio e Sobrado dos Monxes) e Lucas Ferro Caaveiro. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ PAB4.6.2. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras da arquitectura barroca civil en Galicia: pazos rurais e pazos de Fefiñáns, de Oca e de Santa Cruz de Ribadulla. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ PAB4.6.3. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras da escultura barroca en Galicia: obras de Francisco de Moure, Gregorio Fernández, Mateo de Prado e Xosé Gambino. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ n | ▪ B4.7. Neoclasicismo. Enxeñeiros técnicos na arquitectura do neoclasicismo en Galicia. Estilo academicista. | ▪ B4.7. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais do neoclasicismo, en relación co seu respectivo contexto histórico e cultural. | ▪ PAB4.7.1. Explica o século XVIII como época de coexistencia de vellos e novos estilos artísticos nun contexto histórico de cambios profundos. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ PAB4.7.2. Explica as razóns do xurdimento do Neoclasicismo e as súas características xerais en arquitectura, escultura e pintura: o foco compostelán. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ PAB4.7.3. Explica as característica xerais do urbanismo academicista a través do Arsenal Real e o barrio da Magdalena en Ferrol. | ▪ CCEC<br>▪ CCL |
| ▪ n | ▪ B4.8. Función social da arte do Neoclasicismo en Galicia. | ▪ B4.8. Explicar a función social da arte do Neoclasicismo en Galicia, especificando o papel desempeñado por clientes/as e artistas, e as súas relacións. | ▪ PAB4.8. Describe o papel desempeñado polas ideas do reformismo ilustrado de Carlos III a través das academias. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CAA |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ m<br>▪ n | ▪ B4.9. Comentario de obras de arte: arte do Neoclasicismo en Galicia | ▪ B4.9. Analizar, comentar e clasificar obras significativas da arte do Neoclasicismo en Galicia, aplicando un método que abranga diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico). | ▪ PAB4.9.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras da arquitectura neoclásica en Galicia: obras de Domingos Lois Monteagudo e de Melchor de Prado y Mariño. Pazo de Raxoi, fachada da Acibechería, reforma da torre de Hércules, casas de Paredes e arquivo do Reino de Galicia en Betanzos. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |

| | Patrimonio Artístico e Cultural de Galicia. 2º Bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | ▪ PAB4.9.2. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras da escultura neoclásica en Galicia: obras de Manuel de Prado Mariño e Xosé Ferreiro. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ m<br>▪ n<br>▪ p | ▪ B4.10. Traballo de investigación en patrimonio histórico e cultural de Galicia: a arte da Idade Moderna. | ▪ B4.10. Realizar e expor, individualmente ou en grupo, traballos de investigación, utilizando tanto medios tradicionais como as novas tecnoloxías. | ▪ PAB4.10.1. Realiza un traballo de investigación sobre o proceso de construción e urbanismo do Arsenal Real de Ferrol. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ PAB4.10.2. Realiza un traballo de investigación sobre Domingo de Andrade. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ PAB4.10.3. Realiza un traballo de investigación sobre os pazos en Galicia. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CSIEE |
| ▪ h<br>▪ n<br>▪ p | ▪ B4.11. Conservación do patrimonio: arte na idade moderna en Galicia. | ▪ B4.11. Respectar as creacións artísticas da arte da Idade Moderna, valorando a súa calidade en relación coa súa época e a súa importancia como patrimonio escaso e insubstituíble que hai que conservar. | ▪ PAB4.11.1. Explica o proceso de barroquización de Santiago. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ PAB4.11.2. Confecciona un catálogo, con breves comentarios, das obras máis salientables da arte dos séculos XVI a XVIII en Galicia. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| | Bloque 5. Idade Contemporánea. | | | |
| ▪ e<br>▪ h<br>▪ m<br>▪ n<br>▪ p | ▪ B5.1 Arte galega do século XIX:<br>– Arquitectura do século XIX. Impacto dos novos materiais: historicismo e eclecticismo. Obra de Jenaro de la Fuente.<br>– Nacemento do urbanismo moderno. Homoxenización de modelos e creación dos barrios obreiros.<br>– Escultura do Rexurdimento galego (Isidoro Brocos) | ▪ B5.1. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais do historicismo e eclecticismo, en relación cos seus respectivos contextos históricos e culturais. | ▪ PAB5.1.1. Entende a importancia da incorporación dos novos materiais á arquitectura, diferenciando os estilos que se serven deles. | ▪ CCEC<br>▪ CAA |
| | | | ▪ PAB5.1.2. Comprende a transcendencia da incorporación do concepto de urbanismo aos ensanches burgueses das cidades de Galicia (Juan de Ciórraga) e a xénese dos barrios obreiros. | ▪ CSC<br>▪ CCEC |

| | Patrimonio Artístico e Cultural de Galicia. 2º Bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | e adopción da liturxia liberal na escultura galega do século XIX.<br>– Pintura no século XIX galego: do romanticismo e o historicismo ao exotismo e o realismo. | | ▪ PAB5.1.3. Identifica as principais correntes da escultura galega do século XIX. | ▪ CCEC<br>▪ CCL |
| | | | ▪ PAB5.1.4. Realiza un traballo de investigación en torno á pintura galega do século XIX (tendencias e principais autores/as). | ▪ CSIEE<br>▪ CCEC |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ p | ▪ B5.2. Función social do arte do século XIX galego. | ▪ B5.2. Explicar a función social da arte do historicismo e do eclecticismo, especificando o papel desenvolvido por clientes/as e artistas, e as súas relacións. | ▪ PAB5.2.1 Explica as razóns que levaron á planificación dos ensanches burgueses nas principais cidades galegas e o seu correlato co deseño dos barrios obreiros. | ▪ CCL<br>▪ CCEC |
| ▪ b<br>▪ h | ▪ B5.3. Comentario de obras de arte do século XIX en Galicia. | ▪ B5.3. Analizar, comentar e clasificar obras significativas do historicismo e eclecticismo, aplicando un método que abranga diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico). | ▪ PAB5.3.1 Identifica, analiza e comenta a obra arquitectónica de Jenaro de la Fuente e as planificacións urbanísticas de Juan de Ciórraga. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ PAB5.3.2. Identifica, analiza e comenta a obra escultórica de Isidoro Brocos. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ PAB5.3.3. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras da pintura do século XIX en Galicia: obra pictórica da Xeración Doente e de Serafín Avendaño. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ n | ▪ B5.4. Século XX. Arquitectura. Renovación da linguaxe arquitectónica: funcionalismo do Movemento Moderno e arquitectura orgánica. | ▪ B5.4. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arquitectura no século XX en Galicia, en relación cos seus respectivos contextos históricos e culturais. | ▪ PAB5.4.1. Explica o proceso de configuración e os trazos esenciais do Movemento Moderno na arquitectura en Galicia. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ PAB5.4.2. Explica o proceso de configuración e os trazos esenciais do racionalismo na arquitectura en Galicia. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ n | ▪ B5.5. Fenómeno das vangardas nas artes plásticas en Galicia. Vangardas e novos medios: a fotografía e cine en Galicia. | ▪ B5.5. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais das artes plásticas no século XX en Galicia, en relación cos seus respectivos contextos históricos e culturais. | ▪ PAB5.5.1. Define o concepto de vangarda artística en relación co acelerado ritmo de cambios na sociedade da época e a liberdade creativa dos artistas iniciada no século anterior. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ m<br>▪ n | ▪ B5.6. Comentario de obras de arte: arquitectura e artes plásticas do século XX en Galicia | ▪ B5.6. Analizar, comentar e clasificar obras significativas da arte da primeira metade do século XX en Galicia, aplicando un método que abranga diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico). | ▪ PAB5.6.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras da arquitectura do século XX en Galicia: Casa Fonte de San Andrés, Compostela 8, Praza de Lugo 22 e Casa Rey de Julio Galán y Carvajal; Pazo Municipal da Coruña, de Pedro Mariño; Praza de Lugo 13 e Casa Salorio, de Antonio López Hernández; Escolas | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |

| | Patrimonio Artístico e Cultural de Galicia. 2º Bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | da Fundación Labaca e "O dente de Ouro", de Leoncio Bescansa; Banco de Vigo, de Manuel Gómez Román; Concello de Porriño, Teatro García Barbón, Templo da Vera Cruz e Templo de Panxón, de Antonio Palacios; Casa Molina, Kiosco Alfonso e sanatorio antituberculoso de Cesuras, de Rafael González Villar; Banco Pastor, de Antonio Tenreiro; Estadio de Riazor, de Santiago Rey Pedreira; Policlínico Cíes, Mercado de Porriño e igrexa de Nosa Señora das Neves, de Xosé Bar Boo; Edificio Seat, Edificio Coca-Cola e Estadio de San Lázro, de Andrés Fernández Albalat; Domus, Faro de Punta Nariga e Museo do Mar en Vigo, de César Portela; e vivenda unifamiliar en Corrubedo, de lago Seara. | |
| | | | ▪ PAB5.6.2. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras da escultura do século XX en Galicia: Naiciña, Picariña, Ofrenda de San Ramón e San Francisco, de Francisco Asorey; Campesiña sentada, Leiteira, Maternidade e Moza peiteándose, de Xosé Eiroa; Meus pais, de Xoán Piñeiro; Orlando furioso, de Camilo Otero; Mariñeiros e Peregrino loitando contra o vento, de José María Acuña; Escultura ao emigrante, de Eduardo Parrado; e Monumento a Eugenio D´Ors e Fonte dos Delfíns, de Cristino Mallo. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ PAB5.6.3. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras da pintura do século XX en Galicia: obra pictórica de Manuel Colmeiro, Laxeiro, Arturo Souto, Fernando Álvarez de Sotomayor, Manuel Pesqueira, Luis Seoane, Eugenio Granell, Manuel Prego, Tino Grandío, María Antonia Dans, Maruxa Mallo, Manuel Abelenda, Isaac Díaz Pardo, Menchu Lamas, Francisco Lloréns, Urbano Lugrís, Alfonso R. Castelao, Xesús Corredoira, Carlos Maside, Xulia Minguillón, Reimundo Patiño, Julio Prieto Nespereira, Xaime Quessada e Alberto Datas. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ p | ▪ B5.7. Función social da arte do século XX en Galicia. | ▪ B5.7. Explicar a función social da arte do século XX en Galicia, especificando o papel desempeñado por clientes/as e artistas, e as súas relacións. | ▪ PAB5.7.1. Describe o papel dos/das artistas no contexto político do século XX en Galicia. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CAA |
| ▪ d<br>▪ e | ▪ B5.8. Traballo de investigación en patrimonio histórico e cultural de Galicia: a arte no século XX en Galicia. | ▪ B5.8. Realizar e expor, individualmente ou en grupo, traballos de investigación, utilizando tanto medios tradicionais como as novas tecnoloxías. | ▪ PAB5.8.1. Realiza un traballo de investigación sobre a xeración do 25 e o GATEPAC en Galicia. | ▪ CCEC<br>▪ CCL |

| | Patrimonio Artístico e Cultural de Galicia. 2º Bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ g<br>▪ m<br>▪ n | | | | ▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ PAB5.8.2. Realiza un traballo de investigación sobre os/as artistas do movemento renovador "Os novos". | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CSIEE |
| ▪ h<br>▪ n | ▪ B5.9. Conservación do patrimonio: arte na idade contemporánea en Galicia. | ▪ B5.9. Respectar as creacións artísticas da arte da Idade Contemporánea en Galicia, valorando a súa calidade en relación coa súa época e a súa importancia como patrimonio escaso e insubstituíble que hai que conservar. | ▪ PAB5.9.1. Selecciona unha obra arquitectónica, unha escultura ou unha pintura da primeira metade do século XX, de Galicia e xustifica a súa elección. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ PAB5.9.2. Realiza un traballo de investigación catalogando os bens artísticos de Galicia inscritos no Patrimonio Mundial da UNESCO. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CSIEE |
| | Bloque 6. Patrimonio industrial e cultural en Galicia. | | | |
| ▪ h<br>▪ n | ▪ B6.1. Patrimonio industrial. Normativa. Plan Nacional do Patrimonio Industrial 2011.Tipoloxía. | ▪ B6.1. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arquitectura popular e industrial en Galicia, en relación cos seus respectivos contextos históricos, sociais e culturais. | ▪ PAB6.1.1 Explica o proceso de configuración do patrimonio industrial e cultural en Galicia. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | ▪ B6.2 Respectar as creacións da arquitectura popular e industrial en Galicia, valorando a súa calidade en relación coa súa época e a súa importancia como patrimonio escaso e insubstituíble que hai que conservar. | ▪ PAB6.2.1. Describe a importancia da protección do patrimonio industrial e cultural en Galicia. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ PAB6.2.2. Define o concepto de patrimonio industrial (arqueolóxico, antigo, moderno e contemporáneo), da historia industrial, da economía industrial, da socioloxía industrial e da historiografía industrial. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ PAB6.2.3. Describe a tipoloxía do patrimonio industrial en Galicia: lugares produtivos (obradoiros, minas, muíños, fornos, fábricas e sitios onde se produza calquera proceso produtivo). | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ PAB6.2.4. Describe a tipoloxía do patrimonio industrial | ▪ CCEC |

| | Patrimonio Artístico e Cultural de Galicia. 2º Bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | en Galicia: almacéns e depósitos onde se garde a materia prima. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ PAB6.2.5. Describe a tipoloxía do patrimonio industrial en Galicia: servizos, onde se xere enerxía ou se abasteza auga. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ PAB6.2.6. Describe a tipoloxía do patrimonio industrial en Galicia: comunicacións, calquera medio de transporte, a súa infraestrutura e a súa paisaxe. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ PAB6.2.7. Describe a tipoloxía do patrimonio industrial en Galicia: lugares sociais onde se desenvolvan actividades relacionadas cunha actividade industrial. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ n | ▪ B6.2. Función social do patrimonio industrial en Galicia. | ▪ B6.3. Explicar a función social do patrimonio industrial en Galicia, especificando o papel desempeñado pola sociedade e as súas relacións. | ▪ PAB6.3.1. Especifica os problemas do patrimonio industrial en Galicia: conservación ou restauración. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CAA |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ m<br>▪ n | ▪ B6.3. Traballo de investigación en patrimonio industrial de Galicia. | ▪ B6.4. Realizar e expor, individualmente ou en grupo, traballos de investigación, utilizando tanto medios tradicionais como as novas tecnoloxías. | ▪ PAB6.4.1. Realiza un traballo de investigación sobre o patrimonio industrial en Galicia: os chozos do Suído, muíños, fornos, fábricas de fariñas, arsenal, pontes de ferro, ferrocarrís, minas, torres, etc. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CSIEE |
| ▪ h<br>▪ n | ▪ B6.4. Patrimonio cultural. Normativa e protección; BIC. Patrimonio inmaterial. | ▪ B6.5. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais do patrimonio cultural en Galicia, en relación cos seus respectivos contextos históricos, sociais e culturais, ademais de respectar as súas creacións, valorando a súa calidade en relación coa súa época e a súa importancia como patrimonio escaso e insubstituíble que hai que conservar. | ▪ PAB6.5.1. Explica o proceso de configuración do patrimonio cultural en Galicia. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ PAB6.5.2. Define o concepto de patrimonio cultural de Galicia. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ PAB6.5.3. Describe a tipoloxía do patrimonio cultural inmaterial. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ n<br>▪ p | ▪ B6.5. Función social do patrimonio industrial e cultural en Galicia. | ▪ B6.6. Explicar a función social do patrimonio cultural en Galicia, especificando o papel da sociedade e as súas relacións. | ▪ PAB6.6.1. Especifica a riqueza, a diversidade e a extensión xeográfica do patrimonio cultural inmaterial en Galicia: | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CSC |

| | Patrimonio Artístico e Cultural de Galicia. 2º Bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | – Tradicións e expresións orais: lendas, contos, etc.<br>– Actos festivos, sociais e rituais.<br>– Música, danza e representacións teatrais tradicionais.<br>– Coñecementos, técnicas e prácticas tradicionais.<br>– Técnicas artesanais tradicionais. | ▪ CAA |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ m<br>▪ n<br>▪ p | ▪ B6.6. Traballo de investigación en patrimonio cultural de Galicia: a arte no século XX en Galicia. | ▪ B6.7. Realizar e expor, individualmente ou en grupo, traballos de investigación, utilizando tanto medios tradicionais como as novas tecnoloxías. | ▪ PAB6.7.1. Realiza un traballo de investigación sobre o patrimonio cultural en Galicia: os Camiños de Santiago. BIC. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ PAB6.7.2. Realiza un traballo de investigación sobre o patrimonio cultural en Galicia: turismo e patrimonio artístico e cultural. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ PAB6.7.3. Realiza un traballo de investigación sobre o patrimonio cultural inmaterial en Galicia: técnica artesanal tradicional na pesca galega; o xeito e o cerco real. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CSIEE |

# Robótica

## Introdución

A tecnoloxía desenvolve un papel fundamental na sociedade actual, porque proporciona un conxunto de coñecementos e de técnicas que permiten satisfacer as necesidades individuais e colectivas. Neste sentido, a tecnoloxía aporta ao currículo a capacidade de analizar e redeseñar a relación entre dispositivos tecnolóxicos e necesidades sociais, ámbito no que a innovación e a inmediatez que lle son propias dotan estas ensinanzas dunha gran relevancia educativa. Na resolución de problemas tecnolóxicos conxúganse, ademais da innovación, elementos como o traballo en equipo ou o carácter emprendedor, que son imprescindibles para formar unha cidadanía autónoma e competente. Ademais, o coñecemento da tecnoloxía proporciona unha imprescindible perspectiva científico-tecnolóxica sobre a necesidade de construír unha sociedade sustentable, formada por unha cidadanía crítica con respecto ao que acontece ao seu arredor.

A materia de Robótica trata de lograr estes fins abordando un amplo conxunto de temas e a través da resolución de problemas. Así, o bloque de “A Robótica” trata sobre a evolución deste tipo de máquinas e proporciona orientacións sobre a súa previsible evolución para favorecer a investigación da súa influencia na sociedade e no contorno. No bloque “Programación e control” trátanse os aspectos de programación e de control necesarios para desenvolver as funcións dun sitema robótico. No bloque de “Proxectos de robótica” trátase o proceso de desenvolvemento dun robot integrando os aspectos de hardware e de software descritos nos bloques anteriores. Este bloque incorpora, ademais, os aspectos relacionados coa elaboración e publicación da documentación para proxectar, construír e programar un robot, e para verificar que o seu funcionamento se atén ás especificacións previstas.

No conxunto dos bloques desta materia, en resumo, intégranse coñecementos de carácter matemático e científico, polo que un enfoque interdisciplinario favorecerá a conexión con outras materias e mesmo con diversos temas de actualidade.

Desde o punto de vista metodolóxico, a ensinanza desta materia require que se traballe en equipo, para resolver problemas tecnolóxicos que permitan explorar o deseño, a produción, a avaliación ou a mellora de sistemas robóticos relevantes desde o punto de vista tecnolóxico e social. Trátase de aprender a identificar e a seleccionar solucións aos problemas técnicos, a realizar cálculos e estimacións ou a planificar a realización de actividades de deseño e de montaxe, contextos de aprendizaxe nos que son importantes a iniciativa, a colaboración e o respecto polas normas de seguridade, e nos que as TIC son ferramentas imprescindibles para a programación dos sistemas, pero tamén para a busca de información, para a elaboración de documentos ou de planos, para a realización de simulacións e de cálculos técnicos e económicos, e para a presentación e publicación de resultados.

Na ensinanza da robótica resulta adecuado, polo tanto, reflexionar e traballar en grupo buscando solucións a problemas nos que se poidan aplicar os coñecementos adquiridos, e buscar información adicional, se se require, para fomentar o espírito emprendedor.

A contribución da materia de Robótica ao desenvolvemento das competencias clave dependerá en gran medida do tipo de actividades seleccionado, é dicir, da metodoloxía empregada. Neste sentido, a comunicación lingüística desenvolverase na medida en que o alumnado adquira e utilice adecuadamente vocabulario tecnolóxico, elabore informes técnicos, explique conceptos ou elabore, expoña e publique información. A competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, principais competencias que se desenvolven nesta materia, acádanse calculando magnitudes e parámetros, e aplicando técnicas de medición e de análise gráfica no contexto do proceso de resolución técnica de problemas, ou construíndo sistemas robóticos e verificando o seu funcionamento, competencias que tamén se favorecen planificando actividades para resolver problemas técnicos complexos e realizando proxectos. A competencia dixital desenvolverase principalmente co emprego constante das TIC para a programación dos sistemas robóticos, e para procurar e almacenar información ou para obter e presentar datos, e para simular circuítos, sistemas e procesos tecnolóxicos.

Para que o alumnado poida aprender a aprender, as actividades deben permitir que tome decisións cun certo grao de autonomía, que organice o proceso da propia aprendizaxe, e que aplique o aprendido a situacións cotiás das que poida avaliar os resultados. Da mesma forma, as competencias sociais e cívicas acadaranse procurando que o alumnado

traballe en equipo, interactúe con outras persoas e grupos de forma democrática e respecte a diversidade e as normas, e tamén mediante a análise da interacción entre o desenvolvemento tecnolóxico e os cambios socioeconómicos e culturais que produce.

O sentido de iniciativa e espírito emprendedor conséguese nesta materia a través do deseño, da planificación e da xestión de proxectos tecnolóxicos ao transformar as ideas propias en dispositivos, circuítos ou sistemas. E a conciencia e as expresións culturais reflíctense na análise da influencia dos fitos tecnolóxicos nas distintas culturas e no seu desenvolvemento e progreso.

En función da vixencia e da utilidade dos aspectos que trata a Robótica, esta materia ofrece, sen dúbida, un inmenso potencial para axudar a comprender a evolución do contorno social e tecnolóxico e para desenvolver un conxunto de competencias relacionadas tanto co contexto profesional futuro como coa participación cidadá e co desenvolvemento persoal.

| | Robótica. 1º Bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. A robótica | | | |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f | ▪ B1.1. Orixe e evolución da robótica.<br>▪ B1.2. Áreas de aplicación da robótica. Tipos de robots. | ▪ B1.1. Analizar os tipos e as aplicacións dos robots identificando os problemas que resolven. | ▪ ROB1.1.1. Identifica aplicacións dos robots e describe a forma na que resolven os problemas para os que se deseñaron. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC |
| | | | ▪ ROB1.1.2. Identifica os principais tipos de robots e describe as súas aplicacións. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ h | ▪ B1.3. Estrutura e funcionamento dos robots. Sensores, actuadores e controladores. Motores, transmisións e reductoras. Manipuladores. | ▪ B1.2. Describir a estrutura e o funcionamento dos robots. | ▪ ROB1.2.1. Identifica as partes dun sistema robótico e describe a súa función no conxunto. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ ROB1.2.2. Explica o funcionamento dos sensores e actuadores máis habituais. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT |
| | Bloque 2. Programación e control | | | |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g | ▪ B2.1. Características das unidades de control. Hardware básico.<br>▪ B2.2. Conexión de sensores e actuadores coa unidade de control. Circuítos típicos para sensores e actuadores. | ▪ B2.1. Realizar montaxes de circuítos que funcionen como sensores e actuadores dun sistema de control. | ▪ ROB2.1.1. Identifica as características técnicas do controlador utilizado e os portos de comunicación. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ ROB2.1.2. Conecta sensores e actuadores coa unidade de control. | ▪ CMCT<br>▪ CAA |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f | ▪ B2.3. Diagramas de fluxo. Símboloxía.<br>▪ B2.4. Técnicas de análise de problemas mediante diagramas de fluxo. | ▪ B2.2. Analizar problemas e representar algoritmos que os resolven mediante diagramas de fluxo. | ▪ ROB2.2.1. Elabora algoritmos que resolven problemas utilizando diagramas de fluxo. | ▪ CMCT<br>▪ CD<br>▪ CAA |

| | Robótica. 1º Bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ g | | | ▪ ROB2.2.2. Analiza diagramas de fluxo e interpreta as instrucións que describen. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CD |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g | ▪ B2.5. Contornos e linguaxes de programación para controladores.<br>▪ B2.6. Estruturas e bloques fundamentais dun programa informático.<br>▪ B2.7. Estruturas de control: secuenciais, condicionais e iterativas. Almacenamento de datos: variables. Funcións.<br>▪ B2.8. Creación e modificación de programas. Ferramentas de depuración de programas. | ▪ B2.3. Realiza programas que controlan o comportamento de dispositivos ou sistemas robóticos. | ▪ ROB2.3.1. Deseña programas con estruturas de control, de almacenamento de datos e funcións. | ▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CAA |
| | | | ▪ ROB2.3.2. Realiza programas que controlan as saídas en función das entradas de acordo coas condicións establecidas. | ▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CAA |
| | | | ▪ ROB2.3.3. Programa unidades de control para controlar dispositivos ou sistemas robóticos. | ▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| | Bloque 3. Proxectos de robótica | | | |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g | ▪ B3.1. Análise de problemas: necesidades estruturais, mecánicas, electrónicas e enerxéticas dun robot.<br>▪ B3.2. Técnicas de deseño e de construción de sistemas robóticos. | ▪ B3.1. Realizar o deseño estrutural, mecánico e electrónico dun sistema robótico mediante o proceso de resolución de problemas tecnolóxicos. | ▪ ROB3.1.1. Deseña e planifica a construción dun sistema robótico que resolva un problema determinado. | ▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE<br>▪ CCEC |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g | ▪ B3.3. Resolución de desafíos e problemas robóticos. Análise do problema. Diagrama de fluxo do funcionamento. Programación estruturada. Verificación e depuración. | ▪ B3.2. Realizar o deseño dun sistema robótico que utilice control programado para resolver un problema determinado. | ▪ ROB3.2.1. Desenvolve un programa para controlar un sistema robótico de acordo coas especificacións previamente establecidas. | ▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g | ▪ B3.4. Técnicas de depuración de programas de control.<br>▪ B3.5. Técnicas de localización de fallos e avarías. | ▪ B3.3. Verificar o funcionamento dos programas e das montaxes. | ▪ ROB3.3.1. Realiza as probas necesarias para verificar o funcionamento dos programas e montaxes. | ▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ ROB3.3.2. Realiza as modificacións necesarias para a optimización do funcionamento | ▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CAA |

| | Robótica. 1º Bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | | ▪ CSIEE |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B3.6. Documentación técnica dun proxecto.<br>▪ B3.7. Comunidades e redes de intercambio en Internet. | ▪ B3.4. Utilizar Internet como fonte de información para o deseño do prototipo e para a resolución de problemas técnicos, respectando os dereitos de autoría. | ▪ ROB3.4.1. Elabora a documentación necesaria para a planificación e construción e programación do prototipo. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ ROB3.4.2. Utiliza a información dispoñible en Internet e respecta os dereitos de autoría. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CAA |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g | ▪ B3.8. Técnicas de difusión de información.<br>▪ B3.9. Tipos de licenzas para compartir documentación e programas. | ▪ B3.5. Difundir o proxecto para poñelo a disposición da comunidade. | ▪ ROB3.5.1. Publica documentación do proxecto realizado. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CD |
| | | | ▪ ROB3.5.2. Selecciona o tipo de licenza adecuado para compartir a información. | ▪ CD<br>▪ CSC |

# Xeografía e Historia de Galicia

## Introdución

A realidade xeográfica e histórica de Galicia, como unha das tres nacionalidades históricas recollidas na Constitución española de 1978, debido a evidentes especificades (xeográficas, históricas, culturais e mais unha lingua de seu), demanda o estudo científico dos aspectos históricos, xeográficos e antropolóxicos de maior transcendencia para coñecer e explicar a evolución e a situación da sociedade galega actual. Daquela, a materia de Xeografía e Historia de Galicia complementa os coñecementos e as competencias que lle achegan ao alumnado as materias de Historia de España, de Historia do Mundo Contemporáneo e de Historia da Arte, polo que debe afondar no coñecemento crítico das especificidades históricas de Galicia en perspectiva comparada co resto do Estado español e co contexto mundial.

A selección de contidos desta materia atende á descrición dos procesos e dos fenómenos máis salientables da conformación xeográfica e histórica de Galicia, cun tratamento en profundidade das transformacións da época contemporánea ata o presente. A dita selección de contidos fomenta, tamén, a aplicación de técnicas de análise de fontes diversas e perspectivas interpretativas específicas das ciencias sociais, así como o estudo do pasado na aula e no contexto escolar, como estratexia de ensino e aprendizaxe que favoreza a comprensión crítica da multicausalidade histórica e das características da Galicia actual. Os referidos contidos organizan cronoloxicamente e tematicamente os aspectos económicos, sociais, político-instucionais e culturais que marcaron o devir histórico de Galicia.

O estudo desta materia debe fomentar a capacidade para contextualizar cronoloxicamente e espacialmente o espazo xeográfico e os feitos e procesos históricos, interrelacionando as variables económicas, políticas, sociais e culturais. Deste xeito, o alumnado será quen de analizar fontes diversas, sintetizando a información e elaborando interpretacións razoadas e multicausais, utilizando para iso tanto o material bibliográfico e as fontes escritas como os medios propios das tecnoloxías da información e da comunicación dixital. A materia desenvolverá, tamén, as competencias chave.

Xa que logo, as competencias chave sociais e cívicas, e de conciencia e expresións culturais reciben un tratamento moi específico relacionado cos contidos que son propios á xeografía e á historia de Galicia. Ademais, as competencias lingüística, dixital e de aprender a aprender están presentes de maneira constante na súa vertente máis instrumental e deben impregnar todo o que sexa posible o desenvolvemento curricular da materia. O traballo competencial matemático e en ciencias e tecnoloxía tratarase moi especialmente a través das ciencias auxiliares da xeografía e da historia, como a estatística ou os métodos numéricos aplicados ás ciencias sociais. A competencia chave de sentido de iniciativa e espírito emprendedor debe estar moi presente nas vertentes máis actitudinais da competencia (saber ser) e na de coñecemento procedemental, potenciando deste xeito no alumnado as actitudes e as capacidades de investigación con criterio científico e metodolóxico, tolerancia, sentido crítico, predisposición ao diálogo, asunción de responsabilidades compartidas, respecto polo patrimonio cultural e ambiental de Galicia, e compromiso coa súa preservación e posta en valor. O tratamento metodolóxico da materia débese axustar ao nivel competencial inicial do alumnado, respectando distintos ritmos e estilos de aprendizaxe que teñan en conta a atención á diversidade. Xeografía e Historia de Galicia permite desenvolver metodoloxías activas, nas que o traballo individual e cooperativo estean permanentemente presentes, con elaboración de diferentes tipos de materiais, integrando de forma especial as TIC.

| | Xeografía e Historia de Galicia. 2º Bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque1. Aspectos metodolóxicos | | | |

| | Xeografía e Historia de Galicia. 2º Bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ p | ▪ B1.1. Localización no tempo e no espazo e contextualización dos procesos, as estruturas e os acontecementos relevantes da xeografía e a historia de Galicia, identificando os elementos que contribuíron a configurar os trazos da paisaxe, das formas de poboamento e da sociedade galega actual:<br>– Coñecemento das ferramentas e dos métodos propios da ciencia xeográfica. Análise de planos, mapas e representacións gráficas. Dominio do concepto de espazo xeográfico.<br>– Método histórico: procura, selección e interpretación da información procedente de diversas fontes primarias e secundarias (textos, mapas, gráficos, imaxes, documentación familiar e persoal, prensa e arquivos locais), así como a fornecida polas tecnoloxías da información e da comunicación, para elaborar explicacións históricas rigorosas por escrito ou oralmente.<br>– Elaboración de traballos sobre procesos e feitos destacados da historia e da xeografía de Galicia, aplicando as técnicas de investigación propias das ciencias sociais no contorno espacial e relacional do alumnado, formulando explicacións en perspectiva comparada cos marcos español, europeo e global. | ▪ B1.1. Coñecer e utilizar adecuadamente as técnicas básicas de investigación en ciencias sociais, como seleccionar a información relevante en fontes diversas primarias (históricas) e secundarias (historiográficas) en bibliotecas, internet, etc., e analizala criticamente no marco das explicacións actuais sobre o pasado colectivo e a conformación da identidade xeográfica e histórica galega, utilizando con rigor o vocabulario específico da materia. | ▪ XHGB1.1.1. Selecciona, analiza e utiliza a información que achega a documentación xeográfica e histórica de diversa natureza, e manexa as tecnoloxías da información e da comunicación. | ▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ XHGB1.1.2. Formula explicacións razoadas e críticas da evolución xeográfica e histórica de Galicia, comunicadas oralmente e por escrito, que demostren as súas capacidades para chegar a sínteses e conclusións relevantes, alcanzando o desenvolvemento da conciencia para a preservación do patrimonio cultural e da paisaxe galega. | ▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CCEC<br>▪ CSC |
| | Bloque 2. O medio físico de Galicia: relevo, clima e formas de hábitat | | | |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ l<br>▪ l | ▪ B2.1. Características físicas do territorio galego: formación do relevo, unidades xeomorfolóxicas, acción erosiva e tipos de solo. | ▪ B.2.1. Distinguir as singularidades do espazo xeográfico galego, situando e analizando as súas unidades de relevo. | ▪ XHGB2.1.1. Identifica e coñece as unidades xeomorfolóxicas de Galicia e coñece a súa evolución xeolóxica. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA |
| ▪ e<br>▪ g<br>▪ n | ▪ B2.2. Variantes climáticas de Galicia e factores que as determinan. | ▪ B.2.2. Distinguir as variantes climáticas galegas, sinalando os elementos e os factores que as conforman | ▪ XHGB2.2.1. Describe e compara as variantes climáticas de Galicia, analizando os factores e os elementos característicos destes a través de mapas de tempo, gráficas climáticas, etc. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CD |
| ▪ b<br>▪ g<br>▪ l<br>▪ p | ▪ B2.3. Rede hidrográfica de Galicia. | ▪ B.2.3. Describir as cuncas fluviais galegas e analizar o aproveitamento destes recursos hídricos. | ▪ XHGB2.3.1. Identifica os recursos hídricos e relaciónaos coas súas posibilidades de aproveitamento sustentable. | ▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CSC |

| | Xeografía e Historia de Galicia. 2º Bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ a<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ p | ▪ B2.4. Paisaxes naturais galegas. | ▪ B.2.4. Describir e reflectir nun mapa as paisaxes naturais de Galicia e relacionar o medio natural coa actividade humana. | ▪ XHGB2.4.1. Localiza no mapa as paisaxes naturais, e identifica e formula os problemas suscitados pola acción humana. | ▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CCEC |
| | Bloque 3. A poboación e os sectores produtivos de Galicia | | | |
| ▪ b<br>▪ c<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B3.1. Fontes e procedementos para o estudo da demografía de Galicia. Evolución histórica e realidade actual:<br>– Distribución territoral da poboación. Desequilibrios entre a costa e o interior.<br>– Movementos naturais de poboación.<br>– Migracións históricas e actuais: razóns estruturais e conxunturais.<br>– Espazo urbano de Galicia. Eixe atlántico. | ▪ B.3.1. Analizar a realidade demográfica galega e a súa evolución histórica, e comprender os factores que a determinan e a cuestión do avellentamento poboacional. Identificar as redes urbanas de Galicia. | ▪ XHGB3.1.1. Identifica e analiza os problemas demográficos e urbanos, coa metodoloxía que lle é propia. | ▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CCEC<br>▪ CSC |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ p | ▪ B3.2. Evolución histórica dos sistemas de explotación agraria, gandeira e forestal en Galicia. Pesca e acuicultura. Política agraria común (PAC). | ▪ B.3.2. Identificar o espazo rural e as actividades do sector primario (agricultura e gandaría). Apreciar a importancia do mar na economía e na sociedade galegas (evolución das técnicas de pesca e industrialización do sector), así como os riscos e as oportunidades da explotación forestal. | ▪ XHGB3.2.1. Identifica e coñece as actividades propias do sector primario, así como a modernización agraria de Galicia experimentada a partir do primeiro terzo do século XX. | ▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ h | ▪ B3.3. Fontes de enerxía e espazo industrial galego. Proceso de industrialización en Galicia. Fortalezas e debilidades dos sectores industriais galegos. | ▪ B.3.3. Recoñecer os factores da industria en Galicia. Describir os eixes de desenvolvemento industrial. Identificar as liñas mestras da problemática industrial galega. | ▪ XHGB3.3.1. Analiza as características do desenvolvemento industrial e comercial en Galicia, e explica os problemas e as expectativas principais de desenvolvemento na actualidade. | ▪ CD<br>▪ CSIEE |
| ▪ m<br>▪ l | ▪ B3.4. Terciarización da economía galega. Influencia no PIB. Análise dos servizos e distribución do territorio. Transportes: eixes de fluxo comercial. Espazos turísticos como realidade e oportunidade de futuro. | ▪ B3.4. Analizar a terciarización da economía galega, utilizando as fontes dispoñibles na rede e na bibliografía. Coñecer as pautas do seu desenvolvemento e os seus sectores. | ▪ XHGB3.4.1. Explica a incidencia do sector de servizos na economía galega, e comenta gráficas e estatísticas que expliquen a articulación do tecido comercial e as súas múltiples interrelacións. | ▪ CSC<br>▪ CSIEE<br>▪ CD |
| | Bloque 4. As raíces históricas de Galicia | | | |

| | Xeografía e Historia de Galicia. 2º Bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ d<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ n<br>▪ p | ▪ B4.1. Prehistoria de Galicia:<br>– Primeiras pegadas do ser humano en Galicia: Paleolítico. Grandes xacementos de Portomaior, Arbo, as Gándaras de Budiño e a cova Eirós en Triacastela. Home de Cro Magnon: depósito de Cova da Valiña en Castroverde.<br>– Megalitismo e Idade dos Metais. Apertura das primeiras relacións atlánticas de intercambio.<br>– Cultura castrexa. Transición definitiva do acampamento á aldea, entendida como o paso dun sistema tradicional, baseado nun réxime económico de modelo itinerante, á plena sedentarización. Progresiva aparición de grandes poboacións como os paradigmáticos de Santa Tegra, Vigo, San Cibrán de Las ou Elviña, cunhas novas concepcións urbanísticas e considerables estruturas defensivas. | ▪ B4.1. Recoñecer e valorar os procesos máis significativos para a formación histórica da identidade de Galicia. Coñecer a cronoloxía dos feitos culturais da prehistoria, as principais estacións arqueolóxicas e as características principais dos achados materiais, e valorar a súa significación documental. | ▪ XHGB4.1.1. Explica as diferenzas entre a economía e a organización social do Paleolítico e o mundo megalítico. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| | | | ▪ XHGB4.1.2. Analiza a evolución da metalurxia e a súa vinculación coas rutas atlánticas de intercambio. | ▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ XHGB4.1.3. Describe a evolución do mundo castrexo e coñece os principais depósitos arqueolóxicos, tanto costeiros como do interior. | ▪ CCL<br>▪ CCEC |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ h<br>▪ o | ▪ B4.2. Incorporación da Fisterra atlántica á civilización romana:<br>– Conquista romana do Noroeste peninsular.<br>– Proceso de romanización: organización administrativa e institucional da Gallaecia; cambios no poboamento e na estrutura social; novos usos económicos; desenvolvemento cultural do Noroeste peninsular. | ▪ B4.2. Explicar a globalidade do fenómeno coñecido como a romanización, os novos usos sociais e económicos, e a articulación viaria do territorio. | ▪ XHGB4.2.1. Explica, con criterios derivados da metodoloxía histórica, o concepto de romanización. | ▪ CCL<br>▪ CCEC |
| ▪ c<br>▪ d<br>▪ e | ▪ B4.3. Reino suevo, avances na cristianización e integración na monarquía visigoda. | ▪ B4.3. Procurar información sobre a monarquía sueva, o seu ámbito territorial e a súa organización, e explicar as circunstancias que a levaron a verse dominada polos visigodos. | ▪ XHGB4.3.1. Resume as características do reino dos suevos canto a organización política, modo de vida, crenzas e polaridade social. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ n<br>▪ o<br>▪ p | ▪ B4.4. Galicia na Idade Media:<br>– Características da sociedade feudal galega; integración no reino astur-leonés; primeira acepción de Galicia como Reino e o seu mantemento honorífico ao longo do Antigo Réxime. Expansión artesanal, comercial e urbana arredor dos camiños de Santiago e das zonas costeiras: Compostela e Pontevedra. Auxe do monacato.<br>– Mudanzas baixomedievais: crise demográfica; economía urbana e vilega: conflitos sociais e guerras irmandiñas; pacificación do territorio e nova administración estendida polos Reis Católicos. | ▪ B4.4. Analizar os fundamentos xeopolíticos da mudante estrutura dos reinos peninsulares en permanente dialéctica con Al-Andalus e o papel representado polo territorio galego. Entender a evolución dos tempos medievais cara ao restablecemento das producións artesanais e os intercambios comerciais, baixo os parámetros dunha sociedade fondamente estamental, valorando a importancia cardinal do camiño de Santiago. | ▪ XHGB4.4.1. Explica a evolución política dos reinos peninsulares e o papel representado polo territorio de Galicia nese proceso. | ▪ CSC<br>▪ CAA |
| | | | ▪ XHGB4.4.2. Comenta a evolución económica da Galicia medieval posta en relación coa súa estrutura social. | ▪ CSC<br>▪ CCL |
| | | | ▪ XHGB4.4.3. Elabora un traballo que explica a transcendencia do camiño de Santiago na Idade Media europea, sinalando os diferentes camiños a Compostela e as principais poboacións que atravesan. | ▪ CCEC<br>▪ CD |
| | Bloque 5. Galicia no Antigo Réxime (séculos XVI a XVIII) | | | |

| | Xeografía e Historia de Galicia. 2º Bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ h | ▪ B5.1. O Reino de Galicia no Antigo Réxime. A integración dunha sociedade tradicional nos presupostos da monarquía hispánica. | ▪ B5.1 Analizar e explicar os cambios estruturais producidos en Galicia durante o Antigo Réxime no contexto peninsular e europeo. | ▪ XHGB5.1. Explica as consecuencias das reformas administrativas implantadas polos Reis Católicos e as características da expansión demográfica e económica dos séculos XVII e XVIII, comparándoas co contexto ibérico e europeo da época. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ g<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ ñ | ▪ B5.2. Éxito dunha sociedade tradicional: demografía galega no Antigo Réxime. | ▪ B5.2. Explicar as peculiaridades do intenso crecemento da demografía galega na Idade Moderna, a pronta superación da crise do século XVII e o forte crecemento experimentado no século XVIII, facendo referencia ao caso específico de Ferrol en relación co establecemento do arsenal e do estaleiro real. | ▪ XHGB5.2.1. Representa gráficas explicativas das tendencias demográficas. | ▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CMCCT |
| ▪ g<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B5.3. Actividades económicas: economía de base agraria; manufacturas artesanais e iniciativas protoindustriais (transformacións nos sectores da curtume, a pesca e a metalurxia); exemplo de Sargadelos; comercio interior e exterior (intercambios con América); establecemento do arsenal de Ferrol. | ▪ B5.3. Analizar a estrutura xeral dun sistema produtivo de Antigo Réxime de base agraria e economía de subsistencia. Explicar as claves de acumulación de capital necesarias para o desenvolvemento comercial e manufactureiro. | ▪ XHGB5.3.1. Elabora traballos sobre o desenvolvemento da economía galega de Antigo Réxime. | ▪ CD<br>▪ CMCCT |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ m | ▪ B5.4. A sociedade galega durante a Idade Moderna: elites rurais (nobreza absentista e fidalguía rendista), campesiñado, diversos sectores do clero, comerciantes, e artesáns e artesás nas vilas e nas cidades. Formas de vida e mentalidades colectivas dos grupos sociais. | ▪ B5.4. Describir as características da sociedade estamental galega do Antigo Réxime. | ▪ XHGB5.4.1. Fai un relato crítico en torno ás estruturas socias na Idade Moderna. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ n<br>▪ p | ▪ B5.5. Institucións políticas do Antigo Réxime; organización do territorio e reformismo borbónico en Galicia: Real Audiencia, Xunta do Reino, corrixidores e intendentes, fábricas e arsenais. Ilustración en Galicia: ensino, ciencia, pensamento e cultura letrada; reflexións de arbitristas e ilustrados. | ▪ B5.5. Describir as principais institucións galegas da Idade Moderna: Xunta do Reino de Galicia, Real Audiencia, Real Intendencia e concellos. | ▪ XHGB5.5.1. Describe as principais institucións da Galicia do Antigo Réxime, as súas funcións e a súa evolución histórica. | ▪ CSC |
| | Bloque 6. Inercias e transformacións: Galicia no tránsito ao liberalismo | | | |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ h | ▪ B6.1. Absolutistas e liberais:<br>– Papel da Igrexa; guerra contra Francia; problema carlista e expansión do liberalismo nas cidades durante o reinado de Fernando VII.<br>– Implantación da nova estrutura político-administrativa e institucional do Estado liberal en Galicia durante o reinado de Isabel II. Provincialismo. | ▪ B6.1. Caracterizar as grandes correntes ideolóxicas e os movementos sociopolíticos que propiciaron a evolución histórica da Galicia contemporánea, desde unha sociedade rexida baixo o predominio dos grupos sociais tradicionais ata o triunfo do liberalismo. | ▪ XHGB6.1.1. Entende os principios ideolóxicos que influíron na evolución da organización política da sociedade galega dos séculos XIX e XX, desde a desmobilización imposta polo clientelismo ata a construción dunha sociedade aberta, inclusiva e participativa. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC |

| | Xeografía e Historia de Galicia. 2º Bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ c<br>▪ l | ▪ B6.2. Difícil tránsito da sociedade e a demografía galega cara á modernidade:<br>– Esgotamento do complexo agrario e crise das manufacturas domésticas na primeira metade do século XIX: desaxustes demográficos e comezos da emigración masiva a América.<br>– Desigual balance do proceso desamortizador.<br>– Permanencias no mundo rural e os cambios lentos nas vilas e cidades: devalar das vellas elites rurais e formación dunha pequena burguesía comercial de orixe foránea. | ▪ B6.2. Describir as dificultades do tránsito dunha economía e unha estrutura demográfica tradicionais cara á modernidade. | ▪ XHGB6.2.1. Describe as dificultades suscitadas polo cambio de paradigma político e social no século XIX galego.<br>▪ XHGB6.2.2. Elabora un repertorio gráfico que reflicta os resultados dos procesos desamortizadores en Galicia. | ▪ CMCTT<br>▪ CD<br>▪ CSC |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ e | ▪ B6.3. Galicia na Restauración: as quendas e o fenómeno do caciquismo. Redes clientelares dos partidos dinásticos como mecanismo de exercicio do poder; organizacións políticas dos novos grupos sociais; mobilización agrarista do campesiñado. | ▪ B6.3. Explicar a arquitectura do proceso político e institucional ideado por Cánovas del Castillo e a súa aplicación en Galicia. Fortalezas e debilidades da quenda pacífica. | ▪ XHGB6.3.1. Describe o funcionamento real do sistema político da Restauración. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |
| | Bloque 7. Galicia no camiño da modernización (1874-1936) | | | |
| ▪ l<br>▪ c | ▪ B7.1. Unha sociedade en cambio:<br>– Evolución demográfica e éxodo ultramarino: características e consecuencias da emigración de retorno.<br>– Auxe da burguesía industrial e comercial; proletarización do campesiñado; desaparición da fidalguía; persoas retornadas da emigración.<br>– Transformacións no sistema agrario galego: mercantilización das pequenas explotacións familiares, privatización dos montes comunais, especialización produtiva, e aplicación dos avances científicos e tecnolóxicos nas primeiras décadas do século XX.<br>– Desenvolvemento industrial e comercial: pesca, sector hidroeléctrico, comunicacións e sistema financeiro; orixes da banca galega. | ▪ B7.1. Describir as características da industrialización, da expansión comercial e da modernización agraria na Galicia do primeiro terzo do século XX, e os conflitos sociopolíticos derivados deses cambios estruturais | ▪ XHGB7.1.1. Describe as peculiaridades da evolución económica da Galicia anterior á Guerra Civil, a importancia dun morno desenvolvemento e as súas consecuencias sociais e políticas. | ▪ CCL<br>▪ CMCTT<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ e | ▪ B7.2. Afundimento do sistema político da Restauración e procura de solucións democráticas. II República e primeiro Estatuto de Autonomía de Galicia.<br>– Evolución política de Galicia desde o Rexionalismo ata a xeración das Irmandades: organizacións políticas; autonomismo; Estatuto de 1936.<br>– Polarización da sociedade galega durante a II República. Primeiras formas de participación feminina | ▪ B7.2. Explicar a evolución política de Galicia durante a II República ata o comezo da Guerra Civil. | ▪ XHGB7.2.1. Diferencia a ideoloxía das forzas políticas de apoio e oposición á II República, e describe as súas razóns e as principais actuacións. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |

| | Xeografía e Historia de Galicia. 2º Bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | en política. | | | |
| | Bloque 8. Galicia durante a Guerra Civil e o Franquismo | | | |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ h | ▪ B8.1. Guerra Civil:<br>– Sublevación militar e papel durante a Guerra Civil e a posguerra.<br>– Posguerra: fame, racionamento e estraperlo; consecuencias económicas e sociais da política autárquica durante o primeiro franquismo. | ▪ B8.1. Analizar a Guerra Civil e coñecer as características esencias da posguerra e a economía autárquica propia do primeiro franquismo. | ▪ XHGB8.1.1. Analiza e explica a multicausalidade dos procesos históricos, a natureza dos réximes políticos e a súa capacidade para institucionalizarse e xerar apoios sociais. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CAA |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ h | ▪ B8.2. Anos do desenvolvemento e tardofranquismo:<br>– Pegada das políticas de desenvolvemento en Galicia: transformacións económicas e sociais; consecuencias dos plans de desenvolvemento en Galicia.<br>– Tardofranquismo: inestabilidade política, apoios e oposición ao réxime. | ▪ B8.2. Diferenciar as características do franquismo na súa evolución no tempo, especificando as transformacións políticas, económicas e sociais que se produciron. | ▪ XHGB8.2.1. Diferencia as etapas do franquismo, as razón para a perpetuación dun sistema e as súas características esenciais. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CSIEE |
| | Bloque 9. Galicia na actualidade | | | |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ d | ▪ B9.1. Realidade galega actual:<br>– Proceso autonómico e consecución do Estatuto no contexto da transición á democracia en España.<br>– Evolución política da Galicia autonómica; construción dunha administración propia desde 1977 á actualidade. | ▪ B9.1. Describir as características do proceso autonómico en Galicia, identificar as características do Estatuto de autonomía no marco da Constitución de 1978 e coñecer as organizacións e os persoeiros que protagonizaron os cambios políticos, económicos, sociais e culturais na Galicia do último cuarto do século XX. | ▪ XHGB9.1. Explica as mudanzas estruturais e o papel dos actores individuais e colectivos na construción dunha sociedade democrática, participativa e comprometida coa preservación da nosa identidade cultural e da riqueza ambiental. | ▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ f<br>▪ p | ▪ B9.2. Integración na Unión Europea e novos retos sociais e económicos:<br>– Proceso da integración na Unión Europea: consecuencias estruturais para os sectores produtivos e para a sociedade galega.<br>– Cambios sociais, económicos e culturais: construción do Estado de benestar e posta en valor dos propios recursos. | ▪ B9.2. Analizar a estrutura e os principios que regulan a organización política e territorial do Estado español en comunidades autónomas, e a importancia do ingreso na Unión Europea, que achegou as condicións de vida da sociedade galega aos niveis de liberdades políticas e benestar da Europa máis desenvolvida. Analizar e describir as dificultades e as oportunidades que se lle presentan na actualidade á sociedade galega. | ▪ XHGB9.2. Analiza e explica o marco institucional e internacional da Galicia actual, valorando a democratización, o desenvolvemento económico e o benestar social alcanzados desde os anos 80 do século pasado. | ▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |